CEDOC
FONS
A. VILADOT

# NOVA GALIZA

BOLETIN QUINCENAL
DOS ESCRITORES GALEGOS
ANTIFEIXISTAS




escolma, limiar, notas de

**Xosé Lois García**

UAB
Biblioteca
i Hemerote
CED

UAB
Biblioteca de Comunicació
i Hemeroteca General
CEDOC

# NOVA GALIZA

BOLETIN QUINCENAL
DOS ESCRITORES GALEGOS ANTIFEIXISTAS

escolma, limiar, notas de
Xosé Lois García

UAB
Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General
CEDOC

EDITA: COLLECTIU DE CULTURA POPULAR
D.L. B-47.423/77
IMPRESO: MUSSOL S.A.
Torrent de les flors, 36
BARCELONA

UAB
Biblioteca de Comunicació
i Hemeroteca General
CEDOC

## LIMIAR

Temos diante nós umha das xoias da literatura galega dos dernadeiros tempos; enteiramente descoñecida, polas circunstancias de silencio e medo distes coarenta años dernadeiros de paréntesis político pra nosa Terra e pro Estado hespañol en xeral. O mais provable é que números de **Nova Galiza**, revista quincenal dos escritores galegos antifeixistas, existan como máiximo en tres lugares, cicais en Madride, Valencia e Barcelona. A revista integramente atopada nun dos rastreos feitos por mín nas bibliotecas de Barcelona, foi sin dúbida un caso insólito, e un verdadeiro exemplo cultural de homes anónimos que agacharon tódala revista agarimosamente na biblioteca pra ceibala das chamas inquisitoras do franquismo que, declararon a guerra a literatura "herexe".

Encol da función que cumple **Nova Galiza** durante o período da guerra civil, compre eiquí facer as seguintes matizaciós por unha banda, declárase republican.. O traverso do séu contido podemos ollar a intención dun entendemento teimosamente frouitoso entre os homes de difrentes idioloxías, imporiso, cabe eiquí destacar as verbas de Castelao:
"Foi neste treito da guerra cando nos, os galegos de tódolos partidos, comezamos a entendernos e a orgaizarnos. Publicábanse na zona leal vários periódicos galegos: "Nova Galiza", "Nueava Galicia", "Galicia Libre", "El Socialista Gallego". Os meus albums de guerra –"Galicia Martir" e "Atila en Galicia"– corrian de man en man" (1).

Istas publicaciós denanteriores a **Nova Galiza** que nos suliña Castelao, parece ser que non eran tan apartidárias como pretendían ser, por diversas motivaciós producto das desfeitas no campo republicán; **Nova Galiza** preséntase como síntesis e reconciliación dos difrentes puntos de vista de homes que procedían dos frentes de Madride e Valencia; pra paliar o partidismo das devanditas publicaciós, nasce **Nova Galiza** –revista onde teñen cabida tódalas opiniós antifeixistas– o 5 de abril de 1937.

Esta publicación está a carrego da Imprente President Macià, perteñecente ó Goberno da Generalitat de Catalunya. Como é sabido, a revista era quincenal, esceuto nos derradeiros meses da sua publicación debido os acontecementos do intre.

A parte téinica corría a cárrego da devandita imprenta que coidou meticulosamente da composición. Isto levávase a cabo na "Avda. 14 de Abril", que mais tarde foi rebautizada co nome de "Avda. del Gmo. Franco", coñecida popularmente por "Diagonal".

O primeiro formato é de 44 x 31 cms durante os números do 1 o 12; a partir do 13 até o 18, as medidas do formato serán de 31 x 21. O número de páxinas e de 4 primeiro e de 10 despois. Esta revista era bilingüe con predominio do galego na primeira etapa e con igualdade na segunda.

Con relación o contido literario úsanse as vellas formas de estilo de fins do XIX utilizando os apóstrofes os vellos galeguistas que colaboran. Ainda que existe un novo estilo que rompe co tradicional, vai xunguido a formas que lle dan vigor e reconcilian o galego das bisbarras nun galego non académico senon xenérico.

Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

Neste contexto antifeixista compre destacar as alternativas e a visión do Partido Galeguista que era o que mais predominio tiña na revista, con artigos tan destacados como a carta a Oliveira Salazar polos diputados Castelao e Suárez Picallo, e tamén os tituados "Aôs patriotas Irlandeses", "Mensaxe de Cataluña" e "As estradas galegas". Estes artigos deixan ben crarificado o esforzo combativo do Partido tanto en demandar axuda como en denunciar sucesos concretísimos.

A redacción da revista contaba cunhos servicios informativos que conectaban con cada frente e cos fuxitivos galegos, que aportaban as informaciós reales dos crimes feixistas en Galicia. Compre destacar que un dos servícios de información titulábase "Loito na nosa Terra", trátase dunha enorme lista que aparece na maioría dos números e dos que nesta escolma non integro ningún xa que danse por mortas persoas que estaban agachadas, como é o caso do escritor lugués Anxel Fole. Isto é suxtificable dado que, o terror feixista sementado pola nosa Terra e que non perdoaba a ningún como ollaremos ó trasverso da presente escolma, foi terriblemente bestial.

No local de redacción creóuse "Solidaridade Galega Antifeixista" que tiña a súa sede na rua do Pino, nº 12 e Fontanella 9 en Barcelona, estaba presidiada per Pedro Longueira e Castelao. Iste orgaismo conectaba dendes Barcelona ca emigración en América, da cal recibía axuda económica e información, facendo de ponte entre a zona republican e Galicia.

**Nova Galiza** contaba cun fato de poetas como Ramón Cabanillas Alvarez (fillo de Ramón Cabanillas Enríquez), Serafín Ferro, Rey Baltar, Pérez Guerra, Blanco-Amor; con articulistas como Félix Muriel, García Paz, Arturo Cuadrado, Suárez Picallo, Otero Espasandín e cos artistas, Colmeiro, Seoane, Ramón Gaya, etc, etc.

Istes homes antifeixistas galegos fixeron realidade por meio das páxinas de **Nova Galiza** que, o Congreso Internacional de Escritores Antifeixistas celebrárase en Barcelona e non se repetise en Madride ou Valencia cosmopolítas do republicanismo naquel intre.

Ó traverso do contido xeral ollamos pra dúas personalidades da literatura contemporanea, os rianxeiros Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Rafael Dieste.

Dieste é o intelectual que millor describe na revista a traxedia da guerra civil en Galicia. A súa literatura fluie sinxela e cunha responsabilidade política que as camadas populares entendian facilmente. Os artigos de resistencia de Rafael Dieste, publicados en **Nova Galiza** son descoñecidos por investigadores como Carballo Calero, que non suliña istes traballos de Dieste nos apuntes que fai del (2), seguramente por carecer da decomentación da revista, i sexa como sexa Rafael Dieste é sin dúbida quen vai mais avencellado á suliñada revista.

Ca presencia de Castelao en Barcelona, o noso Guieiro convírtese no protagonista sinxelo e indiscutible motor da revista. Si en Valencia foi onde publicou os séus albums: "Galicia Martir" e "Atila en Galicia"; é por meio de **Nova Galiza** ondes lles dá maior difusión publicando periódicamente istes dibuxos.

**Nova Galiza** encétase cun artigo de Castelao, "Unha Mais", e péchase con outro do noso patriota, "A voluntade galega" que mais tarde o incorpora a "Sempre en Galiza" (3).

UAB
Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General
CEDOC

Castelao elabora durante a súa presencia en Barcelona un traballo tan doado como é remate do primeiro libro "Sempre en Galiza"que leva data, "Valencia-Barcelona fins de 1937", sendo publicado en **Nova Galiza** artigos diste libro con certas variantes como os tituados. "As tres plagas" (4), "A tres fontes" (5) entre outros.

No nº 6, correspondente ó 1º de xulio de 1937, Castelao publica, "Os novos símbolos da Nova Galiza", Castelao diseñóu un novo escudo que corresponde ós novos tempos, propósito que endexamais púxose en praitica debido o seu anonimato (6). Niste artigo resolve dialecticamente o orixen da bandeira galega e coida como deben ser os símbolos dunha Galicia popular.

Ca fuxida de Castelao dendes Barcelona camiño do exilio en maio de 1938 (7) e cos bombardeos sobor de Barcelona (8), a revista **Nova Galiza** entra unha crisis que rematará pechando a súa publicación. Con ela pérdese un dos puntós vanguardistas de información encol de Galicia e de ensino político e sobor de todo do patriotismo en favor da Nación galega. **Nova Galiza**, pois, foi a revista patriótica que co seu desaparecemento trouxo gran anguria prós galegos antifeixistas.

Co mesmo nome editouse en París outra revista, eisí como unha Editorial que funciona actualmente en Lisboa. Polo tanto, **Nova Galiza** deixou fondales raices nos eidos patrióticos que, novamente convócamos a facer realmente unha NOVA GALIZA lonxe do asoballo e do que oxe é a Galicia dos "bós e xenerosos'.

Xosé Lois García

BARCELONA, 10 de marzal de 1977
(V cabodano do asesinato de Amador e Daniel no Ferrol)

UAB
Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General
CEDOC

# AOS PATRIOTAS IRLANDESES

## MANIFESTO DOS DIPUTADOS GALEGUISTAS

### *VERBAS LIMIARES*

Queremos que chegue a vós a queixa doorida dos fillos de Breogán, patrián do noso fogar e cicais proxenitor da vosa nacionalidade. ¿Non lembrades aos primeiros celtas que desembarcaron na vosa illa? Pois aquêles eran os fillos máis arriscados de Breogán.

Nós somos daquel pobo que foi seguindo a marcha do sol e ficou no fisterre hispánico, detido pol-o «mar tenebroso», frente â inmensidade e o infinido, para crear unha nación e soñar con mundos non descobertos. Nós somos daquel pobo do cabo da terra, que domeñou a bravura das augas salgadas para chegar a Irlanda e fundar alí unha nova patria que fose acorro inexpugnable das esencias da raza. Nós somos daquel pobo místico que deixou no ceo un camiño de estrelas en memoria da súa comunicación cos demáis pobos da Cristiandade, porque nos viveiros que conducían a Sant-Iago de Compostela naceu a grande arte da Europa, pol-a semente que Irlanda depositou nos sulcos labrados por Galiza.

### *AS NOSAS ASPIRACIÓNS*

Con estes tídoos podemos chamarvos irmáns e como irmáns queremos que escoitedes as nosas queixas.

Somos nacionalistas galegos e loitamos pol-a liberdade da nosa patria asoballada. Galiza ten todal-as características dunha nacionalidade, e asistíndonos o dereito a eisixir unha total independencia, non quixemos tronzar os vencellos políticos que dende fai séculos xunguen a nosa terra ao resto da Hespaña, e limitámonos a reclamar garantías legales para o desenrolo natural da nosa cultura. Os nacionalistas galegos loitábamos, pois, contra un sistema — o sistema unitario e centralista que importaron as dinastías estranxeiras dos Austrias e Borbóns — e arelábamos, simplementes, un troque de réxime capaz de devolver Hespaña ao seu ser tradicional. Os nacionalistas galegos queríamos seguir sendo hespañoles e considerábamos o separatismo como un movimento de desesperación que somentes abrazaríamos no caso de que a República non abolise os procedimientos asimilistas da monarquía. Esta actitude valeunos por parte dos monárquicos o alcumo de separatistas que nós aceptamos porque en realidade queríamos vivir arredados da súa falsa concepción da patria.

Galiza con Catalunya i Euzkadi — as tres nacionalidades asoballadas — aspiraban a unha estructuración federativa do Estado que os partidos republicáns propuñaban nos seus programas. Os programas non se compliron ao derrubarse a monarquía, porque ainda pesaban os tópicos da falsa historia de España; pero as Cortes constituintes da República déronnos a posibilidade de conquerir unha autonomía político-administrativa a condición de que a maoría dos Concellos propuxeran un Estatuto e logo fose aprobado en plebiscito popular pol-os dous tercios do corpo electoral. Os diputados nacionalistas de Catalunya, Euzkadi e Galiza, dispois de loitar no Parlamento contra os partidarios do vello sistema, aprobamos a Constitución, e os nosos partidos mantivéronse fieles â nova Lei fundamental do Estado.

Catalunya logrou a súa autonomía en canto se promulgou a Constitución. O Estatuto autonómico de Euzkadi foi aprobado po-las Cortes actuaes. O Estatuto de Galiza presentouse âs Cortes o día 15 de xullo, tres días antes de estalar a guerra civil, dispois de cumplir co máis rigueroso escrupo as condicións que a Constitución eisixe. Das tres nacionalidades somentes Galiza fica sen liberdades e desta vez martirizada por uns verdugos ao serviso do imperialismo estranxeiro.

Velahí un dos motivos que os militares-hespañoles esgrimen para xustificar o seu crime.

### *MOTIVOS DA SUBLEVACIÓN*

Aparte do «motivo patriótico» esgrimen outros dous, igoalmente inxustificados: o motivo económico e o relixioso.



UAB
Biblioteca de Comunicació
i Hemeroteca General
CEDOC

A Patria dos chamados nacionalistas hespañoles é unha abetracción momificada que se recibeu da veciña Franza, e coa súa concepción do Estado reduciron Hespaña â triste condición de potencia sin peso ningún na política internacional. Aferrados ao procedimento das violenzas asimilistas dispoñianse a perder Catalunya, Euzkadi e Galiza como perderon Portugal; en troques a nosa concepción do Estado afincábanse nas realidades hespañolas, nas esperencias históricas e nas posibilidades dunha política nova, rexida po-las máis nidias normas da Democracia popular: réxime de Concello aberto na parroquia rural, plebiscito, iniciativa, referendum e recall, para que o pobo intervinese directamente na dirección da vida pública. Arelábamos que Portugal volvese a nós voluntariamente para formar a Confederación ibérica, e pol-o tanto soñábamos cunha Hespaña meirande.

Os intreses económicos que defenden os nemigos do pobo redúcense a unha cobiza desmedida, a uns privilexos anacrónicos de crase, a un desexo de vivir sen traballos nen cavilacións. Culminou o seu arrebato coa chamada Lei de Reforma Agraria, que era cristianísima e respetuosa para os pequenos propietarios i en xeral para a propiedade que comprise a súa misión social. Galiza, país de pequenos propietarios campesiños e de mariñeiros que traballan ainda en comunidade, concretou no Estatuto, que se ía implantar cando xurdeu a traición militarista, un conxunto de normas xurídicas protectoras da pequena propiedade, considerada como instrumento de traballo; e os partidos integrantes do Frente Popular — sen escepción algunha — apoiaron esas normas en atención â peculiar morfoloxía social i económica de Galiza. Os facciosos cando falan da propiedade que eles din protexer, non se refiren a esta propiedade; refírense â propiedade dos grandes terratenentes semifeudales, escravizadores e fameadores dunha inxente moitedume campesiña en Extremadura, Andalucía e nas Castelas. Esa propiedade contraria a toda idea de xusticia social, contraria â paz civil das sociedades humáns e contraria aos máis enxebres principios da moral cristián, é a que defenden as forzas do traidor Franco. Pasade os ollos pol-a Constitución da República hespañola — causa do erguemento criminal — e ollaredes que obedece a un criterio ainda burgués dos republicáns que para persistir necesitaba o concurso dunha xusticia social inspirada no cristianismo.

A Eirexa católica en Hespaña quería ser dona do Estado e pouco a pouco foise trocando en nemiga do pobo traballador. As sancristías eran centros de conspiración política onde se tramaban todol-os atentados â República liberal e democrática. Os católicos verdadeiramente cristiáns eran considerados como adversarios terribles. Tanto que en Galiza foron fusilados ou asesinados, sen ningún xuicio, centos de católicos demócratas, incruso algún sacerdote, porque protestaron contra o feito inaudito de que a hampa sarracena — os mouros traídos a Galiza po-los traidores — chegaran en ademán de conquista deica as pedras sagras que gardan as cinsas do Apóstolo Sant-Iago, na cibdade augusta de Compostela, a groriosa Xerusalém de Ocidente. E no catolicísimo País Vasco as forzas de Franco asesinaron a moitísimos sacerdotes, porque, avencellados aos sentimentos democráticos do pobo en que exercían o seu sagro ministerio, estaban espritualmente a carón do Governo lexítimo da República e do Goberno autónomo de Euzkadi. Compre decir que a República non fireu os sentimentos relixiosos de ningún cibdadán nen aminguou a liberdade espritual da Eirexa católica. Alí onde a Eirexa estaba compenetrada cos anceios do pobo mereceu o respeto de todos. Abonda decir que en Euzkadi os actos relixiosos revisten hoxe a solemnidade pública dos mellores tempos, que no actual Goberno hai ministros católicos e que moitos sacerdotes loitan â nosa veira.

¿Quén incitou aos militares para que se erguesen contra as leis do Estado e contra o Poder constituído? Os cregos e os terratenentes. As tres forzas que afundiron o pobo hespañol na barbarie, na ignoranza e na miseria — militarismo, clericalismo e feudalismo — pretenden agora salvar a Hespaña da infección comunista!...

Non hai que decir que o pobo hespañol está loitando pol-a liberdade, simplemente pol-a liberdade; pero compre afirmar que, aparte dos móviles inconfesables e sempre egoistas que moveron aos militares a provocar esta guerra civil, eisiste o móvil «patriótico» creado pol-a concesión das autonomías. O temor de que Catalunya, Euzkadi e Galiza disfrutaran de liberdade levou a decir a Calvo Sotelo — cabeza do movimento feixista — que prefería una *España roja a una España rota.*



UAB
Biblioteca de Comunicació
i Hemeroteca General
CEDOC

Creemos que estes antecedentes son indispensables para que os patriotas irlandeses comprendan mellor as nosas queixas.

### *AS NOSAS QUEIXAS A IRLANDA*

As aspiracións autonomistas do pobo galego datan do século pasado e foi Irlanda o espello en que se mirou Galiza. Os nosos poetas románticos, precursores do movimento político, déronlle a Galiza unha concencia racial que nos asemella a vós, pol-o orixe común e pol-o sentido trascendente da vida e da morte. O primeiro home que concretou en doctrina política os sentimentos nacionalistas da nosa Terra era poeta tamén e deixounos esta estrofa que todos repetimos: «¡Como en Irlanda, érguete e anda!» A vosa door repercuteu nos peitos galegos que seguiron, estremecidos de anceio, paso a paso, a gran odisea de Irlanda. A morte exemplar do Alcalde de Cork agoniou o esprito galego e o retrato do voso mártir figura nos fogares galeguistas, como exemplo humán das virtudes da raza. O voso trunfo dounos a ledicia de alentar libremente dispois das angurias pasadas. E a compenetración do noso pobo cos vosos sofrimentos e ledicias está de bulto na obra dos escritores e poetas galegos.

Pois ben; agora somos nós, os celtas da Hespaña, os que sofrimos aldraxes e martirios cando vós xa gozades de liberdade, cando xa podedes presentarvos dinamente no mundo para tomar parte no concerto dos pobos libres. Galiza está en poder dos militares facciosos porque aínda non dispoñiamos d'un Goberno propio e porque as nosas masas campesiñas non tiñan armas para se defenderen. Os facciosos masacraron impuñemente ao noso pobo indefenso. Chegan a varios miles os asesinatos que cometeron. Non somentes asesinan homes; matan e aldraxan mulleres. Os militares facciosos ordean fusilamentos sen prévia formación de causa, como pode verse nos seus periódicos. Os galegos afiliados a partidos do Frente popular — todos autonomistas — morreron indefensos á man dos fascistas, por orde das autoridades ou asesinados por bandas de foraxidos. Para reconstruir o fogar desfeito non-os queda máis que a reserva dos emigrados en América, que suman a quinta parte da nosa poboación total.

Os chamados «nacionalistas» hespañoles asesinaron a escritores, poetas, pintores, xornalistas, profesores, escolantes, estudantes, funcionarios públicos, obreiros especializados, peritos e técnicos nos problemas agropecuarios. Eran estes nosos mártires autísimo expoñente da renascencia de Galiza, orgulo e groria da espritualidade da nosa estirpe céltiga. Antre eles contábanse os traductores á nosa lingua dos poemas de Yeats e James Joyce.

Pois ben, irmáns de Irlanda: Sabemos que un sector de opinión do voso país, manifestase en favor dos imperialistas hespañoles, en favor dos que queren conservar unha Hespaña feudal, escravizadora da individualidade humán, sometedora das vellas nacionalidades ibéricas e pol-o tanto da nosa Galiza celta. Comprobamos, con íntima door, que â veira da pagania do nazismo alemán, que â veira dos mouros mercenarios e dos hampóns do Tercio, violadores de todas as leis humáns e divinas, traidores a todal-as Patrias, hai fillos de Irlanda loitando contra nós, contra o Goberno lexítimo da República, representante do pobo hespañol, ou mellor ainda — porque esa é a súa sinificación — representante dos pobos hispánicos. Aos galegos nacionalistas dóinos que algúns compatriotas vosos esquezan as puras tradicións de loita pol-a liberdade, que foron sempre a mellor gala do pobo irlandês. Esta defección somentes pode esplicarse pol-o descoñecimento da verdadeira sinificación da guerra civil hespañola, provocada por uns militares imperialistas sen máis lei que o'seu odio á liberdade dos homes e dos pobos.

Nós, deputados de Galiza no Parlamento da República hespañola, eleitos libre e clamorosamente pol-o noso pobo; fundadores do «Partido galeguista»; membros das institucións de cultura que esaltan as máis puras esencias da raza común; seguidores devotos i emocionados das vosas loitas pol-a liberdade, dirixímo-vos estas verbas que queren ser queixa e chamamento.

A queixa fica xa espresada. O chamamento é este:

### *IRMÁNS IRLANDESES*

Ningún irlandés leal a súa Patria pode axudar, nen dentro nen fora dos seus lindeiros, aos imperialistas arrasadores das pe-

UAB Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

unha leira que da sen sementeira nin traballo, eran eses — os ermos e desirigados — os que se enfeixaban «patrióticamente» baixo un cetro ou baixo un espadón. Pero Galiza estaba lonxe d'esas uniôns e ollaba unhas veces con receio, outras indeferente, moi adentrada sempre na sua esencial democracia milenaria de vivos e mortos, o carnaval político do vello réxime.

E cando vea a República non houbo talvez en ningures mais alborosada fe que na nosa terra. En toda a Hespaña despídense â monarquía como ao carnaval: cun «enterro da sardiña». E alá na nosa terra os labregos rían como nenos, tomaban una cunca de mais, îan os mais vellos a pañcar pol-os camiños con tanta bulla de esperanza como si tivesen moitos anos por diante. Berrouse «viva a República» até o sumer da vos que xa non pode mais. E comenzouse a crer na política — na boa, que ten en conta a vos dos mortos, pero que non os fai votar pol-o cacique.

¿Qué se agardaba? Era a tradición verdadeira saindo ao encontro do porvir, o pai que xa non ten mais remedio que fiar do fillo. E berraban os dous — un de par do outro como irmáns dun tempo — os mesmos vivas.

Non vos deixedes engañar pol-os anacos que permitiron aos feixistas o se impoñeren transitoriamente en Galiza. Por debaixo está un pobo que nada ten que ver con esa codia.

DA GALIZA MÁRTIR

por Castelao




—Así aprenderán a non ter ideas



UAB Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

**DA GALIZA MARTIR** por Castelao




Non enterran cadavres : enterran semente

UAB
Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General

revolta. E V. fechou as portas, sempre abertas, da nosa República, aos seus propios amigos que logo renderán contas ante a xustiza inexorable do pobo portugués.

Sabe V. que na Galiza — ¿ainda irmán de Portugal? — cométéronse moitos miles de asesiñatos. Masacrouse o mellor e máis escolhe da nosa mocedade. Fusiláronse a centos de mulleres. Matáronse a rapaces cheos de vida en presencia de seus pais. As estradas apareceron diariamente aveladas de cadavres desfeitos que non podían identificarse. Sacábanse da cadea os presos inocentes para seren asesiñados pol-a noite. As autoridades ordeaban fusilamentos, sen previa formación de causa. En fin; abonda decir que era un honor ser encarcerado e fusilado «oficialmente». Sabe V. que falamos en tempo pasado; pero que ainda hoxe sigue a massacre dos cidadáns galegos. Pol-os xornaes da nosa Terra — sometidos ao control militarista — verá V. a insaciable criminalidade dos seus aliados e amigos. Sabe V. que para reconstruir o noso lugar desfeito non-os queda máis que a reserva dos galegos que andan pol-o mundo. Pois ben; estes galegos vengarán aos nosos mártires e crearán unha nova Galiza que xa non mirará nunca en louvor de Portugal. ¿Cré V. que os bons galegos — exilados para sempre — poden vivir sen maldecilo? Pois nós decimolle que V. causou o loito de moitas familias galegas por non abrir xenerosamente as portas de Portugal. E decimolle máis: V. será para os supervivientes de Galiza algo menos que un asesiño; será un cómplice de asesiños.

Alfonso R. Castelao
Ramón Suárez Picallo

# "CIVILES" E FALANXISTAS

Os «civiles» foron sempre en Galiza servos furiosos do cacique. O cacique tiña as leis, o concello, os carr da sua horta e, pol-as estradas, os civiles: uns homes adustos, con mostacho de xesta e cara de cartón, aos que era obrigatorio dal-as boas noites.

Eran palurdos, ignorantes, monárquicos, e tiñan a man irreverente, afrentosa, sempre do revés, tesa no anceio de dar labazadas. Daban tamén patadas. E era para eles unha gran festa ter a un home preso e, na escuridade, enegrecerlle o corpo a culatazos. Facer chiar a un home, convertilo n'unha alimaña que berra xa como unha fera ou como un neno, confundilo co-a sombra, reducilo a un farrapo que ainda palpita e treme n'un curruncho, desbaratar o orgulo simple e natural do home, demostrándolle a pano «que non é home» : velahí o anceio que lucía ducote, como un brilo alcohólico, nos ollos pequerrechos e adentrados dos «civiles». (Os poucos que non foxen así eran ollados con receio pol-os outros).

Xogaban ao xulepe na trastobotica : ergo, eran señores. E pódese decir sen mofa, porque os «señores» eran tan inciviles como eles. Todo verdadeiro señorío e toda civilidade eran mirados de reollo por uns e outros.

Todo isto era sabido ; pero o pobo inxel cando ve que unha cara se vira amixosa, esquence moitos anos de esperencia. E así, en Galiza, deu creto aos «civiles». Un día repicaron as campás, correron os pregóns. En moitas aldeas e pequenas vilas foron así chamados todol-os veciños, como cando arde unha casa. No adro, no consistorio, déronlles a nova d'unha revolta militar que s'agardaba d'un intre para outro. «¡Os civiles están co pobo! Entregade todal-as armas no cuartel, grandes ou pequenas, para xuntalas aos fusiles e distribuilas antre a xente moza disposta a se encadrar nas milicias populares que se están formando.» Todol-os que tiñan armas correron a entregalas e os mozos alistáronse. Os civiles surrían co-isa cara de pai que tanto engaña ao pobo. Surrían e tomaban nota. «¡Non deixe de m'apuntar a min!»

¡Todal-as armas n'as mans d'eles! ¡As armas e os nomes dos que querían dalas ou facer uso d'elas para defender a República!

Poucos días despois, escomenzou a cundir o espanto... Aqueles homes eran fusilados... ¿Cómo pode ser? ¡Un, outro, outro!... Os civiles cumprían co seu «deber». E non-o cumprían de calquera xeito, senón co seu arte de sempre, tocendo a boca desportiva, sacando aos homes da casa a rempuxóns, demostrando aos homes — como sempre — que «non eran homes».

•

O «civil» era moitas veces unha persoa de pouco caletre, que en sabendo o reglamento e as catro reglas, falaba cos señoritos da «incultura» do pobo e chegaba a supor que a Hespaña — descontando os amos — era un país salvaxe. No fondo era un palurdo renegado, que non quería confundirse co-a xente homilde. E cando a xente homilde mostraba o pulo de se redimir, isto, ao guardia, non lle cabía na cabeza. «¡Cómo! ¿Este quer ser un home? ¿Quer ser máis que min, que sei o reglamento? ¡Hai que baixarlle os fumos!» Torcía entón a cara, para falar de lado co señorito, e decíalle : «Está visto. Non hai cultura».

O señorito e o guardia estaban d'acordo n'eso de que non había cultura ; pero o guardia era máis comprensivo para as falcatruadas do señorito.

Agora o señorito das falcatruadas, e os catro satélites que nunca lle faltaban, fixéronse falanxistas. Palican e beben na taberna en compaña do «civil», que se derrete de vanidade. Beben a reo, dándolle voltas ao botón da radio para coller os discursos de Queipo de Llano, e cando se fartan de ademiral-os seus orneos, comentan en andaluz : «¡Qué tío salao!»



UAB Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General

# O CRIME PETA NAS PORTAS

Altas horas da noite. Os falanxistas e os civiles saen da taberna. Dan voltas pol-a vila, abesullando a través das regandixas que deitan luz, ouvindo o alento d'unha esquina para escoitar algún rumor... Siguen. Ialan pol-o baixo e rematan petando a unha porta. Alí onde petan, petou o crime.

Todal-as noites...

Piden a corda da vaca.

Da sombra do alpendre saen á luz da lua c'un home atado co-a corda da vaca. Dend'as casas en noite, ouven que xeme unha muller, pouco que ainda resisten, un taco desvergoñante e fatos.

Despois chega de lonxe un berro longo. Non se sabe si de home, de besta ou d'animal ferido.

Todal-as noites... Na aldea e nas vilas.

Pol-a mañanciña vése na cadia d'un arbre o sinal da corda, e o sangue ao pe.

•

Petan a unha porta. Van en procura d'un mozo, disque para declarar... Pasa o día, pasa a noite. O mozo non torna. Unha mañán corre a voce: hai moitos mortos n'un camiño. Un d'eles é aquel que saíu para declarar.

O crime señorea. Ten os ollos de vidro. Espía, non vé. Persigue rumores no ar noitébrego e bisbiseos delatores, pero non el nin entende a voce human. Coa forza, bebe grosseiramente, envilecendo o noso viño. E sai despois con saternia de fera sabendo o lugar o seu.

•

Nos recitórios da aldea xúntanse as mulleres nos domingos. Case que non falan. Choran. Non choran pol-os parentes. Choran pol-os mortos de todos, pol-a aldea aldraxada.

•

E o crime sigue a petar nas portas. Na cidade, nas vilas, nas aldeas. Os falanxistas son milleiros. En vaute hai como unha lepra a ferver de vermes.

Ollada dende o ceo verase á nosa terra como unha luz desconocida, maldita, disfrazada con lamparóns d'unha espantosa maldeita.

Todol-os lurazos, os que non tiñan espriu crear nin anseio ningún de traballar e estaban como encantos na nosa terra, xa teñen agora que facer: asesiñar. ¿A quen? En averiguala pasan o tempo, e sempre se pode topar motivo cando se quer. Primeiro mátase a un, despois ao que protesta desa morte, logo aos que queren socorrer aos que ficaron orfos. Tamén se mata aos que non queren matar a seus irmáns. A roda non ten fin...

### ESPIONAXE

Toda Galiza abomina dos falanxistas. E eles, que o saben, estenden até o absurdo o espionaxe. Si dous homes están a falar, achéganse os falanxistas e requiren a cada un por separado a confesión do que falaban. Por íntima que fose a conversa hai que confidenciala, e si non cadran por enteiro as declaraciós, escomenza o martirio.

Non poden as mulleres falar na fonte. Non poden palicar no río. Poderían, sí, falar mentindo... Pero non minten, e calan, porque alí preto andan os espías, os falanxistas que agardan pretexto para o seu «traballo» noitébrego. Non fai falla pregoar a verdade. Abonda lastimarse das mortes para ser tido por un sublevado que é mester suprimir pra ben da patria. (O certo é que toda Galiza está sublevada, e que habería que suprimila enteira para que poida estar tranquia a «patria» feixista.)

Xa ben saben os feixistas que non pisan chan firme. Saben que até o ar é seu enemigo na nosa terra. Síntense ameazados pol-as verbas, pero tamén pol-o silenzo... Non lles abondaría virar mudos a todos. Terían que pechar os ollos de todos, porque os ollos falan. ¡E xa os van pechando!...

As súas mans vanse impregnando do sangue inocente... E chegará día en que non poderán lavalas, porque hai sangue que non sai, por moito que se fregue.

### O DESCOÑECIDO

— Irmán, ven comigo.

Era aquela muller que hai moitos días que non sabe do seu home, e acaba de ouvir que hai un morto n'un camiño.

Alá van os dous — ela e seu irmán —, perguntando a quen pasa.

— Máis alá, máis alá...

Chegan. A muller quer debruzarse, c'un xaloucu d'espanto, sobre aquel morto que é seu home. Pero detrás d'un arbre alguén espía... A muller fica inmovel. Seu irmán mira ao morto como a un descoñecido...

O que espiaba, adiántase, e inquire estricando o pescozo:

— ¿Coñecédelo?

Un pequeno silenzo. A muller pensa en seu irmán, que está alí ao pe d'ela, calado... Responde:

— Non, non sabemos quen é.

E siguen os dous o camiño...

### AQUEL QUE MORRIA COA SEDE...

Carretera de Castela, máis alá de Betanzos. En chegando â costa do Sal mulleres que ían ao mercado viron â veira do camiño unha morea de mortos. Dáballes na face un sol furioso e andaban os abellóns a zoumar...

Había un, moi ferido, que non estaba morto ainda, e medio se ergueu, según ven que chegaban as mulleres. Tiña a cara en lume e non se podía mover para s'amparar do sol que o queimaba. Adiviñaron elas, e perguntáronlle se quería que o levasen â sombra. Afirmou él c'un xesto e indicou por señas que agoniaba coa sede.

Levárono â sombra as mulleres, e foron despois correndo a unha fontenla mouteda para lle traguer auga.

Cando volturon, os falanxistas estaban enterrando a todos. Aquel da sede estaba xa case cuberto de terra... Foron caendo as paletadas até o fin. Enterrábano vivo.

Nas mans d'unha muller tremelería unha c u n c a d'auga fresca.

### ¡¡SETE!!...

Os falanxistas queren facer o seu «traballo» tranquilos. Fuxen do risco e da inquedanza. Despois d'un desastre no frente d'Asturias, o gobernador faccioso da Cruña convocou a todol-os falanxistas da provinza e arengounos para que fosen a reparal-as perdas do exército, cubríndoas con voluntarios de Falanxe. Houbo vivas, saúdos â romana e gran testura pol-a rúa. Os milleiros de bravos metéronse despois na casa, e nos seguintes días fírónse presentando os voluntarios. Un... dous... tres... Chegaron a cubriren un número digno de Falanxe: ¡sete!

### O DERRADEIRO ALDRAXE

No derradeiro número d'este boletín recollíase a noticia das represalias feixistas c o n t r a os obreiros do Ferrol que quixeron socorrer con parte do seu xornal âs familias dos parados.

Agora sabemos tamén que non se pode socorrer âs familias orfas dos fusilados, moitas das cales fican na miseria. Quen o intente

UAB Servei de Biblioteques · Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

# ROMANCE DE LOITA

**Aos loitadores galegos** — por R. Cabanillas

O sangue de Galicia
froreceu n-unha rosa.

Esa froe é a milicia
que n-esta nova aurora
abrease ó sol e ó orballo
tinguida de luz roxa.

Seus fillos son os rexos
lexionarios de outrora.
Son os bos lexionarios
que loitaron con gloria,
no cume do Medulio
da forte terra nosa,
contra as lexións de ferro
da avasallante Roma.
Como no tempo antergo
tamén temos agora
diante de nós os fillos
da sanguiñenta loba.
Mais nos varudos peitos
arde a invencibre forza
que forxóu as bruantes
vegadas trunfadoras.

¡A Libertade nunca
perdéu ningunha loita!
Oxe, como denantes,
o cálamo da Historia
rexistrará nas suas
aurilucentes follas
os alteirosos feitos,
as fazañas heroicas
que as vosas mans de ferro,
do traballo callosas,
están labrando a pico
nas terras hespañolas.

¡Milicianos! ¡Vai-n-elo,
debátese na loita,
o camiño grorioso
da Humanidade nova,
a fartura e ledicia
de searas e chouzas,
o prestixio da raza,
e, mais que todo, a honra
da Galicia que un día
nos arrolóu mimosa!

¡Milicianos galegos
xa cubertos de groria!
¡A Libertade nunca
perdéu ningunha loita!

¡Milicianos galegos...!
¡Adiante a Terra nosa!

# A TRAXEDIA DE GALIZA

*«Mirador», o mais expresivo xornal de literatura, arte e política, que se a luz aos en día en Barcelona, tamén expoñente do esprito e da fala catalâns, pubrica no seu derradeiro número un traballo xustísimo sobre Galiza que cridamos noso deber traducir á nosa lingua e brindalo aos lectores deste boletín:*

Galiza, que foi sempre a rexión mais infortunada da Hespaña, é agora a zona onde a traxedia acarreada pol-o feixismo adequire mais bulto.

C'unha industria en período embrionario, Galiza vivía e mantiñase da sua agricultura, do gando, da pesca e, moi principalmente, do diñeiro que, a cadanseña familia, mandaban os milleiros de galegos obrigados a cruzaren o Atlántico en procura d'un salario que lles negaba a patria de nacencia.

Interdita pol-os gobernos americans a emigración do diñeiro, privouse ás mais das familias galegas d'unha das suas fontes de ingreso mais poderosas, e ficaron d'aquela limitados os seus beneficios ao rendimento das terras, do gando e do mar.

Grande foi, sua volta, o quebranto que fixo a determinación dos estados americans á economía galega. Nonstante foi peor ainda o perxuizo que lle causou o poder central coa sua absurda política arancelaria de privilexio para outras rexións, co seu réxime de continxentes e, en fin, coa aprobación do tan discutido trato co Uruguay. A política arancelaria firéu de morte á nacente industria galega; o réxime de continxentes desvalorou en grande escala os productos do agro e, mais que nada, a pesca; e a aprobación d'aquel tratado dou o golpe de gracia á economía galega ao depreciar-a sua gândería.

Sen auxilio d'América, sen valor os productos agrícolas, a baixo precio o peixe e o gando, víronse os labradores e mariñeiros galegos, que son os mais dos habitantes d'aquela terra, cinguidos de mans baixo o capricho dos caciques. Caciques que, sempre alertados, aproveitaron a ocasión que se lles ofrecía coa inconcebible política do bienio negro para trafegar usureiramente coa probeza e, de camiño, esplotala politicamente.

Esta e non outra era a verdadeira situación de Galiza ao s'iniciar o ano de 1936. Sobre este panorama económico e político naceu o Frente Popular.

Nestas circunstancias era difícil a actuación do Frente Popular e moi poucos críam no seu trunfo. Nonstante, os que coñecían aos labradores, mariñeiros, pequenos industriales e xente moza de Galiza, fiaban cegamente na victoria electoral das esquerdas, sabendo que, ademáis de anticaciquistas, eran todos eles de esquerda por temperamento, rebeldes por natureza.

O 16 de febreiro púxose a proba o republicanismo de Galiza, e neste día inesquencible foi cando se pudo ollar o xurdio espectáculo que ofrecían mariñeiros, labradores, obreiros, pequenos comerciantes e mocedade, unidos baixo a bandeira do Frente Popular; enfrontábanse contra os caciques e autoridades ao servizo destes, e derrotábanos nas furnas electorales para dar o trunfo á maioría dos candidatos de esquerda. D'aquela ficou ben proclamado diante da Hespaña e de todo o mundo que Galiza era, avan de todo e por enriba de todo, republicana.

E velahí: a rexión que en decortidas batallas electorales proclamou o seu esquerdismo no mes de febreiro de 1935, confirmandoo despois nas eleccións de compromisarios en abril, e poñendo a rública final no mes de xunio co motivo do plebiscito galego, vense a topar agora en poder do feixismo...



Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

¿Deixara Galiza de ser ideolóxicamente repubricana? Non. Os galegos son arestora mais repubricans que antes, mais antifeixistas que endexamais.

As esquerdas galegas foron sorpresas o 19 de xulio pol-a traizón de dez mil homes armados e perfeitamente organizados — total composto pol-as forzas de infantería, artillería, mariña, seguridade e guarda civil — que se lanzaron contra un pobo disperso e sen armas. Pobo que, ainda sen tempo de se armar axeitadamente, non hesitou en faguer cara aos exércitos desleales, sen outras armas que as poucas pistolas e escopetas xuntadas a toda presa pol-os seus dirixentes, e que loitou deica ser derrotado pol-a superioridade das armas treidoras.

As esquerdas galegas fixeron d'aquela pol-a República a soia cousa que neses días podían faguer: loitar contra un exército disciplinado e perfeitamente dotado, até seren desfeitas pol-a forza. A Hestoria, no seu día, fará xustiza aos que foron valentes e heroicos defensores da Coruña, Pontevedra, Ourens, Ferrol; das vilas de Noya, Tuy, Lavadores... Seguiron despois, e siguen ainda hoxe, faguendo a favor da nosa causa o mais que poden na sua situación; fixeron levantes contra os invasores, como os que failaron na Coruña, O Ferrol, Vigo e Pontevedra; inquedan a retaguarda enemiga fomentando e protexendo as patrullas armadas das montañas; seis mil galegos loitan ao lado dos «gudaris» bascos, uns catro mil nas filas dos mineiros asturianos, moitos milleiros nos exércitos leales de Madrí, Aragón, o Sur, e nos baixeles de guerra e de abastecimento. E todol-os días pasanse ás nosas filas, cando poden, todol-os galegos que o feixismo pol-o terror obriga a se alistar nas suas.

Si Galiza era repubricana o 19 de xulio de 1936, eo agora en plena opresión feixista, moito mais ainda; somente pol-o terror pode un pobo que ten d'abondo demostrado o seu odio ao cacique, velo agora convertido en dono e señor da sua sorte. Somente pol-o salvaxismo que impera sobre aquela terra vense os galegos obrigados a consentir que o froito do seu traballo se lles apañe para contribuir ao sostimento d'unha guerra que só lles da loito e dór.

Galiza odia e repudia o feixismo. Agora mais que nunca, pois ali coñéceno e teñen que soportalo. A fértil terra galega foi sementada no transcurso da guerra con miles de cadáveres, xente de izquerda que a barbarie feixista inconscentemente convirteu en viva sémola revolucionaria.

•

¡Probe Galiza! O fascio, póndote en mans de quen non che coñece, nin che sinte, nin che estima, quere envilecer; privouche de brazos útiles, deixouche na miseria e convirteu os teus dóces e belidos ríos en enxurradas de sangue.

As esquerdas galegas, derrotadas, pero non vencidas, cun pulo que a mesma barbarie feixista fai medrar, triunfarán ao remate definitivamente, e co seu trunfo Galiza será libre e próspera.

# AO PASO DO TEMPO

### Non son os mesmos

Hespaña estase virando mais seria. Ou está revelando a sua fonda seriedade. Non perderá ledicia. Gananaa. Será mais leda, mais irmá, mais xudariosa na creación e no traballo. E todol-os que queiran seguir vivindo do engano, os que cóiden que han de voltar aquelas mascaradas en que xogaron, por mais argallantes, mais lucinte papel, poden ir xa renunciando — ou si lles queda honestidade —, poñéndose no seu sitio.

Avecíñase unha gran «liquidación». Non-a presinten os que sempre viviron da intriga e matinan que o xogo será o mesmo, «porque todo — din — no se troca n'un día».

Pero hai días que fan por anos e anos que fan por séculos. ¿Lembrades, por exemplo, o Madrí borbónico? ¿Lembrades despois o outro, no que ainda quedaban cadáveres de pé, a botar o seu discurso de sempre, restaurado con verbas de novo cuño? Pois eses Madriles, e outros mais achegados no tempo do almanaque, están xa, no tempo vivo, tan lonxe!...

•

Tal vez en algúns ambentes non se vexa o inmenso virase que está dando na Hespaña a historia de Europa, porque non é facil resolver a magnitude do que non pasa pol-o propio esprito...

Si estades desalentados pol-os escépticos e pol-os calculistas, ide a onde se loita, e veredes unha tan grande sanidade e fortaleza, un misterio tan vigoroso a mover miles de vontades, que vos enchereides de fé e de respeto e — esquencendo o «pobo» dos demagogos e dos que non o definían mais que como número — teredes que decir: os pobos eisisten.

Os calculistas fracasarán no seu cálculo porque esquencen — esquénceno sempre — que o home faise e trasfigúrase faguendo a historia... ou sufríndoa. Non contan co home revelado a sí mesmo no esforzo entusiasta ou na traxedia. Botan todol-os contas, menos esa. E chegan despois, dándose moita presa, con infinito retraso.

•

Faguer a historia... ou sufrila. ¡A nosa terra tocoulle sufrila! ¡Ben sofre Galiza! Pero, non se esquenza, renace do sofrimento. Pensar en ela con seriedade é, denantes que nada, saber que os homes con que alí toparedes, xa non son os mesmos...

### ¡Ainda!

Trinta e dous mortos foron descobertos por camiñantes preto de Tomiño. A noticia chéganos así, enguida, sen detalles, tal como pode unha noticia d'estas ser deslizada en cartas, e entre vaguedades, para que poida escorregar das mans do censor feixista.

A primeira pregunta que xurde espontánea ao se enterar, é esta... ¿Ainda? Sí, ainda! Siguen os fusilamentos, chégalle o turno a xentes insospeitadas, o circo vai medrando e abrangue no seu radio nos mais inocentes.

Xa talvez non tardaremos en ouvir esta resposta — ao inquerir a causa d'unha execución... «¿Porqué? Pois por non ser feixista.»

### A empola de xabón

Coa forte e grave realidade que

Servei de Biblioteques · Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

oxe vivimos na Hespaña, fai choqueiro contraste a leria formalista e fuxinte de Xinebra.

Hai quen coida, por esto, que nos topamos desamparados, presos na rede da intriga prepotente.

No ánimo de moitos hespañoles vai xermolando a creenza de que nada val o albedrío d'un pobo para se crear o seu destino. A nosa hestoria — pensan, quizais — non-a fagoemos nós; dánnola feita d'afora... ¿De onde? ¿De Xinebra?

Para saíren ao paso da comicidade que oxe tería semellante conclusión, os desalentados esguellan a resposta e nomean outras cidades. De todol-os xeitos — din — non somos donos de nós. A Hespaña é un taboeiro d'axedrez onde se xoga a partida dos fortes intereses d'outros países.

(Non se ten no pensamento, ao dicir esto, mais que os intereses da plutocracia d'outros países... Mais, d'aquela, hai que recoñecer que o taboeiro non é Hespaña, senón o planeta. E si esto é verdade, non hai que esquencer que é moi arriscado xogar un axedrez d'esa magnitude, cando as pezas, ademais, non son de madeira.)

Agora ofrecemos á reflexión dos desalentados un feito que poden comprobar cando queiran: Alí onde se traballa sen preguiza, onde se loita xenerosamente, onde se sofre con plea dignidade, o tartufismo de tantas comisiöns e os arteiros amaños dos plutócratas, vense como unha brétema lonxana, que un vento impetuoso e limpo ha de barrer.

Si algunha forza criadora move os grandes feitos, síntese latexar preto do pobo heroico. É esta unha verdade oxe mais viva e mais puxante ainda que nos primeiros tempos da revolución hespañola. É unha verdade que se vé medrar.

E agora tende en conta este outro feito: tamén medra a mentira. Endexamais estivo tan tripuda. Pero no esquenzades que a sorte da mentira é d'estoupar si chega a certo límite, como as empolas de xabón. ¡E xa non pode medrar mais!

No linde da liberdade

# Unha morte lanzal

Ven nos xornales a noticia, enxoita e breve.

Na madrugada do 23 d'Abril foron sacados d'un bou, disposto para zarpar de Vigo, os cadáveres de nove homes e unha muller moza.

Nove estaban feridos no seu esquerdo. Un, o que debeu matar aos outros por acordo de todos, suicidábase e tiña a ferida no seu dereito.

Aqueles nove homes e aquela moza, casada de pouco tempo con un d-eles, tiñanse ocultado no bou para fuxir — despois de moitos meses de esquivaren a teimosa persecución fascista. Eran de distintos partidos. Foron delatados — din os xornales — por un tripulante. Os fascistas arrimaron un barco alxibe do porto e asolagaron a bodega do bou. Primeiro con auga fría. Despois con auga fervente. Os acosados non saían... Ouvíronse uns disparos...

O mozo recén casado chamábase Nogueira. Dos outros nomes sóbense dous que alongaron o noso estremecemento, e acurtaron de súpito a distanza — xa brevísima — entre o noso esprito i-a traxedia: Manuel Rodríguez Castelao; José Losada Castelao; curmáns d'Alonso... — dous dos rapaces mais puros da nosa terra.

D'aquela foi cando os nosos ollos, abertos ao recordo, recibiron n'un lóstrego prolongado toda a presenza d'aquel amañecer. Esquencemos a morte de todos aqueles homes, d'aquela moza, e todo nos pareceu ilusorio menos o latexo de ledicia, cara á liberdade, que sentían aquela noite, mentras o mar, vindo de lonxe, acariñaba o barco. E todo o soño d'eles realizouse no noso corazón. Si, pasaban o mar, e á volta d'unha esquina d'unha cidá das nosas, viñan ao noso encontro cos brazos abertos... Moito tempo, ainda sen querer saber que xa sabiamos a morte, estivemos a repetir os nomes coñecidos, revivindo a mesma infancia que viviron con nós — e que tan nosa era como d'eles... Así estivemos, a rescatalos, dándolles paso pol-a nosa lembranza cara á eternidade... E vimos que pasaban, que xa non sairían ledamente ao noso encontro en calquera cidade. E filtrouse en nós, como un albor de lua, o degoro d'ir con eles, e con todol-os homes xenerosos da nosa terra que xa van alí...

Mais algo enche de luz a nosa door, e fai xurdir no medio d'ela un grito de orgulo, case un aturuxo: ¡Non se entregaron ás poutas fascistas! Non se entregaron, viron nos ollos dos outros unha diafanidade absoluta e entregáronse á morte virxen en compaña, como ao ceo da noite. Cada ferida unha estrela. E hai que admirar ao executor, ao que quedou para o remate, sen que vacilase a fé — d'el e dos outros — na sua sagra firmeza. ¿Cando foron mais irmáns nove homes e unha muller?

Esa fraternidade no lindeiro decisivo, ese acordo perfecto, esa inmensa seriedade do voso esprito n'ese intre, fai para sempre lucinte i exemplar a vosa morte. ¡Si, compañeiros, vindes, agora, mais que nunca, ao noso encontro!

FELIX MURIEL

## ¡Adiante!

Xa relace a alborada
d-os altaneiros feitos,
espertárona os peitos
pra loitar e vencer.

Sosterá a libertade
o noso brazo forte.
¡Adiante! ¡Nin a morte
nos poderá deter!

¡En pé, traballadores!
¡Adiante os da milicia!
¡Adiante os forxadores
d-unha nova Galicia!

¡Adiante! ¡Libertade
será o berro de guerra,
co corazón na terra
e na man o fusil!

As fouces afiadas
das vellas rebeldías,
dirán nos novos días
noso esforzo baril!

¡En pé, traballadores!
¡Adiante os da milicia!
¡Adiante os forxadores
d-unha nova Galicia!

R. Cabanillas

UAB Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

Ao paso do tempo

## A paz... e o dereito

A traxedia de Euzkadi, culminando en Bilbao, foi a espantosa e sinistra demostración de algo que moitas xentes parescían ainda inorar ou poñer en dúbida. «Algo haberá de certo, mais non será tanto», marmulaban con ollos pícaros ou quizáis faguéndose os parvos, cando se falaba da descarada guerra de conquista que o feixismo internazonal desencadea contra o pobo hespañol. Presuntos inocentes, ou verdadeiros nefelibatas, non teñen agora mais remedio que descer das nûes en que tan ben repousan, para recoñecer dous feitos que eran xa mais de bulto que un burro a catro pasos: d'unha banda o cinismo das potenzas feixistas invasoras; d'outra a pasividade dos paises democráticos, que parescen querer deixarse ensarillar...

Hay algo que xa non ten volta: a conquista de Bilbao non é unha victoria dos facciosos, senon un acto de rapiña perpetrado e levado ate o remate por Alemaña e Italia, cuios aviôns tiveron, ademais, o paso franco por onde os nosos non podían voar...

Alemaña atribúese o «feito de armas», dándolle o caracter d'unha epopeia nazonal — ou «nazi». Italia fai o mesmo, conferindo ese «honor» aos Frechas Negras. A prensa italiana e alemana, perdido xa todo recato, declaran a berros — por si ainda quedan xordos — o que tanto traballo nos custaba faguer creer en Londres e Xinebra. Pero ainda non sabemos si darán creto aos mesmos infractores do famoso pacto. A xordeira é cousa teimosa e, oxe en día, hai frases para todo, mesmo para inorar oficialmente o pau que malla na cabeza.

Por outra parte Alemaña, posta a engadir fios â rede das mentiras, toma a dianteira, e denantes de mallar, queixase ou alporízase por supostas afrontas. (A villanía fíxose unha técnica.)

Entre Almería e Bilbao o asunto do «Leipzig» denota unha actitude de «descuberto encubrimento», de trampa descarada como lei de xogo, que só podería ser desbaratada si o sector internazonal antifeixista esnaquiza as máscaras e toma a decisión enérxica de non tolerar endiante a mais pequena intromisión de Hitler e Mussolini na guerra hespañola.

•

O debate político de Londres mantivo esta idea esencial: confinar na Hespaña a guerra hespañola, ou, d'outro xeito: impedir que a nosa guerra civil desborde dos lindeiros nazonales. Mais, ¿pódese lograr esto sen poñer denantes couto a intervención — oxe aberta e descarada — dos feixismos de Italia e de Alemaña? Xa non se conforman con se atribuiren victorias... Encol d'elas comenzan a teceren a trama impoñente d'unha provocación internazonal.

Así o presentiron os obreiros alemans. O cañoneo de Almería fixo cundir entre eles un escalofrío: «¿E a guerra?». Dezasete navíos de primeira magnitude — casi toda a forza naval de Hitler — fan ostentación no Mediterráneo... A prensa nazi acresenda a intensidade das suas campañas contra a Unión Soviética; Von Neurath ten un brusco trascordo e desiste do seu anunciado viaxe a Londres; Alemaña, de par de Italia, abandona o control das costas hespañolas, pero declara ao mesmo tempo — de novo o asunto do «Leipzig» — que ela mesma adoptará pol-a sua conta medidas de seguridade para «protexer» os seus barcos...

Italia non deixa de mandar homes e material de guerra; secunda cada vez mais ostensiblemente as posicións internazonales do Reich; e Roberto Farinacci, que non é un calquera, senon un membro do Gran Consello Feixista, eisixe a ruptura de Italia con Franza e Inglaterra, «represalias enérxicas contra o Goberno de Valenza, e remata afirmando que «non hai mais solución que a guerra».

Desde logo nin Alemaña nin Italia dan estado *oficial* a semellante «solución». Pero non nos deixemos engaiolar. O oficial nos paises feixistas e o que menos conta... E non hai que esquencer, en troques, que o sostimento da aventura guerreira na Hespaña e un luxo demasiado caro, cada día mais caro..., de cuios gastos non se resiñan a non se desquitaren. Hai que engadir que a desastrosa situación económica de Italia e Alemaña obriga aos dous feixismos consortes a buscar n'unha ousadía extrema un extremo remedio...

¿Cal e, en presenza destes feitos, o pensamento das potenzas democráticas? O hourizonte e ainda indeciso, bretemoso.

Jouhaux ven de declarar na Cámara francesa:

«Si de verdade se quer defender a paz e a Hespaña, e preciso que nós conquiramos a nosa liberdade. A defensa da paz eisixe este prezo. Calquera outra consideración, calquera outra actitude, levaríanos â guerra fatalmente. Non queremos a guerra. Queremos a paz co trunfo das democracias.»

Nós tamén... Pero a paz do mundo non se conseguirá sen a paz da Hespaña. E xa teríamos a paz si o coraxe do pobo en armas para o rescate dos seus foros legalmente instaurados, non houbese topado criminal estorbo nas armas do feixismo internazonal, e insospeitados «entorpecimentos» pol-a parte das potenzas antifeixistas.

•

Co enredoso formalismo d'esas potenzas, coa súa lentitude — que houberan desmoralizado a calquer pobo, reducindo a cinzas a súa fé na forza do dereito — contrasta o oustinado heroismo dos nosos combatentes. Ate as liñas de combate non chega o esceplicismo. E toda Hespaña é oxe, nun sentido ou n'outro, premeira liña...

Mais que se embrullen os pactos, se negue a luz do día e xa non haxa verba sen dobiez alí onde falan as «potenzas», o dereito eisiste, a luz do día eisiste, e ao fin a maior vitoria dos nosos héroes — a decisiva — será abrir os ollos do mundo, despertalo â forza de fé, de valentía e sagrificio, quentarlle de novo o corazón...

NON DEDES
UN ICHAVO AOS COMPLICES DO FEIXISMO.

¡MORREDE DE FAME DENANTES DE MERCAR UN BOLO AOS QUE DEFENDEN AOS OPRESORES DE GALIZA!

OS QUE ESTADES LONXE TAMEN PODEDES LOITAR DENDE LONXE.

UNIDE A VOS DE TODOS.

UNIDE A FORZA
DE TODOS.

UNIDE A DIGNIDADE
DE TODOS.

¡GALEGOS DIGNOS DE
TODOL-OS PAISES:
UNIDEVOS!

UAB
Biblioteca de Comunicació
i Hemeroteca General
CEDOC

**POR ONDE ELES PASAN...** por Castelao




¡Cobardes! ¡Asesinos!

UAB
Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General
CEDOC

## TEMAS GALEGOS

# Para axudar a renacenza de Galiza

*1. Ter don de oportunidade, pero non ser oportunista.*

*2. Aproveitar o vento... e non esquecer o rumbo.*

*3. Saber que un viaxe non é unha regata.*

*4. Non chegar antes de tempo.*

*5. Saber cando hai que obedecer, e a quén.*

*6. Se non hai vento, bogar.*

*7. Saber que é millor ser un bo cidadán que un mal político.*

*8. Primeiro que teu que ser o político: un cidadán exemplar, exemplar; segundo: un home de imaxinación; terceiro: un desbravador da historia. Contra calumnia, tenacia rápida.*

*9. Saber que lograr un nome pode ser desfigurarse.*

*10. Denantes de ser bello, ser vital, ainda que sexa non bello.*

*11. Non dar creto aos diaboeiros. ¿Endexamáis?*

*12. Aleitarse co-a fouba xusta, e recibila con inxel sorpresa, como un regalo.*

*13. Non deprenar o que se ten que dicir, na teima de se pagar oucir.*

*14. Non asoballar a dignidade do teatro, a virtú da presenza, con demasía de xesto.*

*15. Buscar tras do misterio combinado outro misterio sen combinacións; tras do teatro, o drama.*

*16. Non converter a galeguidade auténtica, a que na non cabe no corpo, en simulácro de galeguidade.*

*17. Non ser mais débil que o teu ifantes. Non te fagas un ifantes que che seña grande. Mais ben un pouco estreito...*

*18. Non se coidar bó por ser somente sentimental.*

*19. E non se coidar sentimental por ter a bágoa á ponto.*

*20. Non teñas vergonza de chorar. Tampouco a teñas de non chorar.*

*21. As millores bágoas foron as soedade... E por sorpresa.*

*22. Non buscar intimar da bondade. Nin por teclas nin para se egoimar a concencia.*

*23. O xeito ven de ceo. Non atravesa. Deixa que che traspase.*

*24. Non te desprecies. Sabe calado e quedo as trebas, e agarda.*

*25. O bon xeito parache en pé, regalanoche na camiña. Non midas a súa anchura. Non te entreteñas demasiado cal equipaxe. Anda xa...*

*26. Non faguer d'unha letra a clave do dereito.*

*27. Non faguer de dereito unha letra.*

*28. Coidar as moros. Tender as mãos.*

*29. Non se esterilizar por azo de mandar.*

*30. Poñerse no seu sitio.*

*31. Ser diláxente, pero non ter presa.*

*32. Ter seguranza, pero saber dudar.*

*33. Non ser simpático a todo o mundo. Escorrentar a moita xente. Non se coitear do que din os parvos.*

*34. Non ser carneiro arpiando o pastor.*

*35. Non fomentar o borreguismo alleo, no azo de pastorear.*

*36. Si che toca o mandar, que sexa co-homes.*

*37. Eleva, dignifica, da forza e sanidade ós que tés ó redor teu, e non che deteña o pensar que poden sobrepuxarte.*

*38. Mais non deas armas aos enemigos da verdade, nin siquera verdades. D'aquela é millor que non che entendan. Ou días de xeito que os desarmen.*

*39. Cóidate co-as verdades como puños. Poden non ser mais que simplezas como puños, ceros que a xente quer ouvir... Non lle deas ese gusto.*

*40. Non gastar en estrelas a forza imperitiva.*

*41. Obedencia e mando, cando están traspasados pol-a mesma luz, teñen a mesma dignidade.*

*42. Non confundir bárbaro con inxel. A boa cortesía nace da máxima inxeleza.*

*43. Non agardar agradecimento; pero agradecelo.*

*44. Organizar, non sumar.*

*45. Almas vaidosas andan sempre a xuntar e dividir, a ostentar número e quebrantalo, sen outra mira que parecer sefer... ou evitar que outros o parezan.*

*46. Sempre foron loubados os combatentes galegos. Diante do perigo, perto da morte, lonxe da intriga, as mais segredas e firmes virtudes da nosa raza mostranse colectivas. ¡Honor dos nosos combatentes!*

*47. Despois... A nosa paz será tan digna como unha guerra santa.*

R. D.

**Refleisións**

# No primeiro aniversario do Plebiscito do Estatuto de Galiza

**Por Ramón SUÁREZ PICALLO**

¡28 de xunio do 1936! A data tén pra Galiza o valor de unha efemérides. Cicais a efemérides de mais forte contido político, social i-espritual, dend'a perda da nosa personalidade nacional. N'esa data, mais de un millón de galegos, residentes na Terra, e diseminados baixo todol-os ceos do mundo, afirmaron o propósito de facer de Galiza unha patria nova, culta, rica e ceibe, dentro da comunidade hispánica, baixo a eixida da República hespañola. O noso pobo, en uso do dereito que lle concedía a Constitución republicana i-en función do deber que lle impón o seu carácter de comunidade nacional fortemente diferenciada, aprobou n'un magno plebiscito o Estatuto autonómico de Galiza. Todal-as zonas do vivir galego — o trabalio do mar e da terra, a cultura en todal-as súas manifestaciós, o pensamento i-as ideas novas nos seus múltiples matices — atopáronse aquel día enroitadas no mesmo vieiro: A autonomía de Galiza i-a carta estatutaria que lle daba cance e norma. Houbo unha eisepción: os elementos reaicionarios, que por sel-o, foron sempre alleos a Galiza i-o seu espritto. Por cobardía, non se estreveron d'aquela a facerlle frente ás forzas populares. Rosmaron pol-o baixo agardando intres mellores. Os intres chegaronlles o 20 de xulio. Saliron das súas toupeiras e lanzaron por todol-os camiños de Galiza os reitoños sinistros de Caín o fratricida pra que asesiñasen a Galiza, re-

Facultat de Ciències de la Comunicació
i Hemeroteca General
CEDOC

**As posibilidades do noso Estatuto despois da guerra**

O Estatuto que o País Galego plebiscitou, presentado ás Cortes dous días antes do traidor golpe militar, é un documento breve, sobrio, conciso e flexible. Denantes de chegar â súa formación definitiva pasou por múltiples etapas e tivo moitas e mui varias fontes. Servíronlle de base cinco proiectos distintos e a súa comisión redactora abriu unha información pública por espacio de varios meses durante a cual recolleu i-estudiou todal-as enmendas que quixeron facerlle directamente os galegos de todo o mundo. E un índice mínimo de coincidencias e de posibilidades, froito de un anceio de colaboración roto na atualidade por quenes debían ter máis interés en mantela. Emporeso sigue sendo marco apto pro vivir futuro de Galiza, ainda despois da tremenda convulsión actual. Todos os avances democráticos, todos os eisperimentos sociales, dend'as coleitivizaciôns deixa a nova xustiza, feitos ou intentados até oxe na Hespaña da Democracia e da Revolución, poden desenrolarse — adaptados â nosa morfoloxía peculiar — dentro do marco do Estatuto galego.

Repoblación forestal pol-a vía colectivista; Banco Popular Galego encargado de canalizar o noso aforro de Galiza e de América; socialización da gran industria pesqueira; colectivización pol-a vía do cooperativismo da economía agropecuaria; socialización da forza dos nosos ríos e das nosas fontes mineiro medicinales; confiscaciôns punitivas das grandes riquezas dos traidores; democracia popular directa, con iniciativa, referendum e recall; município comarcal libre sobre a base da parroquia rural en réximen de concello aberto; municipalización ou nacionalización de servizos públicos; cultura nova en todas as súas manifestaciôns. Escolas de ourentación profesional e de outos estudios económicos; xustiza popular, rápida e gratuita, son problemas previstos e normados na nosa Carta autonómica. — Salvo miudas modificaciôns regramentarias, todo o seu contido é útil. A eisperencia actual — dura eisperencia — servirá para engadirlle cousas, xurdidas das circunstancias, tendentes a facer mais grande o continente, dándolle mais cabida ô contido.

Os que nun mañán — que desexamos afervoadamente sexa o mais próximo posibel — teñan a outa misión de dirixir a vida pública do noso país galego, atoparán n'aquel Estatuto e nos temas tratados ô seu derredor, unha fonte caudalosa de ourentaciôns e un índice de outos e nobels propósitos. Esa será a máisima e única groria, dos que lle consagramos o mais puro da nosa vida, xa para sempre entebrecida i-amargurada —. E ese será tamén o homáxen que merecen os nosos héroes vivos i-os nosos mártires mortos. ¡Que os esforzos de uns i-o martirio dos outros non sexan estériles! Eis a consiña i-a afirmación no primeiro aniversario da grande efeméride.

# Os novos símbolos da Nova Galiza




Non hai para qué decir que a un novo réxime correspóndenlle novos emblemas porque os símbolos tradicionales non se axeitan ben â nova concepción da vida política ou simplemente por un afán de renovalo todo. Galiza vai sentir este afán e compre evitar o posible mal gusto de calquera improvisación. Imos, pois, a falar da bandeira e do escudo de Galiza, sometendo o noso parecer â consideración dos galegos antifeixistas.

Lémbrome de que nas longas discusiôns que na nosa Terra se promoveron encol da bandeira tradicional de Galiza, ninguén acertou a demostrar cómo era e cáles eran as súas coores. Somentes os que calábamos sabíamos que a bandeira tradicional nin era branca coa cruz de Sant-Iago no centro nin era azul e branca. A bandeira galega (ímolo decir agora por primeira vez) era bermella cun cális no centro. Así aparece, pol-o menos, nun dos cartóns que pintou Durero para os tapices de Maximiliano.

Agora ben, a bandeira que coñecen os galegos foi inventada por Murguía e foi adoptada pol-os galeguistas, que lle trocaron o azul celeste en azul ultramar. Non está de máis asegurar que non era bandeira de partido senon bandeira nacional. O partido engadíalle unha estrela roxa como o Axuntamento compostelán lle engadía a cruz de Sant-Iago ou calisquera católico lle engadía o cális.

A bandeira pode ser a mesma de agora, trocándolle definitivamente o azul celeste do tempo de Murguía no azul ultramar que se adoptou nos tempos da loita autonomista. Foi, e debe ser, un símbolo de paz e de liberdade. Esta bandeira, tan combatida pol-os monárquicos galegos, está consagrada pol-o pensamento derradeiro de moitos mártires e todol-os galegos levámola na no noso corazón.

O escudo tradicional debe trocarse por outro. Seríamos parvos se creésemos que pode subsistir dispois da guerra o escudo tradicional de Galiza co seu emblema eucarístico, pois ainda que lle atribuísemos unha outísima significación poética, identificando-o co Santo Graal, non sería respetado pol-os sobreviventes galegos dispois do sacrílego proceder da Eirexa católica no noso país. Acatemos, pois, a realidade e criemos o novo escudo.

O dibuxo que acompaña estas liñas pode aforrar toda explicación; pero non estará de máis unha defensa anticipada deste proiecto.

O emblema comunista — fouce e martelo cruzados — que repre-

UAB Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

senta a unión dos obreiros e campesiños atrai a nosa atención, porque quixéramos dar con un símbolo igualmente afortunado que representase a unión dos labregos e mariñeiros de Galiza. ¿Cruzar unha fouce cunha angla? Sería un plaxio desafortunado. Tamén se poderían cruzar dous froitos do traballo galego. ¿Un peixe e unha espiga? Resulta antiartístico. Sería preferible recurrir aos emblemas tradicionales que lembrasen a grandeza espritual ou social de Galiza. Fixen probas para combinar a estrela coa cuncha e aparte de non deixarme satisfeito resultaba unha rememoración das pelerinaxes xacobeas e non un recordo da nosa universalidade.

Se os nacionalsocialistas alemáns — co gallo de considerárense arios — non roubaran para si a «icurriña» vasca teríamos nós un emblema xenuinamente galego: a esvástica de tres brazos curvos encerrada no círculo, ou trisquele, que representaría o sol — pai de toda fecundidade —. A esvástica dos alemáns, cos brazos dobrados en ángulo recto, xa non é aria senón adaptación dun vello emblema cruciforme ao cristianismo. Na Europa somentes os vascos tiñan direito a usar este símbolo — por ser tradicional en Euzkadi — e usárono moito antes que os alemáns como distintivo nacionalista. A esvástica galega, que tan arreo aparece na época castrexa e que pol-o tanto é celta, sería un xurdio emblema nacional para Galiza. Os alemáns roubaron a «icurriña» vasca e fixeron imposible o «trisquele» galaico.

Non-os quedaba máis que a fouce de ouro sobor dun fondo azul e a estrela bermella, como emblemas do Traballo e da Liberdade. Ourelando o escudo compría deixar patente o martirio de Galiza. E a sirea, que pertefiece â heráldica galega, como símbolo mariño que fale do engado atlántico, orixe das nosas aventuras.

Ren máis. E perdoádeme que aborde este tema con tanta anticipación. Cicais sexa por esquecer as anguriass presentes.

CASTELAO

**Onde eles mandan**

# Estampa da Coruña baixo o terror feixista

Están diante de nós dous «evadidos» da Coruña. Queremos lêr na sua face ou ver a través d'ela cómo é Galiza baixo a espantabel opresión feixista, e só conseguimos descobrir un xesto crepuscular, indeciso, no que se funden a tristura das lembranzas coa surpresa e leticia de estar en salvo, como si fosen náufragos recolleitos por un gran navío n'unha illa estraxe. Estaban tan afeitos a aillaren a tiranía i a descobrir por todas partes na nosa terra, a sua impronta sanguiñenta e cruia, que no primeiro intre non saben qué contar. O recordo é un: Galiza atropellada, ferida na sua carne e na sua dignidade, mergullada no fondo d'un oustinado pesadelo... O fondo do cadro é tan sinistro e enmarillanse n'el tantos episodios — ¡todol-os días, a todal-as horas!... — que na memoria do que ven d'alí todo se xunta, como milleiros de saloucos n'un clamor, ou como mil silenzos n'un silenzo único... Pero as nosas perguntas van traguendo feitos â xerfa da atención.

•

— Non poña os nosos nomes — di un —. Quedan alá parentes...

— ¡Ou que os poña! — di outro, no pulo de responder do seu íntimo co seu nome...

— Perdede coidado — decimos nós —. Non daremos aos feixistas ese gusto. (Rien os dous). ¿Cómo conseguistedes fuxir d'alá?

— Como outros moitos... Cada día é mais difícil. Vixían moito as motoras...

(Aquí fan o relato da sua evasión, unha pequena novela d'aventuras que pasa ao noso archivo... Algún día quizais xurdirá unha intrincada novelística co tema dos evadidos galegos — e o tema tráxico de tantos que ficaron para sempre nos lindeiros da liberdade...).

•

Da nosa conversa con estes dous rapaces quédannos antre as maus unhas notas rápidamente recolleitas, que agora, sen ouvir a voz d'eles, parécennos mais fúnebres...

•

—Si, o xeneral Caridad Pita era un home valente, un home honrado. O xeneral de división Salcedo, días antes do levante militar, déralle orden de visitar día e noite os cuarteles da Coruña. Un día — o da sublevación — Caridad Pita chegou ao cuartel d'Atocha ás once da mañán. Ao entrar no cuarto de bandeiras, o coronel do Rexemento, Martín Alonso, secundado por varios oficiales, envidouno a sublevarse. Negouse en redondo e pecháronno n'un calabozo co seu axudante — comandante Goizueta —. Alí tivérono des días. Despois levárono ao castelo de San Felipe, no Ferrol. Veu o consello de guerra. Con Caridad Pita comparescían tamén como procesados o xeneral Salcedo i o coronel d'artillería Torrado. De nada valeu o empeño que puxo o instrutor da causa — ex-xeneral Feixóo — para evitar a inxustiza... Os dous xenerales — Salcedo e Caridad Pita — foron condenados a morte. O coronel a quince anos de presidio. Amigos e parentes andiveron a ir e vir — Salamanca, Burgos, Sevilla... — a pedir o indulto. O xeneral auditor de Burgos chegou a se expresar así, para aforrarles aquel traballo: « — Caridad Pita é inocente... En boa lei non se lle pode culpar de nada. Pero hai que fusilalo por motivos de «alta política» —. E o nove de novembre foi fusilado nos fosos do Castelo. Toda a Coruña conmovease con esta morte...

•

O caso de Ruñlanchas... Douscentos feixistas andaban, dende o premeiro intre, en precura do diputado socialista Ruñlanchas. Non daban co seu refuxio. Ao fin viñeron a saber que estivera agachado na casa d'unha pescadora do Muro. Detivérona. Golpeárona deica deixala sen sentido. Catro ou cinco vegadas mais, n'outros tantos días repetiron o suplizo. A muller resistía. Ao fin, entolecida coa dôr, deu indizos — o que sabía — que permitiron aos feixistas, a través d'unha cadea de vinte detencións (persoas acusadas de protexer a Ruñlanchas), dar co paradeiro d'éste. Topárono unha noite n'unha casa do barrio da Ponte do Pasaxe. A culatazos e a patadas levárono os civiles ao Cuartel d'Atocha. Desesete ho-

Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

tria ia crecendo en Galiza, o proletariado industrial organizábase; o seu exemplo, aínda que en pequena escala, foise estendendo ao campo. Os labradores, sempre un pouco receosos con todo o que vai da cibdade, escomenzaban, nonstante, a comprender a forza da solidaridade pra defender os seus dereitos. E así o crego e o cacique perdían terreo, xa non eran os amos no sentido feudal e opresivo da verba. Para se decatar dos avances do campesiñado galego abonda lembrar a actividade política que despregóu no período electoral derradeiro e na campaña en prol do Estatuto. A política non era xa patrimonio exclusivo dos caciques... Estábase civilizando. N'ela interviña, con crecente dinidade, sin medo, con paixón e esperanza, toda a xente labrega.

Cando os traballadores todos — da cibdade, do campo, do mar — ían avante na conquista dos seus respectivos dereitos, cando na loita e n'a conquista medraba o esprito de unidade e estaban xa alcanzando os nosos traballadores a concencia plea da sua forza social, xurde o levante militar feixista que pretende botar por terra, entre o sangue vertido pol-os crimes d'unha represión brutal, o froito de longos anos de inquedanza, esforzo e sacrificios.

Dende as outas montanas á ribeira do mar, sobor das campiñas e en cada aldeia, o feixismo botou o seu manto trebosento. Isto non sinifica que haxa interposto unha barreira intranqueabel. Endexamáis a Hestoria fica inmóbel. Camiña sempre. Mais o camiño a andar non é dereito. Por vegadas unha volta atópanos, en aparencia, máis lonxe do punto de partida.

Os xornaes do traballo industrial non só están reducidos á mitade. A vida encareceu; os productos ou faltan ou custan máis. E os obreiros non teñen xa, como n'outrora, as suas vellas armas defensivas. Os sindicatos, a prensa, todo foi suprimido baixo a bota de ferro alemán dos xérifes faiciosos.

Ao mariñeiro pásalle outro tanto. O peixe non vai ao mercado, senon ao exército. O mariñeiro non é xa un traballador, senon máis ben un home condenado a traballos forzados.

E si as fábricas e o mar sofren de tal xeito as imposiciós inhumanas da dictadura militar, no caso dos campesiños agrávase todo isto có vexamen moral — máis fondamente sentido no campo por que alí quedaban máis vestixos do feudalismo. A cirexa e o cacique voltaron a ter nas suas máns uns privilexos que escomenzaban a dar por perdidos pra sempre.

Hai algo aínda que ten unha importancia de premeiro orden. Na Galiza asoballada pol-o feixismo, unha cousa é imposibel: a conciliación de intereses baixo a etiqueta de «unidade nacional». Ao dal-o seu brinco atrás as clases dominantes máis representativas do feudalismo, viñeron caer no lombo dos traballadores. O golpe foi forte, e o traballador está desfeito, extenuado. Non é difícil, n'estas condiciós, asoballalo. Pero él sabe o que ten enriba: un peso estrano, do que se ten que desprender se non quere morrer afogado.

Lonxe de se conciliaren os intereses, a discordia de crases quedou profundamente siñalada pol-o feixismo. A unha banda a Galiza do traballo; á outra a Galiza da tiranía e do privilexo aldraxante. Antre as duas érguese xa unha montana que xa non se pode alastar. Por contra, as dificultades económicas, os crimes, os agravios, aumentarán cada día a sua mole.

O feixismo pretende cabalgar sobre a Galiza traballadora. Espeta as esporas e fai sangue. Pero é sangue humán. Por eso non cabalgará moito tempo. Os traballadores galegos conquistarán de novo as perdidas liberdades. Non renunciarán a elas. Endexamáis. Aproveitarán a primeira volta do camiño para chimpar no precipicio do pasado que non volve, aos que creeron poder virar a Hestoria cara ao pasado. Os traballadores todos da Hespaña antifeixista hanos de axudar...

E. F.

## GALIZA E CATALUÑA NO CONGRESO INTERNACIONAL DOS ESCRITORES ANTIFEIXISTAS

# O MENSAXE DE CATALUÑA

(Fragmentos do discurso do Dr. Serra Hunter)

No concerto harmónico da verdade e a xustiza, que é o que representa n'este intre de guerra o Congreso Internacional d'Intelectuaes, non podía faltar a voce de Cataluña, desta nacionalidade que teima cara a un posto de honor na vanguarda dos povos defensores da liberdade e da cultura.

*

Entendemos que toda cultura, como toda actividade intelectual, ten duas funciós: a interna, que provén da estructura propia da mentalidade e da ética nacional, e a externa, de colaboria cos demais culturas. Empregando o linguaxe dos combatentes diríamos que hai un fronte internacional dos intelectuaes que coincide coa liña avanzada do fronte mundial dos povos demócratas.

*

Cataluña arela profundizar na sua propia personalidade, porque coida así millor servir á causa da civilización universal.

O valor das civilizacións non se taxa pol-a extensión, senon pol-as calidades intrínsecas e de eficacia histórica. E ésta en definitiva a que decide a futura sorte dos povos. Fora do sentido ético ou espritual que cada aportación política ten na historia do mundo, hai que ter en conta as irradiaciós culturaes dos diferentes ciclos étnicos en que se moven as nacións e os povos.

O dereito de toda cultura a vivir e a se desenrolar é o mesmo que aquelas e estes teñen a dispor do seu destiño. Non é esta unha afirmación banal e arbitraria, filla do capricho ou do orgulo nacional, senon a conclusión d'un raciocinio mexto en que teñen igual participación a razón e a esperencia, a natureza e a hestoria.

Para nos a política é inseparable da cultura. Cada un destes términos ten unha sinificación especial ou privativa do seu contido e da sua finalidade; mais hemos de recoñecer que hai unha raíz común nas duas actividades, a do Estado e a do saber, i é que nin un nin outro pódense situaren fora das condiciós sociaes e económicas do povo, cuias inquedanzas constatan e interpretan.

Non pode n'esto haber mingoa nenguha da colaboria entre todol-os grupos culturaes.

A cultura universal defíndese

UAB Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

irmans dos irmans caídos enloita as nosas almas, as diferentes asociaciós intelectuaes dos povos que en loita acudirán mañán xuntas tamén ás grandes asambleias mundiales onde non se fará ouvir outra voce que a da verdade e a xustiza.

Ante a máxica forza destas duas verbas que iniciaron e cerran este parlamento dos intelectuaes de Cataluña, faguemos o propósito de traballar pol-a solidaridade de todol-os povos hispánicos que é o camiño d'aquela outra solidaridade dos povos demócratas que poden salvar a cultura universal.

**FALAN OS EVADIDOS**

# PANORAMA FEIXISTA

Outros 18 evadidos chegaron a nós. Homes do mar e das fábricas. Mariñeiros e obreiros. Entre eles, Severino Chacón, presidente da Federación Nacional de Traballadores de Tabacos, que se atopaba na Coruña no intre de estalar a sublevación feixista.

Moito tempo estiveron agachados, fuxindo dos feixistas e da delación, vendo o xeito de poderen saír do inferno que é Galiza baixo o terror feixista. Algúns, entre eles Chacón, póñense á fala con un mariñeiro, que fai de mediador e facilítalles a evasión. Logo, xuntos todos, cun revólver na man algúns deles, someten ao patrón dun barco de pesca. Outros fan o mesmo cos patróns de outros tres barcos. E os que estiveron xuntos meses e meses baixo o feixismo, xuntos fuxen da súa tiranía. Pros ao hourizonte, pasando entre medio da vixilancia costeira, lonxe das roitas que fan de cote os mariñeiros, saen a alta mar, viran ao norte, poñen rumbo a Francia...

Aos tres días de mar chegan a Brest. De alí a Hespaña. E eiquí están agora, resoltos a combatir no frente da lealtade.

### OS CRIMES

Falan de moitas cousas. Axúdanse uns a outros a completar os relatos. Discuten... Póñense d'acordo.

O feixismo non repara en nada. En nada do que se refire a asoballar aos traballadores para conquerir os seus fís criminaes. Xa sabemos a loita que levan contra os mestres. Unha estampa de Castelao fala ben de ista loita asesiña.

María Barbeito, que dirixía a Escola Normal da Coruña, foi unha das primeiras víctimas do terror «nazonalista». Nos días mesmos da sublevación, destituírona. Desde entón non deixou de ser espiada e perseguida.

Mais si foran só destitucions!... A mestra de Miño, unha rapaza aleña, foi fusilada. O mestre de Santa Lucía, na Coruña, vello de 70 anos, Luis Barrio, tamén. ¿Qué fixeran? Non eran ben vistos pol-os cregos... Luis Barrio, ademáis, tiña intervido nas derradeiras eleiciós a favor do Frente Popular.

### OS CRIMINAS

Son xa famosos os Casteleiros e o crego Toubes. Tamén outro crego, Barrero, é o compinche do Toubes. Fixose (¿ pra mellor honrar a Deus ?) teniente da Guardia Civil, e poucos «civiles» lle aventaxan en frialdade e barbarie. Ademáis, inda hai outros. O xefe de Propaganda na Coruña, por eisemplo, é Eduardo Pérez Hervada. Agora é feixista, mais pra sel-o tivo que se traicionar e facer traición aos demáis. Denantes presumía de liberal... O seu tío, Pancho Hervada, é un dos mais grandes verdugos dos obreiros. ¡Cantas ha de ter que pagar pol-a sua intervención nos traballos da nova Casa de Correos!... Alí, a xente traballa, suda, sagrifícase baixo as mais brutaes coacciós. Pero nin cobra, nin come, nin vive... ¡Aquelo non é vivir!... É un dos asesiños de Huici, de García Ramos — o médico de Meirás —, o follalateiro ao que despois de fusilal-o clavároulle no chan o corazon traspasado cun coitelo; de Xosé Naya — o chocolateiro de Santa Catalina —, morto tamén por non querer dicir o paradeiro de seu fillo (desfixéronlle a cabeza a culatazos).

### AINDA MAIS

Aos crimes, siguen as persecuciós, os encarcelamentos, os aldraxes... Si recae sobre calquera a denuncia de ser de esquerda, detéñena. Si é muller, mércana cortándolle o cabelo e faguéndolle una inscripción na frente; si é home, ficará por moito tempo na cadea.

As casas dos homes republicáns, socialistas, etc., foron saqueadas. Eisí lle pasou á de Casares Quiroga. A sua filla e seu sogro están presos no Ferrol. Entre outros moitos, Antonio Zapata, concellal socialista do 14 de abril, está na cadea desde o mes de xulio do ano pasado. Os mouros e os lexionarios, xa se sabe o que fán. Son os novos matóns — protexidos, como os outros — que fan toda cras de infamias coa xente. Pra que os oficiaes italians e alemáns, poidan tomar o «vermuth» tranquíos na rua Real, está prohibido o paso dos autos durante a mañán...

E a Hespaña «nazonal» ten as suas preferenzas pra os mouros. Istes quixeron un cimenterio «especial» pra os seus mortos. E fixéronllo. (En contra, os cregos non permiten o enterramento dos «roxos» nos cimenterios cristiáns. Por iso nas estradas, nos campos, nas praias, fican centos e miles de cadavres... ¡A sangue antifeixista enche Galiza enteira!)

### O CAMPESIÑO ASOBALLADO

Ose como nunca, o campo ten fame. O campesiño sabe o que son os alcaldes, os cregos, as autoridades todas do feixismo asesiño. Un día chega o cura ou o Alcalde. Xunta aos campesiños dunha aldeia e dilles:

— Tendes que traballar pra Hespaña «nazonal». Mañán ti, e ti, e ti (vaínos anomeando un por un) ides pra acabar o camiño veciñal.

Si un campesiño di:

— ¿E canto imos cobrar...?

Contéstalle:

— ¡Nada! É un traballo «voluntario».

Ou si outro pergunta:

— Esas ferramentas, ¿quén nol-as dá?

Contéstalle:

— ¡Buscádeas vos!

E hai que ir. Sen diñeiro, sen comida, sen ferramentas. Pero hai que ir.

Chegan os carros de grao, berzas, froitas, ao mercado. Alí agarda xa un representante do Exército. Non ten mais que ollar o que lle convén. E coa man vai sinalando o que quer. «Este carro de millo, éste de froita, este...»

Un campesiño:

— ¿E canto nos dan?

Sen miral-o, entre dentes, o representante do Exército di:

— Eiquí tés un vale.

UAB
Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General
CEDOC

# AO CABO D'UN ANO

Un ano vai alá — cumpleuse o decenove de xulio — dende que as forzas regresivas da Hespaña, todol-os parásitos que ollaban no porvir como a seu enemigo, puxeron n'unha traizoeira insurrección a xurda esperanza de renovar e d'afincar en firme os seus inxustos privilexos.

Non se pode dicir que trouxeran a división ou que afondaran o sarco da discordia. A división era moi vella e a loita estaba xa entablada: d'unha banda, o traballo, o esprito creador, a arela d'unha equilibrada, realista e humán xustiza distributiva, o anceio de liberdade, a fe na espontánea inspiración nacional, a confianza na vontade popular; de outra, a preguiza, o esprito usurpador, a terquedá dos herdeiros por enriba de toda xustiza, o afán cego de dominación, o desprezo do povo. Os d'esa banda chamábanse a si mesmos patriotas, tradicionalistas, cristiáns. De patria, tradición e cristiandá sacaban rendas como dos latifundios. Tan lonxe estaban da patria e da verdadeira e viva tradición como está lonxe do misterio da terra o que explota ao que a traballa — talvez sin ter visto medrar un pe de millo.

Os «empresarios» da patria endexamáis crearan nada — eles nin seus abós —. Pero o mais grave é que non deixaban crear tampouco. Cada vez que o verdadeiro ser da Hespaña quería medrar, definíndose en formas de cultura e de convivenza xusta, organizarse a fondo, erguer con lanzalía a proa dos seus baixeles, topábase con todo un vello aparato — mais ben unha codia, un aparato isterno e opresor — que lle impedía xurdir, manifestarse, ir a onde quería...

Reventou a codia — tal pareceu ao se proclamar a República —, pero seus anacos movíanse como cousa viva, xuntábanse nas tréboas... Eran movidos pol-os que se reorganizaban para unha acometida monstruosa na teima de convertir de novo a Hespaña n'un sapocuncho. (No tempo en que frolecían os vagorosos mitos célticos — de engados, demos selváticos e surprendentes metamórfosis — a fantasía popular houbera visto ou soñado a historia da Hespaña derradeira como un pesadelo, o pesadelo d'un mouro vinculo que non quere ter cuncha opresora, nin andar a catro patas estricando o pescozo).

A loita era vella. Pero os da banda feudal estaban cheos de surpresa e de crecente alarma ao ver que Hespaña non era cousa inerte ou tan pasiva e fácil de dominar e corromper como eles coidaban. Asustáronse da vitalidade, da profunda enerxía, da sutilísima prudenza do povo hespañol; aterráronse vendo que a vontade nacional, tanto tempo encuberta ou disfrazada por eles ao seu gusto, tiña unha forza incontrastable e unha cordura perigrosa...; viruse xa desplazados d'unha Hespaña limpa, porque eles eran lixo; e despois do premeiro desconcerto puxéronse d'acordo para afogar aquela vitalidade, para esquivar esa limpeza... E foi d'aquela cando escomenzaron a croaren o seu «¡Arriba España!».

A formidable bravura con que se ergueu o povo hespañol para saír ao paso dos traidores — depositarios das armas, que son do povo mesmo, e servos d'unhas castas desleigadas e fondamente impopulares —, aquela bravura exemplar endexemáis poderá ser esquencida, e do seu esplendor nacerán, por enriba de todal-as continxencias, a Hespaña verdadeira e o mundo anunciado.

¿Porqué se entorpece ese nacimento? ¿Qué estranos parteiros interveñen? ¿Qué está acontecendo no mundo dende aquela data deslumbradora do decenove de xulio? ¿Qué sombras están caindo sobre Europa?

Un ano vai alá. Esas perguntas, dende aquela data, non son novas. Abicaron premeiro no hourizonte como unha núe escura. Foron medrando, enchen oxe o ceo. Pero o fé de Hespaña é mais forte que esa sombra.

N'un ano demostrouse a valía d'un povo, manifestouse en froles d'heroismo a savia da sua viva tradición, ispresouse a sua vontade con lanzalía que non ten comparanza; no mesmo tempo foise desacreditando a capacidade rectora das clases dirixentes europeas. ¿Chegarase na hipocresía e no cinismo a istremos derradeiros, sen que os povos de todo o mundo se ergan como se ergueu o noso?

Hai quen coida que todo o tecido da historia está feito cos fios da diplomacia e dos negocios. Ao que tal pensa agárdanlle quizais grandes surpresas.

# LEMBRANZA

As lembranzas sempre son saudosas porque teñen a melanconía esvaida pol-as lonxanías; pero as lembranzas que oxe acuden a nós veñen cargadas de sofrimentos terribles.

Son as doce de noite. Tal día como este celebrábamos a festa de Galiza. «Todo era ledicia dende que o día agomaba. A nosa 'espranza era unha inmensa fogueira, cada ano máis acesa. Mais oxe non é o día de Galiza.

Oxe é a noite de Galiza. ¡Hoxe é a noite! Unha noite poboada de pantasmas.

Xa non veremos máis a flor das nosas xentes. Xa non oeviremos endexamáis a voz dos «bós e xenerosos» que en tal noite como esta falaban na Quintana dos Mortos de Compostela para erguer a vontade nacional do noso país. Os mellores galegos morreron asesiñados ou andan pol-o mundo co peso dos mártires no corazón.

N-este 25 de xulio do 1937 sentímonos fillos da morte e quixéramos volver a contar o tempo



UAB Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

por noites e non por días. Sentímonos pesarosos de vivir e quixéramos estar xa na compaña dos que se foron. Pero ainda hai lume no noso corazón de patriotas.

A patria non é un obxeto que se poida perder; non é unha cousa que se poida roubar. A patria vive no corazón dos patriotas ou non eisiste. E a patria galega sentímola viva dentro de nós. Tamén sentimos o deber de vivir por ela e para vengar aos nosos mártires, gardar a súa memoria e realizar os seus postrimeiros anceios.

Sabemos que a victoria non pode ser máis que nosa, calisquera que sexan os avatares d-esta guerra civil. Sabemos que Galiza conquerirá a súa liberdade. E sabemos que Galiza celebrará con ledicia o seu día de groria.

¡Qué importa que os vellos quedemos enleitados para sempre! ¿Non haberá mozos que sintán unha ledicia íntegra no corazón?

Voltaremos a celebrar o día da patria. Falarán en tal noite como esta — cicais nós mesmos —, outra vez, na Quintana dos Mortos de Compostela. Haberá bandeiras, músicas, foguetes e cántigas. Os galegos terán o corazón máis duro, os sentimentos máis rexos, o pensamento máis firme; pero a ledicia será un aturuxo de victoria, a rolar pol-a nosa Terra.

CASTELAO

## RAFEGAS N'UNHA CONVERSA

# DO QUE SINTE OXE GALIZA

A persoa que agora fala con nós — chegada, non hai moito, de Galiza — une â sua veracidade o don de coordinar os feitos, a capacidá de síntesis propia do esprito cultivado. Prestixiaríamos co seu nome estas páxinas, pero a prudenza obríganos a ocultalo por agora, así como os pormenores da sua evasión e o itinerario do seu viaxe. Reflexa ainda nas suas verbas, seguras cando definen, unha fonda trisfura cando lembran... E en cada pausa da conversa interroga, primeiro cos ollos, e despois coa voz: «¿Cómo rematará todo isto?» Sin agardar resposta cambea o xesto e súmase â nosa fé na derradeira victoria da xustiza. E engade, n'un pulo meiá colérico, meiá esperanzado: «¡Si a nosa xente (refírese a Galiza) poidera erguerse e axudar en forma!».

— Si o descontento é casi unánime — perguntamos —, ¿como non se manifesta n'unha revolta sonada e definitiva?

— Calquera día pode suceder...

Esto di, pero despois pensa e corrixe:

— E un pouco infantil coidar que iso poida suceder un día, de súpito, como por un acordo... A subversión eisiste xa. Maniféstase no escaso rendimento do traballo, na ocultación dos froitos, no crecente número de desertores e de prófugos, nas automutilacións de soldados e oficiales, en varios xeitos de saboteo, na aición dispersa de partidas montesías e, en fin, na propaganda antifeixista que en segredo fai cada veciño...

— Así — dicimos — chegarase un día a un acordo; e d'aquela...

— O acordo — reprica — eisiste xa. Eisiste dende o comenzo. O que a xente se comunica, desafogándose, é o estado de esprito e de ánimo, o furor crecente... ¿Acordo para unha acción combinada? Moi difícil oxe. Pero iso non importa. Unha insurrección non é unha partida d'axedrez. Parécese mais a un incendio... Combustible hai xa d'abondo. Fogueiras espalladas non faltan.

— ¿E a gran fogueira?

— Renuncio agora — di sorrindo — ao símil do incendio. Prefiro o do amañecer... A insurrección, manifesta ou latente, audaciosa ou solerte, non deixou de eisistir en Galiza dende que caeu baixo o terror feixista — ou dende que sinteu a sua ameaza. Dende entón as condicións subxetivas son cada día mais favorables a unha revolta. As obxetivas depeñden moito do que pase na móvil fronteira que separa o campo faccioso do campo leal. A esperanza que había na nosa terra era inmensa. Nos premeiros meses de loita non houbera sido mester chegar ás portas mesmas de Galiza para que alí se levantase o povo. Abondaría distraer parte das forzas que o teñen sometido. Despois foi medrando a impaciencia. E oxe, no desespero, a indignación do povo, contaxiada aos soldados, está minando desde moi adentro o artificio do poder feixista. ¿Quen, dos vivos, non foi en Galiza lesionado nos seus intereses ou nos seus sentimentos? A minoría ilesa, os dirixentes do terror, pódese dicir que xa non contan, con plea seguranza, mais que con forzas estranxeiras e c'unhas cantas bandas de larisáns d'istintos criminosos. Ainda que foron fusilados nos premeiros tempos os oficiales mais honestos, que se ergueron contra o complot reaccionario, e grande parte dos soldados que os seguiron; e ainda que os feixistas fixeron unha escolma de homes dignos e audaciosos para asesiñalos, ese empeño de castración sistemática é un fracaso...

O noso amigo fai unha pausa, e como reorganizando o seu pensamento, continúa:

— E certo que en Galiza foron asesiñados casi todol-os homes de sensibilidad política, os que representaban un risco evidente para o «sistema» irracional e aldraxante que pretenden impoñer os palurdos facciosos; certo que xa casi non queda ningún dos que poideran ter sido caudillos da liberdade no premeiro intre do golpe militar; certo, en fin, que o povo está inerme, depauperado e que non hai organizacións

Hemeroteca General
CEDOC

obreiras (como non serán algunhas clandestinas, e moi perseguidas, para o socorro mutuo); mais non hai que esquencer que un ano de terror feixista, de caciquismo descarado, é unha escola política... As xentes de sentido civil mais adormecido, os que non soñaban que os problemas colectivos poideran afectarlles, e aqueles bos cibdadáns que ainda dando o seu voto con sinceridade, nunca houberan pensado en intervir n'unha acción que pedise mais grandes sacrifizos, ven ese con crudelísima craridade... En canto aos soldados, o que non ten queixa por lle mataren irmáns, amigos ou parentes, tena das mociñas e aldraxes que sofre, e recibe ademais no esprito o reflexo do descontento da poboación civil. Que ainda é difícil que poidan sublevárense con éxito. Son demasiadas as forzas estranxeiras e mercenarias que contribuien ao sometimento de Galiza, guarnecendo moitas d'elas a retaguarda mentras mandan os galegos ao frente. E no frente mesmo, tercio, guarda civil e alemáns forman unha tenaza para evitar deserciòns e sofocar levantos. Pero o sistema represivo, ainda sendo d'estrema crueldade, será impotente no intre en que se fagan puxantes ofensivas dende Asturias. Non hai frente seguro c'unha retaguarda hostil... E ise é, en grande escala, o caso de Galiza, dóblemente agravado en contra do feixismo pol-o estado d'esprito dos soldados galegos que loitan obrigados. Por moito que se esprique non é fácil darse conta da profunda ansiedade conque se agarda en Galiza o intre de poder acudir â victoria definitiva da República...

— ¿Cómo se podería ispresar o pensamento dos campesiños n'ista hora?

— Os que tiñan xa ideas políticas formadas, si eran d'esquerda, poucos se terán salvado da morte ou de persecuciòns. De dereitas había os caciques e algúns probes homes con vocación de servos. Eu supoño que a pergunta refírese aos campesiños que, ainda sendo homes dinos, estaban — fora do intre de votar — un pouco ao marxe da discusión política. Uns porque a topaban enliada e entretecida d'intereses que nada tiñan que ver cos auténticos do povo; outros por iñoranza; outros, en fin, por falla de fé.

O campo galego escomenzaba a saír d'un certo apoliticismo en que o tiñan mengullado as desilusiòns, e do «politiqueo» en que o abismaban as trampas do vello réxime. Escomenzaba a se manifestar con liberdade... Contra esa liberdade, contra a nacente «civilización» do campo — quero dicir: contra o despertar dos campesiños â vida civil — e para sometelos de novo a un caciqueo sistematizado, xuntáronse en Galiza aos mal chamados «civiles» — palurdos con mostacho e escopeta — todal-as demais forzas incivíles, forzas que, quizais por seren as dos vividores, adoito chamábanse «forzas vivas». Agora baixo o terror imposto pol-as forzas podres—iste é o nome que lles convén —, non é doado a calquera entrar na intimidade d'un campesiño galego. Terase premeiro que convencer moi ben de que non é un espía o que pretende inquirir seu parescer, para se franquear. Eu coñezo ben os camiños do diálogo, teño tratado moito con eles e sei adiviñar — cando eles queren ser somente adiviñados — e non perguntar mais do debido... Pero abondaría ver as caras para saber o odio que teñen que privarse d'ispresar as verbas.

¿Pensamento?... Non se pode fechar en catro tópicos, é mais fondo, mais vivo e mais desesperado que canto decote leva o nome de «ideas» n'un xornal. A idea ousedente dun campesiño galego paréscese a un trastorno de todal-as ideas mais queridas, as que non certa a dicir o escolante nin o crego, senon que as din o mar, a terra frolecente, as luces do serán e da matinada, as lembranzas de mozo, o misterio da morte e da nacencia. As ideas así recibidas non falan de feixistas, nin os fan presentir. Pódense presentir, pol-as sombras da noite e pol-o furor das tempestades, forzas tremendas que non reparan en nós. O que non se presinte é o furor dos viles, dos podres, dos enclenques, convertido en lei, a insurrección das alcantarillas asoballando todo o que topa por diante... ¿Cómo pode ser? ¿Non perden sentido todal-as verbas e todal-as lembranzas? ¿Non teñen que estar perpleixas, destrozadas, as almas dos nosos campesiños? ¿Non viron a escoria, sen deixar de ser escoria, poñerse nos cumios e apoderarse dos raios? Os nosos campesiños non caíron por isto en definitivo abatimento. Están a escismar en precura das fontes da sua propia iniciativa. No medio d'ese caos escomenzan a recoñecer o seu propio albedrío agachado, que non se conforma.

Un «¡non!» frenético, indómito, nace e medra no seu esprito. E xa prefire perdel-o todo (pouco lle queda que perder...) denantes de perder xa para sempre a fé n'algunha forza limpa, insobornable, que un home honrado leva dentro. E non se esquenza que son milleiros e milleiros de homes honrados os que foron feridos, e así pensan e sinten na nosa terra...

# SOBRE OS DEMOCRATAS

Hai duas castes de demócratas (descontando os que usan ese título como disfraz): Os que non queren mais que a democracia, e os que queren ademáis — e sobre todo — os seus froitos. Pra os premeiros a democracia é un valo protetor, en cuio recinto agardan fagUer tranquilamente o seu negocio, pequeno ou grande. Para os segundos é un arbre, e quédanse pasmados cando alguén, chamándose demócrata, non quere deixalo froitificar ou pódalle as mellores ponlas para fagUerlle inxertos iniícuos. Os premeiros teñen un linguaxe formalista, xurídico. Os segundos falan d'un xeito realista, por veces revolucionario. Os formalistas rematan claudicando, ainda que moitas veces enxarillen as formas — mais ben «formalidades» — para poder seguiren chamándose demócratas.

UAB Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

(Fan eso cando temen pol-a seguranza do seu negocio.) Os realistas, postos n'ise caso, chegan a maldecir das democracias. (No fondo o que maldín é o formulismo evasivo — por veces traizoeiro — dos que defenden o valo dos seus intereses poñendo n'el un letreiro democrático.) Chega un intre en que xa non se sabe si aquela fórmula ten cimentos democráticos ou si non ten mais que o letreiro. Os formulistas e os hipócritas — a terceira caste — chegan a parecérense moito, quizáis a seren os mesmos (non en vestidura, pero sí no fondo dos móviles e dos procedimentos) nos intres decisivos.

•

O demócrata realista, o que ten fé na boa vontade d'un povo, o que estima a democracia como un diálogo para chegar a un resultado — e non como unha regla conservadora —, non por isto nega que moitas cousas — as que o merezan — deban seren conservadas. Mais quere que a democracia opere para destruír as caducas. D'aquela o formulista xeneraliza, e chámalle destructor. Pensa que o que quer non é faguer un horto, senon unha escombreira. Pensa o mesmo que as herbas parásitas e o ramallo viroso postos no caso de maldecir â fouce.

Si o formulista falase cranamente desacreditaríase. Con moita aclermia vaino embrullando todo, e ten para iso tan descarado inxenio que pode — chamándose demócrata até o fin — topar fórmulas para axudar aos enemigos da democracia ou para partir con eles, con tal de que o seu valo, a regla de vida social que asegura liberdá de movimentos para o seu negocio, sexan respetados.

•

Trátase, realmente, de herdeiros, d'unha banda, e creadores, da outra. Din os herdeiros en tempo de paz — por exemplo os herdeiros d'un imperio— «Poñámonos d'acordo para gozar da herenza, respetemos despois o acordo — lei —, ou deliberemos para chegar a un novo pacto cando faga falla.» A forma deliberante chámase democracia. Hai despois que preguntar: «¿Quén delibera?» E para que se poida responder: «Todos, ou algúns en representación de todos» —, dando así carácter universal, «moralidade», â regla democrática — búscase unha fórmula na que se deixa certo marxen d'acción aos menos favorecidos pol-o herdo, e así a constitución de forzas consagrase xurídicamente como *pacto constitucional*. No pacto — non se pode negar — hai certa universalidá de miras (d'outro xeito non sería tolerado en tempos democráticos); conságranse n'el fecundas liberdades — cada vez mais e mais fecundas según vai sendo conquistada a democracia pol-a boa vontade popular. Mais cando a conquista chegou a un límite en que un país pode, dentro do marco da Constitución, constituírse realmente en povo libre, no que a cibdadanía sexa un feito, estáblase unha loita, xorda ou declarada, antre os que embrullan os dereitos e os que queren feitos.

•

Internacionalmente pasa o mesmo. E velahí porqué o povo hespañol — que ten, xa de antigo, sona de realista — tópase antre a espada dos bárbaros e a parede dos formulistas.

A ese realismo chámanlle quixotismo. (Don Quixote era un home que toleou e quería faguer do dereito un feito; combatía sen axuda e soñaba mais da conta; pero oxe en día xa non confunde moiños con xigantes; loita cos ollos moi abertos — e con infindo sagrifizo —, e agarda o xuizo dos homes de ben, que s'ha de trocar en forza, sen faguer moito caso dos enredos diplomáticos.)

Non-o han de vencer d'esta vegada, nin arrivitos feixistas nin bachilleres pseudo-demócratas.

A mentira é un carafuncho. Inxa e reventa cando está maduro. ¿Coidades que inda pode madurecer mais?

R. D.

# ESTAMPAS E MONIFATES

## A exhibición do crime

Durante moito tempo os facciosos non tiñan pudor. Non é mester un servizo de espionaxe nin outro xeito d'información confidencial para coñecer o que eles mesmos pregoan. Ainda que agora se recatan algo mais, ao se enteraren da sua necedade por xuizos alleos, fixeron sempre do impudor unha técnica. N'esto o feixismo hespañol seméllase aos precursores, de Mussolini e Hitler. A manía da propaganda levu ao feixismo a toda eras de ostentacións. O asesiñato é unha técnica. A ostentación do asesiñato para acrecentar a eficacia do terror é tamén unha técnica. O propagandismo faccioso fai carteles vivos — é dicir, *mortos* — c'unha falla de vergonza que sobrepasa canto se poidera maxinar. Moreas de cadáveres insepultos, deixados pol-os executores â veira dos camiños, suplicios aparatosos â vista de quen queira velos, o consabido aldraxe de rapar âs mulleres o cabelo e de lle marcar a frente con letreiros, eran — e son ainda — ao mesmo tempo que mostras do seu ensañamento, formas da sua propaganda terrorista para escarmentar...

Mais n'ese propagandismo macabro agáchase tamén unha morbosa e frenética vanidade. Mostran o crimen, exhiben a saña refinadamente, para luciren o seu poderío. N'esa patolóxica fachenda descúbrese a sua radical debilidade. A cobardía fainos feroces, estremecens até o delirio na represión. A vanidade fainos ainda gozaa. Por unha banda e por outra, as duas tácticas combinadas — terror e propagandismo — son levadas a tales eiceos, que

UAB Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

si tivesen, ainda que precaria e provisional, algunha «utilidade», rematan sendo armas contra os que as usan.

Un exemplo entre moitos: en Rivera de Fresno (provinza de Badaxoz) organízanse procesións coas nais dos asesiñados á víspera. O cabelo rapado. N'un mechón, deixado co-ise fin, o lazo monárquico. Na cadea obrigáronlles a adeprenderen unha parodia de responso. A procesión das nais vai cantando águbremente, a xemer, o choquiño responso. Detrás, acompasada, aparatosamente fúnebre, unha banda de redoblantes. Seguindo este cortexo, pomposas, cheas de fachenda, van as «autoridades». ¿Pódese concebir unha cegueira mais espantosa?

As «autoridades» quérense autorizar definitivamente, custe o que custe, han de poñer no curuto do mando a sua esfiedade, e agora alardean d'ela, atrás dos redoblantes e das nais «cantoras»...

Chegan ao mais espantoso e tamén ao mais ridículo... En Galiza tamén se ven nenos co cabelo ao cero e unha bandeiriña monárquica prendida nun rulo que lles deixan... Para escarmento como sempre, e quizais n'este caso tamén para afirmar a autoridade d'algunha catequista.

E en fin, outro exemplo tráxico, no que se mostra resumida como n'un esquema a psicoloxía feixista. Despois de ser bárbaramente maltratado nun cuartel de falanxe, un obreiro foi levado co torso en coiro pol-as ruas da Coruña para exhibir as chagas.

## Pedagoxia facciosa

Co nome de enseñanza relixosa os feixistas hespañoles restablecen na escola o verbalismo valdeiro das beatas.

— Ave María Purísima — ten que dicir o neno ao entrar.

— Sin pecado concebida — responde o escolante.

Ningún dos dous sabe o que di.

Certos días da semana vai o crego á escola. Toma a leción de cartilla e fai unha plática grotesca. Mestura a relixión con Franco, bufa, disparata e pon remate ao seu discurso co consabido ¡Arriba España!, que os nenos teñen que corear. O mestre dobla a espiña e sorri poñendo cara de cura ou de falanxista, según o temperamento (ou de lobican, si é cruzado).

Os nenos galegos das cidades e das vilas teñen os ollos moi despertos. ¿Cómo poden resistir a súa craridade ous dous esperpentos da comedia, escolante e crego?

Os nenos campesiños, coa súa inocente perplexidade, farían caer a careta do escolante falanxista, si tal escolante tivese cara debaixo da careta.

A cara de cartón non se estremece. O neno di: «Ave María Purísima», e lembra o que veu na vila, na aldea, na cidade, o que fixeron os compinches d'aquel que responde: «Sin pecado concebida». (Os compinches e tal vez él mesmo.) E haberá nenos cuia irmán foi aldraxada brutalmente.

E moitos, cando teñan que corear o berro falanxista pensarán qué monstro será esa Hespaña que asesiñou a seus irmáns mozos — ou a seu pai vello — e mandou rapar o cabelo a sua nai, ás irmáns... Pero o neno ha de dicir tamén: ¡Arriba España!»

•

Volven as vellas prácticas. Preguntas e respostas. Perguizá do escolante que resolve sempre con pau o que non sabe resolver con esprito. Rosario aos sábados. A escola sinistra, cun enseño relixoso que non é para nenos — nin para homes, que cando poden fuxen de semellante vergonza —, senón para corvos, bruxas e entangarañados. A escola volve a ser triste, volve a ser idiota.

¿Fantasía nosa? Os testimoños non son somente d'anfíbicistas evadidos. Son... da prensa facciosa. Quen se preocupa da educación dos nenos, sexa ou non escolante, si quere rabear ou rir, lea a sección «pedagóxica» dun xornal d'alí. Si o disparate repetido non chegase a aburrir, teríamos nós para encher unha longa sección humorística sin mais traballo que o de mandar recortes ao linotipista, recortes «pedagóxicos» ou calisquera outros. Moreas de chistes — que eles din de veras — pódense escolmar cos ollos pechados.

E volvendo a traxedia da escola... Non hai moito tempo liamos no *Pueblo Gallego* a reseña d'unha conferenza dun «escolante «distinguido». O home, influído ¡pl-o García Sanchiz, fai un palique cursi — ¡probes nenos! (estaban alí) — do que non é dado resumir nin sacar nada en limpo. Por outra parte non val a pena pasar ese traballo. Da sua calidade pódese xusgar pol-o que sigue. Rematada a «teoría» o home fai unha demostración práctica. (Para iso estaban alí os nenos agardando.) Esprícalles a pasión e morte de Cristo, con grande alarde de naturalidade — moi para nenos, coidaba él (para cretinos, verdadeiramente) — e no intre en que s'ha de escurecer o ceo e hase de conmovel-a terra, invita aos nenos a faguer o simulacro dos tronos e do terremoto petando en crescendo, até chegar ao estrépito, cos pes no chan... Unha vez. ¡Moi ben! Imos agora a repetilo... Mais a modo ao comenzo. Agora, forte, mais forte... D'iste xeito, dicía o home, danse conta prácticamente. E aquel era un escolante falanxista dos «distinguidos». ¿Falou no Paraninfo? Había moita xente de rumbo. O home foi moi aplaudido. ¡Probes nenos!

## Os pantalons do Crego

¿Non vos lembrades? Había uns cregos que sempre estaban a temer que as veiras da sotana se confundisen coas d'unha faldra. Eses cregos deseguida se arrichaban. E cando se arrichaban dician: ¡Aquí debaixo da sotana teño uns pantalóns! Con esto quería dicir que, ainda que era crego, era un home. E para demostrar que era un home arreabo sopapos, casi sempre sen razón.

En certos casos pódese asegurar que o crego sopapista, houbera sido mais pacífico si podera levar os pantalóns ao descuberto. Así non tería que demostrar que

UAB Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

a sotana non era unha faldra. Esa cuestión podía nel mais que os evanxelios, era o seu evanxelio. ¿Motivos para faguer «aler os pantalóns? Calquera... Por exemplo, unha copla, no campo da romaxe, que él coida, que vai por él. (Por causa d'él, e despois do sopapo custodiado, os civiles teñen desfeito moitas festas.)

Os cregos pantalonistas — que non hai que confundir cos empantalonados (algúns cregos antigos, casi sempre mansos, que usaban pantalón para andar a cabalo, e ainda a pé)—, os pantalonistas ensotanados eran decote moi amigos dos «civiles». De par do crego o cabo sentíase mariwn. De par do cabo o crego sentíase home, sen deixar de ser crego. Pero ¿quén pode penetrar nos labirintos da psicoloxía dun crego e dun cabo que se fan compañía pol-o contraste dos uniformes? Deixemos a cousa así.

O certo é que moitos d'eses cregos (hai que supoñer que fosen d'eses) disfrázanse agora de «civiles» e van co piquete pol-as portas, de noite, a buscar homes para a cadea ou para a morte. ¿Disfrazarase de crego o «civil» para prestar os derradeiros «auxilios espirituales» aos moribundos? Parece que non, pol-o d'agora. N'aquel complementarismo de indumentos, é saturante, pode mais o pantalón de cabo.

Pol-o visto son felices esos cregos. Están no seu. Pol-as vereas e pol-os congostos, van faire o luar vingándose das faldras empantalonándose sinistramente.

Alá pol-a madrugada, canta os galos — como no evanxelio. O crego do tricornio *nega*. Alborece o día, e él nega.

Pol-a mañán, xa en crego, e que a custodia.

Félix MURIEL

# A TRAICION DOUTORADA

Primo de Rivera (o pai) era argallante, bebedor e arbitrista. Coidaba tel-o segredo da grandeza d'Hespaña. É mai común nos militares de educación semellante — en canto saben botar un discurso, discutir no casino e convencerse de que non son parvos — coidarse demasiado listos. Así, Primo de Rivera pensou que tiña a clave dos problemas d'Hespaña. Era mesquiño, domático, borbónico, no seu xeito d'entender o problemático hespañol. Pero non era mais ancho o hourizonte do caciquismo dominante. El sinteuse «superior», e quizais tivo pol-o menos unha hora de boa fé. Certo que era fachendiso, frenéticamente fachendiso, e sempre é moi dudosa — mesmo n'esa hora de boa fé que se lle pode conceder — a boa fé d'un fachendiso. Todo o que n'él había de raposo foise mostrando en pouco tempo, e a menor crítica — ferindo a sua vanidade — abondoulle para xustificar en diante a mala fé. A vanidade faise deseguida vindicativa. Si a lisonxa non é unánime, perde a cabeza. El non tiña moita cabeza que perder, era unha mala cabeza, pero perdeuna de vez. O caciquismo — enfermedá do borbonismo — fixose descarado, convirteuse n'un «porque sí» fatuo, cuarteleiro, baixo o poder d'aquel retórico. Casi non se pode falar do seu poder. Era un intermediario que non quería darse conta do seu papel. E quizais a concencia segreda do papelón ingalalle e erguendo como crista de galo o «porque sí». Pero él non se abondaba para se consagrar. Dixo verdadeiros desatinos, barbaridades «históricas», da universidade. Tiña celos da xente doutorada. Sentía vixiada de reollo a sua retórica de cuartel. E, por fin, fixose doutorar «honoris causa» en Salamanca.

O papelón d'aquella universidade foi sonado... Mais agora, a de Valladolid podemos dicir que fixo algo mais indino. ¡Doutorou a Franco! ¿Houbera chegado Primo de Rivera a suportar o aldraxe da invasión estranxeira? Sen honor foi doutorado Primo de Rivera. C'un inferno de deshonor enriba do seu nome, Franco acaba de recibil-o mesmo título. «A propuesta del rector — di a notisa, que lemos n'un xornal de San Sebastián —, se adoptó, por aclamación entusiasta y unánime, el acuerdo de nombrar doctor "honoris causa" de esta gloriosa Universidad a su Excelencia el Generalísimo Franco, símbolo augusto de la nueva y grande España», etc.

A «kultura» feixista vai así escollendo aos seus homes... En Valladolid, honora ao máximo traidor. En Alemaña... Vede eiquí un dos exemplos derradeiros: o nome do gran escritor e humanista Thomás Mann acaba de ser borrado da lista de doctores honorarios da Universidade de Bonn.

FOLLETÍN

por Seoane




¡O autor!

UAB Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

A SORTE DE PORTUGAL

# O IMPERIO DOS FINCHADOS

Portugal estase faguendo cada día mais pequeno. Non que perda colonias — que, por certo, non están moi seguras —, senon que perde grandeza natural, proporcións de alma e corpo, bó xuizo nos medios, dignidade no fin. Aquel énfasis que se atribuía aos portugueses dos derradeiros tempos, cando o xesto resultaba desmedido en comparanza co poder, tiña siquera, duas caras: unha, quixotesca, fondamente simpática para quen soubera ollar a Portugal de preto e ter con él nostalxia da sua groria; era, si se quer, a face «teatral» da saudade, unha máscara estremosa, mais que agachaba unha virtude; a outra cara era esa mesma sen virtude ningunha, a consabida «finchazón» do portugués vulgar que ostenta unhas insinias. Esa outra cara — do mesmo énfasis — era xa como unha concha valdeira, e facíase cómica ou desolada, según fose a luz con que a ollásemos. E nós olábamola c'unha acongoxada simpatía, e endexamáis puidemos rir sen door os contos que corrían sobre o tema, porque no fondo d'él había door... E non podíamos tolerar que un argullante poderoso — e quizáis con menos groria — se rira dun argullante sen poder, que ainda se quenta un pouco sobre as brasas do seu blasón desfeito.

Aquí, n'esta Hespaña, a «concha» non estaba valdeira. Mentira, envilecimento, acobeixábanse n'ela. E os que ainda tiñan algunha virtude — das novas ou das antigas, si n'esto pode haber novedade —, escacharon o propio énfasis e rironse furiosamente do blasón conque os vellos poderes, xa fedendo a verme, queríanse blasonar ou defender.

Isto pasou entre nós, e pareceu que istevéramos a rirnos de nós mesmos. Por decoro patriótico fixémonos «antipatriotas» aos ollos vesgos dos que un día calquera — como xa se ven — habían de vendel-a patria. E en Portugal mesmo unha fonda e san ironía estaba xa a cundir; non tan áspera, porque, d'aquelas duas caras, a valdeira ainda non se fixera odiosa. (Falamos do tempo en que escrebía Eça de Queiroz «A ilustre casa de Ramires...») Despois...

Despois pasou alí o mesmo que n'esta Hespaña, pero quizáis o espírito estaba mais desarmado, e Portugal caeu mais baixo, sen que se vise medral-a forza de honestidade radical que ten de soerguelo.

En troques o énfasis medrou, pero xa non-o salva o romantismo que n'él se traslocía denantes, nen o valdeiro puro que fai rir ou pon door na alma, según se olle.

Medrou o énfasis, mais a estilo feixista, con policía e tundas e piolleira e podre debaixo do blasón. E o blasón mesmo fíxose servil. Agora sí que nos rimos furiosamente do «portugués finchado». Cos ollos vesgos, en lixentos tratos, tortuoso, brutal e servo, o «portugués finchado» está faguendo a Portugal pequeno, cada día mais pequeno...

Pero un día o «finchado» ha de estourar, e Portugal, en paz ou ensanguentado, toparase de novo co seu grandor natural, (coa sua honestidade).

OS QUE CHEGAN A NÓS

# DESDE A VEIRAMAR

*Semblanza d'un mariñeiro. — Como pasou da raia portuguesa. — Cousas que conta de Galiza. — "A lei da cuneta" — Traballar para eles... e con fame. — Cinco pesos por un home. — Camaradadas da crueldade: Os orfos marxistas. — O bispo rexo. — Lareiras encomendadas. — Asesinos e cómplices. — Os estranxeiros en Galiza. — O heroismo d'unha nai galega*

¡Un mariñeiro, mozo, e de Sada! Este é un, que ten nome, parentes, compañeiros, moza, e quizais alcume. Un mariñeiro de verdade, co sañal do salitre, do sol e do vento marriro na cara, nos cabelos, nas mans, que ainda recordan o aparello; e coa inxeleza brava que deixan para sempre, no rir e no falar, os tempos en que se foi neno indo moi seriamente para home (sendo rapaz d'abordo que vai para compañeiro), e despois compañeiro que vai para patrón, e ollando con respeto aos que teñen saber madurecido en esperencia. Rapaces así, nestes tempos, chegando da nosa terra a través da fronteira de morte que oxe divide a Hespaña, limpan o hourizonte, suprimen por un intre esa fronteira e poñen preto, máxicamente, aquel porvir de sanidade que virá coa victoria. (En dicindo victoria, entendese nosa, pois a d'eles non sería victoria, senon envilecimento, algo peor que morte cando se fai crónico. ¿A quen se lle ocurre falar da victoria d'unha enfermedade?)

Este rapaz quixera contarnos moitas cousas. Empeza, di unhas poucas verbas, arrebátase e cala, como si xa dixera todo. Ben mirado, todo o que ten que dicir para que adiviñemos o que sinte está xa dito coa franqueza do rostro e a ledicia de se poder franquear. Ese «poder» abóndalle, e coida que está contando moitas cousas... todal-as que sinte, todal-as que ha d'ir dicindo na libre conversa en moitos días... Non quixéramos «profanar» esa espontaneidade, convertindo un anceio comunicativo en «declaración»... Inquedos, vacilamos de-



UAB Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

nantes de perguntar. Temos premeiro que nos convencer de novo, intimamente, de que comprimos un deber. Un deber limpo, grave, tráxico. Lembramos aos que non saben, aos desourentados. Lembramos tamén aos que, sabendo, calan cobardemente. Medra o noso coraxe lembrando aos que minten e embrullan a conciencia os feitos, aos que prostituien o seu esprito faguéndose cómplices do crimen. E d'aquela, sí, perguntamos. Moi seriamente, casi ásperamente. Con gran sorpresa nosa, a espontaneidade do mariñeiro non é profanada. «Declara», sí. O seu esprito inxel mergúllase na esfera da xustiza e da verocidade, e sigue sendo o mesmo, mais co «aquel» dos intres gráves.

•

Diade Sada, él e outros compañeiros da sua quinta, obrigados a se incorporaren ás filas feixistas no derradeiro mes de xulio, foron levados a Coruña, e d'alí a Logroño, a adeprenderen a instrucción. Déronos por listos deseguida. Por Burgos, Valladolid e Salamanca trasladáronos ao frente de Toledo (rexímento de Bailén), onde moitos d'eles escomenzaron a preparar a evasión, que xa viñan matinando dís-de Galiza.

— ¿Cómo conseguiste fuxir?

— E custión de s'arriscar, cando un está n'unha avanzadilla de noite. D'unha vez tiña que matar ao cabo, que non era dos «nosos». Estiven a escismar. Acheguéime un pouco a él. Saquei a baioneta...

— ¿E?...

— E volvina a meter na funda. Non tiña callo para matar así aquel home.

— ¿E da outra vez?

— Estábamos tres d'acordo. Estábamos xa dous na avanzadilla, a agardar pol-o outro. Non remataba de chegar. Facíase longo o tempo. Tiñamos medo de que todo se descobrise, ou de que escomenzase a alborecer. ¿Iamos xa?... Dudábamos. Por fin, quitamol-os zapatos (¡quen tivera os pes de lan!) e fuximos. Ouvimos que alguén nos chamaba. Viña a correr atrás de nós. Era o compañeiro que agardábamos. Sonou un tiro, e vímolo caer... Non se me esquence. Estouno vendo... Non sabemos o que pasou. Non tiña remedio. Seguimos... ¡Por fin, déronnos o saltos! ¡Estábamos diante dos parapetos leais!

•

Mais de vinte d'aqueles mariñeiros galegos que fomos levados a Logroño, e despois a Toledo, topámonos agora en campo leal. Pouco a pouco, según se poida, eu sei que s'han d'ir pasando todos. Hémolos d'ir vendo eiquí... aos que non se queden na mitá do camiño, que algúns sempre caen, xa se sabe.

— Cóntanos agora algo de Galiza.

— Alí non se respeta aos homes. Os civiles, que sempre tiveron gusto en asoballar á xente, agora son os mesmos, pero mais peores. Fixéronse ainda mais bestas, mais argallantes, perderon todo freno, e á sua brutaldade chámanlle autoridade. Pol-a menor causa enseguida ameazan con aplicar, como eles din, «a lei da cuneta». (Xa se entende... Son moitos os homes aseiñados por eles e pol-os falanxistas, que se ven guindados nas cunetas das carreteras.)

A probeza é moi grande, e nin siquera poden remedíala un pouco os cartos que veñen da América. Os feixistas incáutanse do diñeiro que mandan os emigrados.

Os armadores botan dos aparellos a todol-os que s'houberan señalado como simpatizantes d'as esquerdas. Así quedan moitísimos homes na miseria.

En Sada, e en moitos sitios, «as autoridades» fan traballar á xente gratis... ¡E siquera fose xente folgada e ben mantida! Mariñeiros que estiveron toda a noite no mar, e que moitas veces volven sin peixe, han d'ir a traballar pol-o día n'esas «melloras» que queren facer, aprovecitando a tiranía, a conta do corpo dos probes. Somente se libran os que se poden redimir con cartos. O que non-os ten para se manter, ten qu'ir a se desmellorar nas melloras, sen gañar un codelo. Os patrons teñen que presentar a lista dos que van e dos que non van a eses traballos; é dicir, teñen que denunciar aos que faltan. D'outro xeito non lle arreglan o rol para poder sair ao mar.

•

Fáiselle moi difícil vivir alá a un home d'honor. A verdade vese na cara, e eles perséguena de morte.

— ¿Siguen cometendo os mesmos crimes?

— Nunca lles faltan pretextos. Despois da caída de Bilbao, os feixistas obrigaron á xente a se manifestar. En Sada pasou o seguinte. Iban pol-as tabernas chamando aos homes, para que acudisen á manifestación. Un dos chamados, José Jerpe, fíxose o desentendido. Pol-a noite fórono a buscar á sua casa. Fixérono erguerse da cama, non le deixaron tan siquera poñel-as botas. Leváronno descalzo, a medio vestir. Pouco despois ouvíronse unhas detonacións. Ao seguinte día pol-a mañán apareceu morto no arredor da vila. A muller déronlle «os cinco pesos» que dan a unha viuda pol-o hombre morto. E ela non sei si tivo que aceitalos, porque o desaire podía caer por enriba dos fillos. Eran capaces de se vingaren...

De todo xeitos, aos dous rapaces herfos fixéronos ir vestidos de nazarenos n'unha procesión, a o outro día de quedar sen pai.

— ¿Para qué? ¿Para escarnecelos ou para «santificalos»?

— ¡Eu que sei! Por cirexes. Son cousas d'eles e das bestas.

Outro que apareceu morto n'un campo, non hai moito tempo, foi o segredario do ramo da construcción da CNT, José Neira. Aldraxárono espantosamente. O cadaver apareceu todo esmaguentado, e cuas partes xenitales cortadas e postas na boca. Fan cousas que dá vergonza contalas.

En Mondego mataron, entre outros, a Carballeira de Meirás. A irmán laionse, protestou, como é natural. En vista d'eso, déronlle unha tunda, rapáronlle o cabelo e mandárona para Sada, que era onde denantes vivía. En Sada, os feixistas impuxéronlle o castigo de barrel-a praza todal-as mañanas, c'un gorro encarnado posto na cabeza.

Fan as carnavaladas mais aldraxantes, cousas que non se

Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

men... Agora, ao vir [illegible], parece que desperto. Alí vaise afacendo un, e os disparates pasan como n'un soño. Hai moitas cousas que ainda non se poden dicir, para non perxudicar mais á xente leal que vai liberando. O mariñeiro [illegible] cada es[illegible] revela[illegible] [illegible] [illegible] con que se defenden, loitan e axudando os que non poden fuxir d'aquel mundo de pesadelo. E despois [illegible] O que se debe pregar é o nome dos que dirixen aquelas indignidades. En Sada son, principalmente, Miguel Sanxurxo, xefe de JONS, e Guillermo del Valle, que é quen obriga aos mariñeiros a daren vivas aos feixistas. Esa é a «propoganda» que fai, e os que non lle siguen o gusto son tratados a paus. Eses dous botarates son influidos pol-o médico Antonio Pose, un home hipócrita e sinistro, a quen a xente sinala como indutor. (Ese Pose, cando outro médico chegou ferido do frente, fuxeu de Sada para Vigo, temendo que o destinasen para sustituir ao compañeiro.) A pandilla de asesiños que obedecen a eses «dirixentes» e fan outras falcatruadas pol-a sua conta son os fillos de Nicanor, os Telleiros, os de Joaciño da Llufa e Pepito Furis, un larizán e vago de toda a vida, que agora subeu por eses méritos ao posto de alcalde. ¡Ben desgraciada é a nosa terra!

E ainda enriba veñen os estranxeiros a humillala mais. Os mozos das quintas mais novas son «instruidos» — tratados a zorregazos — pol-os instructores alemans. As bandeiras dos invasores vense por todas partes. Os letreiros das estacions — nas que mandan os extranxeiros — están repetidos agora en italiano.

A xente do povo agarda como a gloria o intre en que serán barridos os bárbaros d'adentro e d'afora. E a indiñación estrala por veces. A unha muller matároulle dous fillos. Quedáballe un, e fôron por él para levalo ao frente. A nai recibeunos a tiros. Non daba rematada a sua furia. Un, dous... hasta sete guardias de asalto foron caendo a terra diante d'aquela muller, que ainda pudo fuxir, perseguida por un piquete. Costoulles traballo prendela. Fusilárona. Pero xa non morrerá mais no recordo.

Así ha de ser Galiza no seu día.

**O PROGRESO...**

# ¡As estradas galegas!

Para facilital-o trafego militar — case o único que se vé pol-as carreteras galegas — os feixistas obrigan a traballar no seu arregio a mulleres e homes vellos. (Os mozos, deica unha edade bastante madura, son levados aos frentes). O traballo é gratis. E a mesma obriga de traballo gratis — aos que non se poden redimir con cartos — imponse para outras obras. Todo isto era xa sabido. Agora podemos dar algúns datos máis, por testimonios de xente evadida do Ferrol e da Coruña:

As xornadas de traballo gratis son de dez e doce horas. (¿ De canto serán as de traballo retribuido?)

A xente que ten que ir a ese traballo sabendo as condicións esgotadoras e humillantes en que se fai, é a máis probe. E n'estes tempos en que a probeza xeneralisouse en Galiza, probe quer dicir xa non ter que comer. Case todos eses traballadores, de non certificaren unha probeza asoluta, ao rematal-a xornada volven aos seus lugares a comer da sua miseria, a engañal-a fame.

Aos que teñen unha asoluta probeza demostrada, danlles un rancho que nin coa fame máis dura apetece, pero hai que comelo se non se quere morrer, porque desde a hora en que o dan — as seis da tarde — até o día seguinte á mesma hora (traballando dez ou doce) non se come outra cousa...

Así vense mulleres e homes anémicos, cos ósos á vista, a cara de cera, os ollos pasmados e unha espantosa derrota moral en todo o ritmo desfeito do seu corpo, a traballar nas estradas, por onde hai moito tempo que non se vé o trafego da paz.

¡ As estradas galegas ! ¡ Escravitude e crime ! ¿Quén poderia esquencer os centos e centos de mortos que apareceron n'elas? «A lei da cúneta», din os civiles e os falanxistas, sabendo que xa se entende o que queren dicir, sen dicir máis...

E algúns dos que fan eses traballos forzados n'unha estrada, saben que foi «n'aquela volta» onde se topou o cadáver d'un achegado ou d'un amigo, ou d'un home de ben que coñecian de sempre...

## Lección de feixismo

Unha aldea galega, Miño, na carretera de Betanzos a Xuvia. Poucos veciños quedan. Dos mozos, ningún.

Hai unha paz triste, como de mal agoiro. Gran silenso en pleo día, mais non aquel silenso misterioso das aldeas galegas nos bós tempos... O silenzo d'agora é distinto. A luz sinte vergonza...

De súpito, por unha venela, facendo bulla que non se sabe si é carnavalesca ou infernal, asoman falanxistas e civiles. Levan a rastro un mullo de sangue e de alaridos, unha muller medio en coiro, á que van dando arrempuxóns e culatazos; tirando d'ela, pol-os cabelos, pol-os brazos, cando cae no chan.

Xa está no medio da praza.



UAB Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

Acuden algúns veciños... E poden ver e ouvir o que xa non esquencerán. Oen inxurias, aldraxes viles e desvergoñentos. Ven como se lle caspe a unha muller na cara. Ven o gusto feroz conque uns dexenerados se achegan a ela para fenderlle a carne con navallas. E ven por fin a un asesiño perfecto, un civil chamado Casanova, que pon remate a todo aquelo, descargando todal-as balas da pistola na cabeza da desventurada.

¿Quén era esa muller?

A maestra da aldea. Todol-os veciños saben ben o seu nome: María Vásquez, d'ideas xenerosas...

Alí quedou na praza, «para escarmento», nunha poza de sangre e lodo, durante seis días.

Todol-os nenos e nenas que iban á escola viron á maestra desfigurada n'aquela charca de sangue. Seis días durou a lección de feixismo...

## Eureka d'orangután

Hai estes grados: a represalia, a venganza, o desafogo criminal (pero ainda pasional), o crimen (sen atenuantes) e, derradeiramente, algo en que se misturan a criminosidade histérica e o ridículo. D'ista especie son moitos dos exempros da criminosidade feixista.

Algún día catalogaranse os feitos e verase a grea dexenerada, vesánica, con todal-as formas do cretinismo moral, que se desatou na nosa terra ao amparo do impunismo. ¿De qué semente serán?

Entre as formas de venganza ou de refinamento, hainas propias das bruxas.

Dar de paus a unha muller, parece que abonda... Fagnel-o mesmo con moitas mulleres e darlles aceite de ricino con aserrín, ademáis de cruel é estúpido, e fai lembrar aos orangutáns das películas sinistras. Raparlles a cabeza... ¿Para qué ese novo aldraxe? Pero aquí ven o refinamento de bruxa. Unha de esas mozas — telefonista — ten un irmán barbeiro. ¿Hai que raparlle a cabeza? (Eiquí resplandece a cara d'un falanxista. ¡Eureka!) ¡Que lle rape o cabelo o mesmo irmán! E así se fixo. (Axuntamento de Miño. Chamábase a moza Rosalina González Santaren.)

OS TÓPIÇOS POR DENTRO

# INDIVIDUALISMO GALEGO

Por Rafael Dieste

Era xa un tópico, e un argumento de sempre para sair ao paso de calquer anceio de reforma social en Galiza, aquelo do individualismo galego opóndose á certas iñormas que requerisen esprito de comunidade.

Ningúen sabía ben de qué se trataba. Aquel escepticismo ía envolveito ás veces por un sorriso de gran psicólogo, e outras mergullado en vaga luz, que parescía manar dos ollos d'aquel que estaba no segredo.

Entre eses dous fitos, un de maliza, outro de éxtasis, o esprito ficaba como suspenso e sen forzas para xulgar, pois non se sabía ben si aquelo, o famoso individualismo, era un xeito de picaresca ou de santidade, ou si sería talvez as duas cousas mesturadas.

Decíase tamén, por outra banda, que nós os galegos, tiñamos unha infinda elasticidade para acomodar o noso ser, ou a nosa aparenza, aos máis distintos climas e aos compromisos máis opostos. E a individualidade d'un galego ficaba así a pique de ser enxergada como unidade puramente biolóxica que se defende acomodándose.

Mais d'aquela, ¿por qué falar de individualismo e adaptación como d'insinias distintivas do noso carácter, cando son cousas que ao seu xeito ostentan (e por veces disimulan) todal-as unidades vivas? Ningún ser vivente é suicida por natureza. Mais aínda, un suicida é moitas veces un individualista que se pasa da raia no individualismo e xa non topa en sí mesmo aquel outro resorte natural da vida: o anceio de convivir.

¿Sería que un galego, en troques de vivir, acolle mellor que os homes d'outros povos calquera xeito de convivenza? Entón faltaríalle o que distingue a un ser vivente determiñado como esprito, é dicir, a unha persoa: faltaríalle dignidade, ou sería menos persoa que outros homes. ¿Querían dicir de nós semellante aldraxe os que nos caracterizaban d'aquel xeito? ¿Non habería en todo iso unha perigrosa ambigüedade que convén esparexer?

Os que así falaban eran galegos e, sen dúbida, querían dicir algo bó (non sendo os que dicían esas cousas para defender, fose como fose, o seu estoñado conservatismo).

•

¿Non se fala tamén do individualismo hespañol en xeneral, do inglés, do francés, etcétera? E, en canto ao ruso, ben sonado era. Resoltos co-iso o mesmo que con outros rasgos que se cuidaban propios do labrador galego e que, en realidade, eran de todol-os povos campesiños que vivían en réxime semellante. E, en fin, nin siquera se pode dicir con rigor que fosen os labradores de pequenos eidos os que monopolizasen o recelo, a solermia, o «individualismo». ¿Non había todo iso na cibdade, e en formas ainda máis tortuosas e es-

UAB Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

rizadas?

Postos a pensar por este camiño' o asunto esvaécese, ou faise tan universal que xa non parece ter un singular interés para os galegos. E, nonstante é cousa nosa, ou ten para nós un xeito d'interés moi específico...

•

Un tópico é moitas veces unha verdade botada a perder pol-o mal uso... Vefamos á realidade: ¿Cómo vivía un labrador galego? (Dicimos «vivía» por descartar agora deste comentario o tráxico presente).

Iste era o cadro. Tiña, cando a tiña, unha pequena leira; e cando tomaba unha en arrendamento afeizoábase a ela como si fose sua. A unha pequena empresa isolada, e, para o seu sentir, desvencellada do conxunto, ficaba referida a sua personalidade. Aquela pequena terra enchía o seu pensamento ano tras ano. Era o pan dos fillos, pero tamén, ao fin, o centro de gravitación do seu esprito.

Outro xeito de sociabilidade — non sendo a desinteresada dos vellos amigos e das festas — era pra él algo descoñecido, unha ameaza de compromisos inagardados que se lle podían botar enriba sen honor nin proveito.

Si él vía que dous persoaxes estaban a se debateren pol-o mundo, estremecíase un pouco, temendo que o viñesen a ensarillar na contenda, pois aquelo que se debatía estaba fora do seu mundo, pertencía a ise mundo de onde veñen as contribucións e onde medran os caciques. ¿Outro cacique máis? Sagrificarse por un en contra do outro? Non val a pena... (Por veces poñíase baixo o amparo d'un cacique para se defender da lei, buscando na servidume a independenza que non topaba na ensarillada, elástica e ambigua legalidade.)

Mais non sempre era así, e ben sabido é que cando prende nun labrador noso a confianza na xustiza, arde o seu entusiasmo c'unha chama tan limpa, e medra de tal xeito, que o mesmo que plantou o lume tópase moitas veces superado. E téñense dado casos, ainda non esquencidos, de ver ao pirotécnico fuxindo da queima, ou indo a vender aquela forza ao mundo de onde veñen as contribucións e onde medran os caciques.

E entón o labrador, entristecido, volve a recoller o seu esprito, como nun mosteiro, n'aquela pequena empresa que o ten a esciamar todo o ano, pero que ten lei. Non sempre chove cando fai falla, mais aquelo non minte. Cando chove, chove. E a terra di sen doblez «son fraca ou farturenta».

•

Si, xa sei eso dos preitos. Pero, ¿onde non os hai? Sigamos fuguendo o surco fondo e deixémonos d'hestorias.

Fora da relación coa terra e co misterio que une o proceso da maturidade ao movimento do ceo; fora do compromiso, tan serio, coa parenta e cos fillos, quedáballe ao labrador, como outra cousa seria, a relación consigo mesmo, a sua soedade. ¡Cántas cousas, alí, que non teñen nome! A alma é fonda e vagorosa. Está como agardando verbas e anceios definidos. E ás veces vaise solermiñamente, case que sen ser vista, como o sol cando pasa alá por enriba do nublado.

¿De qué ven despois certo xeito d'adaptación? O s'adaptar é cousa boa, pero por veces parecería un seño de que un home non ten figura persoal, de que lle falta esprito ou de que lle sobra malicia. ¡Non é así n'este caso! O que tal pensa non se asomou endexamáis ao esprito inxel d'un labrego ou d'un emigrado.

Fora das condicións comúns de loita pol-a vida, nas que moitos galegos teñen que compensar con flexibilidade certas desventaxas (e iso é propio tamén de continxentes que proceden d'outros povos mal atendidos), velequí o que sucede ao noso personaxe: o mundo en que entra non entra n'él; é un mundo «d'afora», e tanto máis d'afora canto máis valdeiro. Sobre todo aquelo non ten xuizo persoal — porque a fonte de onde podería xurdir ise xuizo non foi aberta ou manou por outras veas. O que él sabe, o que él sinte, o que viveu no intre de máis plasticidade íntima, non ten que ver con todo aquelo; nin se lle deron medios para que vexa de qué xeito aquelo é humán e incámbelle... Así fica, no fondo, isolado, e a semellante isolamento chámaselle despois individualismo. (Isolado estaba tamén cando labraba a sua terra, porque a lei era «de fora», valdeira, e non unía, senón que separaba. E o divorciado por forza, ten que ser ou parecer máis individualista que os demáis, e ten que recear e estar disposto a simulacros para se defender do simulacro.)

Mais o noso persoaxe é anulado ás veces por todo aquelo que non ten que ver co seu orixe; e como aquel mundo d'afora non lle entra, él sai de sí mesmo e quédase valdeiro. Virase un ché, un monifate, que non debía dar motivo de moufa, senon de enternecimento. ¡Pero hai que se moufar ben d'él, até volvalo de novo ao seu adentro, ao seu orixe!

Vede o que pasa entón: alí síntese desconsolado, porque hai mil anceios que non teñen forma. A *orixinalidade* fica inefectiva. A natural ambición de ter formas, aparencia, de ser — no mellor sentido da verba — persoa visible, ou sexa «persoaxe», non topa camiños de desenrolo; e así, ou fica en vaguedade, ou torna ao disfraz... Por veces vai dar ao cuxebrismo, mais indo por ese camiño non se adianta nada.

•

Quen comprenda ben ao ché, estará preto de topar a encrucillada moral de onde xurde o feito ambiguo do «individualismo galego», e veraio en duas formas: como defensa da persoa que non quer ou non consigue entrar nun mundo valdeiro ou sospeitoso, ou como



UAB Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CÉDOC

fracasa en superficialidade cando, querendo entrar, fica desvencellada do orixe ou *arremedando* os orixes dun xeito vistoso, pero descompasado e, no fondo, fúnebre.

Dar motivo e vieiros á fonda persoa dun galego nascido no agro ou na veiramar, para que se manifeste e non quede amortecida ou forzosamente isolada: velahí o noso problema. Por ise lado hai que ver tamén a custión do orden económico.

Así, non veñades co-iso do individualismo cando queiramos fundar esprito de comunidade. ¡Qué exemplo máis belido e mellor blasonado d'ese esprito que unha vella lancha tripulada por mariñeiros das nosas costas?

Mais non vaiades tampouco a faguer comitês de homes valdeiros, con casca de doutrina...

¡Persoas, queremos!

•

Ista custión é tan viva en Galiza, que nos dá aos galegos certa esperencia e tino para vela tamén plantexada no mundo. ¡Si a resolvéssemos alí!

Pensar oxe en Galiza é sentirse moi nidiamente hostil a isa barbarie impersoal, ainda que *folonista*, que amenaza ao mundo co nome de feixismo.

Desde a torre de Hércules

# A NOVA EMIGRACION...

Fai centos de anos que Galiza sostén unha loita corpo á corpo co mar, sen ser vencida como o foi a Atlántida. Nunha das suas avanzadillas ten de centinela, sempre ergueita, á torre d'Hércules, cos seus longos ollos cheos de luz pra ollar cando o Cantábrico e o Atlántico aliados preparan unha nova ofensiva contra dela.

No dezanove de xulio o povo xa estaba esperto cando a sirea de guerra lanzou o seu tráxico e longo dos seus gritos, e nonstante o faro chamou a Galiza dándolle toda a noite cen coiteladas de luz.

El foi o único que viu a estampa tráxica das ruas cochitas de homes con paus e pedras nas mans crispadas, e cómo as lanchiñas de pesca se apretaxaban con medo unhas contra outras. Vén tamén ás mulleres famentas de sempre, como abandonaron as casas, fracas pol-a fame, pra ollar máis de preto e sen vágoas as feridas da sua propia carne. Todo isto viu o faro e foi pechando os ollos pra non ver máis n'aquelas noites negras por enriba, verdes por embaixo, roxas pol-o medio.

•

¡Galiza loitou máis e mellor que ninguén! Os homes esperaban uns detrás dos outros a que os ferisan, e coller as armas dos mortos pra seguir loitando. Vellos e mozos loitaron con armas e sen elas.

O faro cegou pero sentía aos seus pés as descargas que o feixismo fixo nos amañeceres cómplices, pra afogar os gritos da xustiza. A Punta Herminia cheira a roupa furada e chorrea sangue quente dos héroes galegos que morreron ollando ao mar que non os venceu (e os asesiños tampouco). Na costa do Sal as balas non tiveron descanso e alí fica Galiza morta nun feixe.

•

¿Quén dixo que Galiza era do feixismo?

¿Non saben eiquí que antes de evadírnos de noso chan, deixamos no cume de cada monte un campesiño forte, vestido con farrapos ollando ao lexos, que xurou non segar máis herba e sigue afiando a fouce?

¡Ou fouce bendita!
Xa sei o que queres,
que faga xustiza.

Sen unha soia queixa, Galiza foi o único povo que recibiu as feridas sen que ninguén llas curase, e ningún mártir galego tivo quen lle pechara os ollos.

Pero eiquí estamos nós, os que viñemos pol-os frentes de Madrid, de Toledo, de Guadalaxara, de Aragón e pol-os montes de Asturias coas armas que os alemáns nos deran, e os que pol-o mar veñen deixando un ronsel tras de sí, fuxideiro na luz, definitivo na lembranza.

SERAFÍN FERRO

EXEMPLOS E REFRANS

## I. A xesta e outras cousas.

A dona da casa quizáis non atinaría posta a xulgar de política ou a intervir n'ela. Talvez nin siquera poidese aconsellar ao seu home, si o seu home fose político, porque na muller pesa moito o receio é, por veces, o resentimento cando aconsella. Está buscando as voltas d'unha pequena vinganza, e coida que o seu home é ademasiado bós, como ela di por non dicir parvo. Raro que n'esa custión de xulgar aos que están a redor d'él, non se coide ela máis lista. Por todo iso tense que trocar moito a crianza das mulleres si han de intervir con bó xeito na política, sexa directamente ou por influxo. E, pol-o mesmo, tampouco é de fiar ainda como conselleira.. Este preámbulo ven para poñer no xusto límite o que sigue: que o home pode adeprender moito da muller en

UAB Servei de Biblioteques i Documentació i Hemeroteca General CEDOC

custión de política..., pero falando d'utra cousa. Ou somente observándoa.

Agora imonos fixar en cousas moi simples. Por exemplo, a dona de casa, cando di «orden», quer dicir: «que cada cousa esté no seu sitio; que a casa esté ben barrida; que non se xunten cousas inútiles, trastos vellos que atrancan e non sirven para nada; que non haxa deudas cando non é mester, si se ten conta do que hai; que a limpeza se faga tan ben e a tan boa hora que pareza que non se fai e todo esté limpo; que non haxa un can si non hai para mantelo, que non se tome como favor o que veñen vender (e remiralo)», etc. Ainda se poden engadir outras máximas: «barrer sen erguer polvo, que a xesta non esté máis lixada que o chan», etc. «Non tel-os coitelos sen afiar, pero non afíos tanto que se corte un os dedos», etc.

¿Qué se pode sacar, para unha cousa tan seria como a política, destas pequenas máximas? Un político — para ben ou para mal — sábeo sen máis espricacións.

## II. A dentada d'un can.

A dentada d'un can é somenta a dentada d'un can. Querse dicir que non hai dentada de can sin can.

Tampoco hai morte de raio sen raio, nen raio sen tormenta. Pero a tormenta non é un can.

Isto pares unha adiviñanza. Talvez o'é. Mais non é tan ensarillada cómo coidades.

D'un can pódese fuxir. D'un raio non. A un can pódese escorrentar cun pau — ou, máis seguro, irse a vivir onde non haxa cans. Unha tormenta non fuxe d'un pau, e coido que poucos sitios haberá onde non haxa tormentas. O can está formado e vese vir. A tormenta fórmase — e enriba de nós. Non abonda un pau. Fai falla un pararraios.

Velahí a cousa: fai falla un pararraios.

Contra certas cousas non abonda un pau. Fai falla un pararraios.

Outra cousa: unha tormenta fórmase. Unha enfermedade tamén. Mais unha enfermedade cúrase, ou pódese curar si se atende a tempo e a cencia médica ten xa collido o xeito de curala. Unha tormenta non se cura.

Mais ainda. Unha enfermedade fórmase, pero en sabendo cómo se forma hai certas reglas — boas en moitos casos — para evitala. Para evitar que se forme unha tormenta non hai reglas.

Así, hai que distinguir ben estas cousas: a dentada d'un can, un raio, unha enfermedade. E para non faguer máis enliado o asunto, non falemos agora da vellice e da morte. Abonde dicir que un morto non se resucita, non sendo por milagre (é dicir, non hai regla). E en canto á vellice, pódese demorar un pouco o seu avance, pero sempre vái avante.

¡Canto teríamos adiantado distinguindo ben esas cousas! Pero por veces confúndese, e chámase dentada a un raio, raio á morte, enfermedade á vellice, vellice á unha dentada — ou ás marcas que deixa.

¿Que non? Imos a ver. A revolta..., ¿cómo lle chamaremos?... A revolta feudal-feixista, ¿é unha dentada, un raio ou qué?

Si é unha dentada, abonda matar ou escorrentar aos lobicáns. Iso estase faguendo. Por iso hai unha guerra. Pero, ¿non é máis que unha furia mordedora de cans doentes? Si é un raio fará falla un pararraios. E d'iso preocúpanse os ingleses. Pero, ¿non é máis que un raio? Si é unha enfermedade, haberá algunha regla para evitala. Ainda máis: haberá que ter coidado para que non se forme no intre e no lugar máis insospeitados. E si é algo que morre — ou que estoura de vello — hai que coidar que morra só, confinar ben a sua morte, que non faga morrer a tantos mozos.

O feixismo está a morrer, pero é unha peste. Insinúase onde menos se pensa.

Pal-o d'agora pensemos n'esto: hai que escoller homes e consolidar forzas que pol-o seu esprito e pol-a sua natureza non poidan deixar que se «forme» o feixismo. Se non se fai así, pódese formar ainda despois de estar os lobicáns escorrentados ou mortos... Porque o feixismo non é somente unha dentada.

Tampouco é somente un raio. E así, tende coidado cos pararraios. Que non se salan do tellado. Poden tel-o «virus».

Estas adiviñanzas, ao alcance dos nenos, non hai quen as embrulle. Sirven para moitos países e pódense referir tamén a outras custións que non levan o nome de feixismo. ¿Exemplos? Os que quirades. A regla é inxel e ten moitos usos. E boa d'adeprender. Abonda lembrarse d'un can, d'unha treboada, d'unha maládia, d'un vello e da morte.

Sirve tamén para se divertir ao pé do lume.

ANTÓN LOBEIRA



UAB Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

**PARA OS DA AMÉRICA**

# O que non se mete en nada

Derrotar ao feixismo é unha custión de vida ou morte... Así o vemos nós. Así é visto desde fora. Non somente desde fora d'Hespaña, senon desde fora da traxedia. Os que non están comprometidos n'ela tamén pensan que é para nós unha custión de vida ou morte, pero pénsano como os miróns do xogo, como si se tratase d'unha aposta na que se xoga o todo pol-o todo, e na que eles non perderían nada porque nada aventuran.

— ¿Quere vostè xogar un ichavo?

— ¿E canto se pode ganar?

— Mil pesos.

— D'aquela, velahí vai o ichavo.

E como o que aquí se xoga é moi serio, eses homes tan serios e tan peritos no cálculo de probabilidades non queren siquera aventurar unha opinión, ainda que se topan a moitas millas da tempestade.

— Olle vostè... Eu non me podo meter en líos...

— Fíxese ben, que non é un lío.

— Teño un empreo, teño un pequeno negocio, unhas amistades... Non podo aventural-o todo n'esa disputa, que non me vai nin me ven.

O home di que non lle vai nin lle ven, pero non deixa de mirar as cotizacions da bolsa, por si pode apostar con ventaxa. Olla a cousa co mesmo esprito que unha carreira de cabalos. E sabe, noustante — ainda que non sabe maxinalo —, que no mesmo intre a morte nubla os ollos de moitos héroes e tamén de moitos seres inermes... Non sabe maxinalo, e non-o saberá mentras un surtidor de sangue quente non lle asolague os ollos.

— Eu comprendo — di —, pero morren das duas bandas, é un desastre.

Os *compasivos*, que non ven máis que un desastre, e os calculistas, que non ven máis que unha aposta — na que é custión de vida ou morte «para nós» —, veñen a sel-a mesma xente. Están fora — ou póñense fora — da responsabilidade humán, son medio homes, pero botan por veces discursos no «centro» e chegan a poñer cara de homes importantes.

A eles non nos diriximos. Termarían entre nós de chegaren tamén a «homes importantes» sen esquencer o seu cálculo — e xente así non nos convén.

Diriximonos agora aos homes íntegros — ainda que non sexan importantes; e aquí, n'este pequeno discurso, aos irmáns emigrados, para que sepan distinguir ben un home d'un medio home — ben ou mal vestido —, que pode ser presidente, vicepresidente, xefe ou subxefe, o mesmo que pode ser un limpabotas.

Agora digamos que para os homes, para os que teñen algún sentido da responsabilidade humán, a nosa sorte, ainda que estén lonxe de nós, é para eles tamén unha custión de vida ou morte. Ainda que o feixismo non chegara a asesiñalos, mataríaos como *homes*; e xa saberían d'aquela moitos «prudentes» apostaren con seguranza, coidándose seguros, e aplastar, en corpo e alma, a dignidade que visen arredor de sí.

O que na nosa terra coidaba que todo o que se estaba tramando n'a Hespaña non era cousa que lle incumbise, sabe agora que sí, que lle incumbía e que rondaba o seu corazón; por ista sola cousa: porque non era medio home.

O que na América — non sendo un pezón ou un carneiro — pensa, noustante, que ainda non lle chegou a turna de se erguer contra un mal que está lonxe, lembre que o mal que xa ten preto medraría de súpito si aquí — tan lonxe... — fose posible o trunfo da barbarie feixista.

**LEALTADE GALEGA**

**Non se esquenza isto:**

**MOITOS MILES DE GALEGOS LOITAN NO FRENTE DA LEALTADE.**

**E UN GRAN CONTIXENTE DE LOITADORES VEN A COTIO DA NOSA TERRA DESAFIANDO A VIXILANCIA FEIXISTA.**



UAB
Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General
CEDOC

ESTAMPAS DA TRAICIÓN

por Seoane




Impuxeron o Cristo na escola.

UAB
Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

**INTERVIU**

# OS, OUTROS

— Si vostede é antifeixista saberá porque o é.

— Non fai falla dicilo. Porque son uns criminaes.

— Certo, na sua doutrina figura o asesiñato como unha técnica. E na sua conduta, o sistema, xa ruin de seu, fazase de podremia e de pedantería, envilécese ainda máis...

— Ben. ¿E iso non abonda para ser antifeixista?

— Abonda, si. Pero vostede, ademáis d'un home de corazón e de concencia, ten enriba de si certas obrigas. Derrotado o feixismo, hai moito que reconstruir. Pero ademáis, si os feixistas viñeran tocando clarinetes, repartindo dulces e recitando salmos, ¿vostede sería feixista?

— Home, ¡non!

— Por algo será... ¿Non din eles que son os defensores da cultura d'occidente, e outras frases?

— Minten.

— D'acordo. D'algún xeito teñen que se disfrazar. O crimen é unha técnica. A mentira, outra. E os primores que poñen en matar, aldraxar e mentir, o máis odioso. Pero, ¿e si non mentisen? ¿Si eles dixeran — suposto que o sepan — o que verdadeiramente queren, vostede sería feixista?

— ¿E sábeno eles?

— Uns sábeno. Outros viven de non sabelo, pero non viven moito tempo. Outros finxen creer as mentiras. E vostede, qué, ¿sabe ou non cal é o resorte do feixismo?

— Paréceme que si.

— Logo, si non matasen nin mentisen, ¿vostede sería d'eles?

— Home, ¡non!

— Por algo será. ¿Non me poderia dicir por qué?

— Son enemigos da liberdade.

— Estorbarilles para algo. Algo que queren e que non se pode impoñer d'outro xeito. E ben, d'eso que eles queren, ¿qué lle parez?

— Estamos metendo en moito lío.

— Non é lío ningún.

— Sáqueme do lío. Dígame o que vostede coida que eles queren, e d'aquela responderei.

— Pois mire. O que eles queren é certamente un lío. Pero n'ese lío hai un nó. Ese nó é un conflito que eles queren resolver estreitando o pacto das forzas estatales coas forzas da gran riqueza privada. Unha das formas d'ese pacto é o monopolismo. ¿Sigue vostede sendo antifeixista?

— ¡Eso non ten dúbida!

— Ben, pero escoite. Contra ese xeito feixista de resolvél-o conflito (porque o conflito eisiste), ¿vostede qué propón?

— Eu son demócrata. O que o povo decida.

— Moi certo. Pero, ¿vostede non é tamén home do povo? Si todol-os homes do povo agardasen á decisión do povo, o povo non decidiría nada. Pero, ademáis, vostede é o que se chama un «responsable»...

— ¡Ah! Por eso non podo falar...

— Non se inquede. Ninguen nos escoita. ¿Vostede qué decide?

— O que sexa máis xusto.

— ¿E qué lle parece o xusto?

— ¡Home, eso é moi relativo!

— Certo. Falemos relativamente a Hespaña ou, si prefire concretar máis, relativamente a Galiza.

— Os foros...

— Moito sangue, xa, para falar de foros. Outra cousa.

— Eu quero a prosperidade.

— Velahí, eu tamén. ¿D'aquela?...

— ¿Ha de ser vostede sempre o que pergunte? Agora pergunto eu. ¿D'aquela?

— Non é así a costume. Isto era unha interviú. Pero, en fin, falarei. Eu coido que o Estado ten que pactar por enriba de todo cos traballadores e, na nosa terra, ten que capacitar á «gran industria distribuída» para que teña a forza da industria concentrada, pero sin desfaguer a distribución, faguéndoa cada vez máis extensa e máis xusta.

— ¿Eso é o que chamaba Chesterton «distributismo»?

— O distributismo de Chesterton — que n'él inspirábase en boas intencións — non abonda. Fíxese que eu falo de dar a unha suma de «posibilidades de riqueza» — ainda non riqueza efectiva — que están distribuídas, a forza de organización que lles falta; d'ir, ademáis, mellorando a distribución; e, en fin, de que o Goberno galego, si chegamos a ter autonomía, como é de supoñer, pacte con Galiza, e non con catro potentados — ou mil intermediarios, é o mesmo — que queiran esplotala. Falo en grandes liñas. Si vostede quer, precisarei mellor a cousa con exemplos.

— ¿Non oi ninguen?

— Todo iso hai que dicilo, si a vostede lle parece ben, diante da xente...

— ¿E si se enteran no estranxeiro?

— Si o faguemos ben, imitarannos. Ademáis, xa hai países...

— Non digo eso... Quero dicir, si se entera... certa xente...

— ¿Quén? ¿Os feixistas?

— Non... «Os outros»...

— Velahí... «Os outros»... En fin, xa falaremos.

FÉLIX MURIEL

UAB
Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General
CEDOC

cando, con afincado e xeneroso tesón todo canto poida unir todal-as, nosas virtudes creadoras que as hai en toda criatura. ¡Como n'aqueles días esperanzados, de trementes emocións, precursors do 16 de febreiro e do 28 do San Xohán do 1936!

•

O Estatuto que o País Galego plebiscitou, presentado ás Cortes dous días antes do traidor golpe militar, é un documento breve, sobrio, conciso e flexible. Denantes de chegar á súa formación definitiva pasou por múltiples etapas e tivo moitas e moi varias fontes. Servironlle de base cinco proiectos distintos e a súa comisión redactora abriu unha información pública por espacio de varios meses durante a cual recibíu i-estudiou todal-as enmendas que quixeron facerlle directamente os galegos de todo o mundo. É un índice mínimo de coincidenzas e de posibilidades, froito de un anceio de colaboración roto na atualidade por quenes debían ter máis interés en mantelo. Emporeso sigue sendo marco apto pro vivir futuro de Galiza, ainda despois da tremenda convulsión actual. Todos os avances democráticos, todos os experimentos sociales, dend'as coleitivizacións deica a nova xustiza, feitos ou intentados até oxe na Hespaña da Democracia e da Revolución, poden desenrolarse — adaptados á nosa morfoloxía peculiar — dentro do marco do Estatuto galego.




Repoblación forestal pol-a vía coleitivista; Banco Popular Galego encargado de canalizar o noso aforro de Galiza e de América; socialización da gran industria pesqueira; coleitivización pol-a vía do cooperativismo da economía agropecuaria; socialización da forza dos nosos ríos e das nosas fontes mineiro medicinales; confiscacións punitivas das grandes riquezas dos traidores; democracia popular directa, con iniciativa, referendum e recall; municipio comarcal libre sobre a base da parroquia rural en réximen de concello aberto; municipalización ou nacionalización de servicios públicos; cultura nova en todas as súas manifestacións. Escolas de orientación profesional e de outos estudios económicos; xustiza popular, rápida e gratuita, son problemas previstos e normados na nosa Carta autonómica. — Salvo miudas modificacións regramentarias, todo o seu contido é útil. A esperencia actual — dura esperencia — servirá para engadirlle cousas, xurdidas das circunstancias, tendentes a facer máis grande o continente, dándolle máis cabida ó contido.

Os que nun mañán — que desexamos afervoadamente sexa o máis próximo posibel — teñan a outa misión de dirixir a vida pública do noso país galego, atoparán n'aquel Estatuto e nos temas tratados ó seu derredor, unha fonte caudalosa de ourentacións e un índice de outos e nobels propósitos. Esa será a maisima e única groria, dos que lle consagramos o máis puro da nosa vida, xa pra sempre entebrecida i-amargurada. E esa será tamén o homaxen que merecen os nosos hérois vivos i-os nosos mártires mortos. ¡Que os esforzos de uns i-o martirio dos outros non sexan estériles! Ela a consiña i-a afirmación no primeiro aniversario da grande eleicións.

# A LIBERTADE HESPAÑOLA E A AUTONOMIA DE GALIZA

Galegos e andaluces foron case que todos os caciques de primeira magnitude que gobernaron ou influiron na política hespañola dende hai un século ou pouco menos. Deses dous caciquismos tan sonados talvez foi o galego o máis perigroso. Os aspirantes a caciques fagufanse na nosa terra oustinado e volteiro regateo. E velahí: o que conseguía quedar por riba era, de certo, un cacique de coidado. Non era cousa de nenos o lle poñer o pe diante cando despois, dando ou agachando a cara, pasaba a exercer o seu solerte influxo na chamada «alta política». Así, pois, hespañoles: coidado cos caciques galegos, que hainos de moitas castes e de moitos coores. Díxolo Nova Galiza.

Nós tiñamos un fondo problema: o da nosa cibdadanía aproixeada. Mais a mesma raposería caciquil que asoballaba ao labrador galego viráhase, no centro, ou a través de certas mediacións, nun risco que abranguía todo o conxunto hispano.

Veñamos, nonstante, ao fito xusto. Esa torta influenza era recíproca. A podremia do Estado hespañol — e non somente nos tempos monárquicos... — fedía nos consistorios das máis pequenas e arredadas vilas galegas. ¿Podíamos resolver o noso problema cibdadán descoidando a visión do conxunto? Oxe, millor que nunca, sabemos que non.

Contra o artiñoso legalismo, que servía aos caciques para armaren os seus cepos e entrar lago no gran negocio do *trust* unitario chamado centralismo, ergueuse en nós o sentimento fraternal das nacionalidades hispanas e o anceio autonomista. A autonomía arelábase como consagración dun dereito ben probado; pero tamén como un xeito de impoñer unidade política na nosa terra. ¡E canto houbera influído a nosa libertade na de Hespaña si aquel anceio se houbera comprido a tempo! A autonomía galega era, e sigue sendo, un problema hespañol, algo que había que conquerir para ben de todos, loitando fora de Galiza cunha estratexia panorámica e coa máis inequívoca xenerosidade.

Todol-os hespañoles de esprito liberal e de xuizo desperto saben oxe que unha das claves da libertade hespañola — e da verdadeira integridade hispánica — e a «unidade» galega.

Así, non hai nesta custión preito entre irmáns.

UAB
Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General
CEDOC

## SOBRE A NOSA POLITICA ECONOMICA

# A enteireza da Terra e a de cada un

**Integrar a economía galega é favorecer a integridade moral de cada traballador galego.**

O minifundismo parece ser tan axeitado para o medro da caste caciquil como o latifundismo.

Un xornaleiro que vive de milagre vende o seu voto por unha esmola. O dono d'unha pequena leira convírtese, pola forza da escasedá, no mais duro explotador de sí mesmo. Non podendo aforrar, pois mal pode encher de pan o forno para o ano, cai a un tempo nas poutas da usura e baixo os árbitros do fisco. Ben se ve que, para o traballador da terra, hai dous xeitos de non ser dono de sí: non posuíndo nada e tendo, así, que vendél-o propio esforzo a calquer prezo; ou ben ficando agrilloado a unha miseria que hai que defender. ¿Cómo pode ser bo cibdadán o «propietario» de miserias, que treme a cotío véndoas perdidas, que ve chegar o tempo dos trabucos ou dos réditos como un sentenciado?

Pensemos agora no remedio. E cousa sabida que non hai xeito de distribuir a soberanía se non se distribúe a riqueza. Onde hai moitos probes, ainda que se fagan as mellores leis, mandan os ricos ou os que saben e queren aproveitarse da probeza para se impoñeren. E xa sabemos, tamén, que os que prosperan na vilesa de semellante xogo, non aspiran ao mando para fagner ben, para elevar a dignidade humán nin para acrescendar a ventura i a forza criadora dos povos. Non son xentes que queiran concertar vontades para realizar grandes anceios e faguer os prodixios de que é capaz a forza simultánea dos homes. Non se dirixen ao entusiasmo, ou si o fan é para engañalo. Dirixense á impotencia, reclaman servidume, viven da baixeza. E foi sempre peana do caído: unha morea de caídos é o seu pedestal. ¿Para qué? ¿Por qué ise afán de medrar con semellante fundamento? Istas perguntas paraceranlles a eles demasiado inxenuas. O que eles no se esprican é o contrario: que alguén queira sorguer a vontade dun povo por verdadeiro amor á sua estoñada ou manifesta lanzalía. N'ise aspecto o problema galego é universal: trátase de topal-o xeito de que isa xente non domine, posto que o seu dominio leva aparelladas a indignidade i os desastres. En todo tempo pensouse que non se pode manifestar o verdadeiro xenio humán mentras a soberanía política fose somente a consagración da rapiña.

Agora ben: os galegos, por unha vella esperencia, sabemos xa que non abonda distribuir a terra. Sen dúbida en Galiza hai que distribuíla mellor, liquidando os vestixios de latifundismo a favor dos que ainda non teñen terra e dos que teñen pouca; quizais, tamén, poñendo couto a unha escesiva división. Non fará falla moito inxenio xurídico, se hai boa vontade, para chegar por pasos (canto mais acelerados mellor, sempre que sexan firmes e ben dados), á proporción distributiva prácticamente mais equilibrada. Mais iso non abonda.

Cando no noso país cada familia labradora teña o patrimonio que corresponde ás suas necesidades; cando, ademais, a terra sexa considerada como instrumento de traballo e non se poida confiscar por multa ou débedas si está en mans de traballadores, non haberá por iso mais cibdadanía no agro si cada labrador non sinte os seus propios intereses solidarizados cos de Galiza enteira. Ollando cada un pol-o seu deixará, por perguiza ou por pequenas e transitorias conveniencias, que os problemas de conxunto sexan ensarillados pólos intrigantes, coidando que en indo ben a sua casa, o demais non lle afecta. Por tal camiño chegaría un intre en que sería de novo apreixado por unha rede caciquil. En troques, todal-as formas de convivenza económica que ensanchen o hourizonte dos seus intereses, poñano en relación viva con Galiza enteira. Que isto suceda en grande escala, que labradores, artesáns, mariñeiros, sintan como cousa sua a prosperidade galega, que as formas d'intertroque e de colaboría sexan as mais propias para crear e evidenciar unha *empresa* total, e haberá, d'aquela, limpa e lanzal cibdadanía nos nosos campos e nas nosas vilas, e forza para defendela.

Poñer aos galegos — a cada un — en viva e libre relación con Galiza enteira, ou coa enteireza de Galiza, velahí o que nós — n'este aspecto e n'outros — entendemos por galeguismo.

# Documentos

## Sobre a caida da Coruña. -- Alevosía dos facciosos. -- Un povo inerme. -- Unhas autoridades civiles vacilantes. Dous testimoños paralelos.

### 1.ª CARTA

*Meu caro amigo:*

*Agradezo a calidade que me atribúe como testigo do que pasou na nosa terra e vou a responder a sua carta decindo con toda fidelidade ao recordo o que eu vin e pode atestiguar. Procurarei merecer a sua confianza anticipada deixando a un lado supostos vagos ou incertos e dando fe, somente, do que sei.*

*O seu inquérito refírese á Coruña. Eme ben fácil lembrar canto alí se sedou nese paso. Son cousas tan graves, imaxes tan vivas, que penso non se esquencerán mentras se teña alento. Do que eu afirmo como alí pasado, non teña medo que ninguén lle desminta. Pode algún detalle, pola perspectiva, parecer distinto ao que o vise de mais lonxe, mais iso non ha de variar o seu sentido.*

*As primeiras noticias da sublevación souberonse no Goberno Civil, e ben logo cundiron en forma de rumor. Era o día dezaoito de xulio pola tarde. Na esa noite houbo xentes pol-os centros gubernativos na mesma actitude leal que mostra data peligrosa: o famoso dez d'agosto.*

*O sábado, mediada a mañán, dábase nos diarios das vernales unha nota moi optimista do noso Gobernador dando de algo do movimento, pero afirmando que o Goberno domi*

UAB Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

da situación, acudía a castigar aos rebeldes, e que ninguén temese.

*Nembargantes*, toda a xente de ezquerda de mais responsabilidade seguía acudindo ao Goberno Civil. Foi pasando o día n'aquel ir e vir. Marchanse as forzas d'Asalto. Pola noite vense mais de preto o perigo. Corríadhase arre e cosetas de plata para o recinto do Goberno. A comunicación con Madrid, que ainda seguía nas primeiras horas, arredor da madrugada perdeuse. Despois, ainda mais tarde, dixo o Gobernador que conseguira falar por medio de Bilbao. Pero ben se via que o perigo era grande.

Antrementres a xente (xa é ben sabe que na Coruña é liberal) encheia os soportales do Goberno Civil e toda a rúa enfronte. Eu tiven que pasar o domingo ás dez e media da mañán para o Goberno, e moitos da moitedume gritábanme (como a nútros en caso semellante) pedindo armas. ¡Proba de mia! ¿Onde as tiña? Pero cando estiven arriba fixen a mesma petición. Dixéronme que non me apurase que as habería no seu tempo, e que nós podiamos ter confianza nas forzas afectas antre as que se contaba o cuartel d'Atocha comandado por Caridad Pita.

Ben, dixen eu; pero non están demais as precaucións. Decseguida pedínlle ao segredario da Confederación señor Moreno, que me mandase unha ducia de homes de confianza, e fun buscar a dinamita que tiñamos no Consistorio para levala aos baixos da Deputación. Enterei de feito ao Alcalde, que se atopaba no Goberno Civil e quedeime alí. Estaban tamén o Gobernador, señor Pérez Carballo, Guzmán, Zapata, Somoza, Rodríguez Otero, Maseda, Manriegas, o comandante da Guardia Civil, señor Ríos, Xulio Suárez Ferrín, o comandante d'Asalto e o ayudante, o Segredario da Confederación, Ríos, Lervisildo Taboada, e moitos outros que andaban dun lado para outro; e tamén a señora do Gobernador. Díxose que podiamos ir a comer tranquilos. Se había novedade avisarían as sirenas da Bola pesqueira e, antrementres, non se deixaría de vixiar os movimentos dos facciosos.

Dende ese intre ate as once da noite, hora en que volvín a subir ao Goberno, nada sei; e dexa hora díxome Ríos que todo seguía o mesmo e que eles non se atreverían a saíren, que estaban tomadas as precaucións de vixilancia; así que ate o seguinte día puidese dormir...

O luns, xa dende cedo, vimos todos a gravedade do momento. O día antes as organizacións obreiras tiñan dado ordes de que se acudisen ao traballo mentras non avisaran as sirenas da Bola pesqueiras pero en moitos obradoiros xa non se traballou. O Gobernador seguía incomunicado con Madrid: xa solo podía manter comunicación co resto de Galicia. Esto veu a se agravar coa noticia de haberen sido detidos Caridad Pita e Salcedo. O feito sorprendeu á nosa autoridade que fixo reunión do Frente Popular, mentras que xa polos aparatos telefónicos íamos chamando ás forzas da provincia para que acudiran á Coruña. D'aquela atopábanse alí las persoas que xa nombrei, e tamén o diputado Mourín. Quizais houbera algún mais que non recordo. Sei que no Casino Republicano había un segundo comité do Frente Popular, e hei de sinalar que a señora do Gobernador estaba tamén nun teléfono, preto do que eu usaba, dando rápidas ordes.

Xa serían as doce e media da mañán. Parecía que entón mesmo encomenzaba a loita. Non foi así. Tornou un pouco de calma. O Gobernador expuxo que iba facer desfilar as forzas leales. A súa señora indicoulle que tomara en rehenes a familia de Tovar, que se decía era quen iba asumir o mando dos rebeldes, e as de outros que se tiñan por tales. Era tarde xa.

Ás tres menos cinco minutos os facciosos lanzaron contra o Goberno os primeiros cañonazos dende o Parrote. Dexa hora viñamos de comer da rúa dos Olmos Rodríguez Otero i eu, e topamos na rúa Real ao doutor Barbeito que se encamiñaba con nos para o Goberno Civil. Non chegamos alá porque no camiño, frente á libraría de Lino Pérez, topamos á señora do Gobernador acompañada por un ordenanza e pidennos que a levásemos á casa de López Abente, na mesma rúa. Como entón xa encomenzaran os paqueos facciosos dende moitas casas dexa vía e das travesas, en mais proporción na rúa Nova e de García Hernández, eu xuntome aos grupos nosos, Barbeito foise ao hospital ao ver os primeiros feridos, e de Rodríguez Otero non sei que foi.

Xeneralizouse a loita na Telefónica, Xuana de Vega e plaza de Pontevedra, onde xa a Guardia Civil se virara en contra nós. Loitábase nas calles de Socorro, Ordén e travesías contra os militares que saían do cuartel de Artillería de Estacta; e había tiros en todo o sector da rúa Nova, Santa Catalina, Real, Olmos, Galera, San Nicolás, debido ao paqueo e a que viñan avanzando cara o Goberno Civil os militares, ao mesmo tempo que outros saían da cibdade Vella, tamén na mesma dirección.

Serían xa as oito horas. Os nosos correron pola rúa Real ao Goberno Civil. Eran milicianos e de Asalto. Xa na rúa de Bailén estaban quedas as duas ametralladoras que alí había na porta do estanco e no primeiro piso do salón París. Sentimos que nos berraban do edificio do Goberno o «¡Alto el fuego!». Dos duas primeiros avisos non fixemos caso. Ao terceiro os de Asalto foronse aos portales e todos nós atrás de eles. Alí detiveronnos os rebeldes. Eles tiñan medo. Tremían, eran poucos, non se esprica cómo nos dominaran d'aquela forma. Eu pensaba que fora unha burrada o se quedar o noso estado maior alí no Goberno.



¡Os seus zocos e a súa ferramenta!

Deseño de RAMÓN GAYA

UAB Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

# MARIÑEIRO FUSILADO

*A noite de tres côres de Serafín Ferro.*

Foi ao abrente,
Soio habia tres vidros de lua frida dourando as curtiñas,
I-un canto de galo rachado en tres tempos.

(Na noite d'antes, lle estouparon as ideias nobres
Que tiña fondendas baixo da fronte,
Dénd'a pirmeira volta que saira ao mar:
E berrou.)

Levaba namentras camiñaba
Un universo mixturado de inxusticias, mans de neno
I-un paxaro do dibuxo do mantel, que non vira nunca
Até que os feixistas petaron na porta.

Via craro, que un home, pode non saber lêr,
Pero pode tamen caberlle a Verdade n'unha man pechada.
I-un mariñeiro pode non sair a pescar, si lle cabe o mar nos ollos.

E descobriu que a morte non ten color, i-é semente.
Por iso cando dixeron: ¡Alto! quedou tan direito,
Que os castiñeiros tortos tivéronlle envexa.



Morreu de pé, como as frores, como as albres, como os foguetes,
Como os homes.

Cando foron a vel-o, un verme lle rubía por riba d'un ôllo,
Pro unha volvoreta se lle pousara no furado roxo da morte.

Ernesto Pérez Guerra

# *GALIZA EN ASTURIAS*

A traxedia do norde encheu o noso esprito de doór. Os pobos irmáns arrastados a unha loita, provocada por un fato de treidores sen honor nin corazón, fixeron toda crase de esforzos pra conter esa treboenta nube de extranxeiros i extranxeirizantes que asolan o chan hispano. O sentimento d'independenza puxo nas súas almas unha forza inxente de heroísmo. Mais, con todo eso, o Norde perdeuse. Esta é a triste realidade. Triste porque por un espazo de tempo êles, os feixistas, arrasarán todo o que alí hai de bô.

Endebén, o derradeiro esforzo das nosas xentes pra non deixarse arrebatar pol-a forza o que lle custou moitos traballos conservalo, fixose na Asturias onde tivo desenrolo o feito máis patético da nosa guerra. Loitábase día e noite. Nascía e morría o día sen que a vangarda e retagarda tiveran un intre d'acougo. Todo era movilidade. Cando chegaban os aviôns da morte sobor das poboaciôns pacíficas, as mulleres cos filliños nos brazos percorrían as rúas en busca do refuxio onde garecerse dos aceiños do ár. Non embargante, algúns destes seres inofensivos atoparon morte macabra. Pasan a formar parte da lista dos mortos que recraman venganza; dos mortos que nos fan seguil-a loita até morrer.

O «nazonalismo» hipotecado, tiña interés en se apoderar das nosas riquezas nordeiras pra pagar aos usureiros d'afora o préstamo que lles fixeron: cañôns, ametralladoras, aviôns, barcos, técnicos, moitos técnicos, pra maior vergonza de casta militar hespañola. Con estes «piadosos» elementos a loita adequireu crueza de traxedia. A frebe do combate espallaba labaradas de morte. O símbolo non lle dou paz ô gadaña na súa sega de homes...

Nós, os galegos, que compoñemos a metade da lexión heroica dos mineiros, tivemos unha parte importante na defensa do chan nordeiro. Por él pasáronse, en riadas optimistas, evadidos do terreo do crime e da baixeza. Eran arrincados das súas chouzas e levados aos frentes astures. Inda ben nos chegaban a él pasábanse, dando ansí, unha vez mais, probas do antifeixismo que latexa no noso pobo. Temos que rexistrar esto pra facer máis leviân a espiña da traxedia por que está pasando a nosa Terra.

¡Mala a nosa sorte! A Historia, como moi ben dixo Castelao, non nos reservou máis que tropezos e desventuras. Levamos un pesadelo de feitos treizoeiros no esprito. E sempre son os mesmos: os partidarios da unidade famenta. Os que queren voltar â Hespaña raquítica do Imperio Incivil. Queren renacer aqueles tempos feudales; dos señores de forca e coitelo; dos donos de vidas e facendas.

Galiza foi a que máis sofreu estes tempos maldizoados. Comenzaba agora a espertarse do entumecemento a que lle obrigaron as cadeas. Sempre nos pasou o mesmo. Cando renacemos cheos de ledicia i esperanza pol-o frorecente porvir que nos agarda, un fito histórico fainos deter a rubida groriosa. Outra vez o asoballamento toma corpo no noso pobo.

Esta é a derradeira vez que nos atopamos con nosos inimigos seculares. Máis d'esta vez (téñano presente todol-os galegos, incruso os d'América que, balbucentes, andan debatíndose co-a dúbida dos prexuizos), sairemos trunfantes. Temos de trunfar porque a nosa causa está cinguida de mártires, que son os que deixan os ronseles que o noso camiñar terá de seguir en compremento da súa vontade.

¡A nosa Terra é nosa!

R. Cabanillas Álvarez



UAB
Biblioteca de Comunicació
i Hemeroteca General
CEDOC

¿Está Galiza preparada pra disfrutar da autonomía?

Mais ben que a ista pergunta árxenos, denantes de todo, contestar ao receio que n'ela s'acobeiza, fillo do desconecemento da Galiza esencial — que non é a asoballada pol-os vellos políticos centralistas, os que fagúian d'ela un feudo eleutoral, nin debe ser xurgada pol-os síntomas do seu padecimento baixo tal desorden, como si fosen as insinias distintivas do noso povo. Os que xamais teñan cacismado en serio en col do destino da Hespaña e da sua feitura natural, e haxan somente ollado as unidades hespañolas, ou as especies fundamentaes da hispanidade, como pezas de cara, pra mantinaren cepos axeitados, non poden opinar, sen se culparen a si mesmos, sobre a raquitís da cidadanía que viña sofríndose en toda a peninsua.

Hespaña, partillada en leiras provinciaes — mais ben diciríamos, séndonos a esperencia, policiaes — ficou nas mellores condiciós pra o reparto do botín político; non, en troques, pra se realizar politicamente, pra alcalar a pleitude do seu xenio civil. E non se poderá «civilizar» mentras non impoña a sua realidade contra os artifizos que fan da política un certame d'astucia e, do Estado, somente un fito de regateo pra os aspirantes a burócratas. Nin Hespaña póde realmente pôr en vigor as suas enxebres forzas e inspiraciós en tal estado, nin o Estado é iso.

E os que inquiren recentemente sobre a preparación de Galiza pra disfrutar da autonomía esquencen que ista non é sinxelmente cousa de disfrutar, senon tamén algo que, en certos casos, tería de ser imposto como unha responsabilidade intransferibre.

*Fora* do devandito receio, agáchase decote n'aquela pergunta un siempre desconecimento da parte que ten Galiza no concerto da cultura hispánica. Galiza é todo ao revés d'un país salvaxe ou primitivo. Moito mais primitiva e *bárbara* — sea dito con todol-os respetos — é, por eisempro, Nova York como sistema d'instintividade, que unha anterga vila galega, labrantía ou mariñeira. Pol-o d'agora ainda non fomos invadidos por isa sorte d'americanismo do que xa están querendo ceibar ao seu país os mais egrexios e sabidos homes de Norte América. E un campesiño galego — sen que faga falla escoller no de mais letras, senon no de mais vivas lembranzas — entenderíase mellor a falar con Waldo Franck, poñamos por caso de grande humanista american, que moitos diputados.

Galiza non é un país novo nin «prehistórico», senon de gran liñaxe. A sua mocedade é perenne, mais atesoura tamén unha lanzal e espritoal velice.

Si por «progreso» entendedes maquinismo, trunfo do inxenio, podemos dicir con toda franqueza que non nos da noxo ningún, sempre que non remate impóndose sobre o home e convertíndoo en servo d'unha historia gobernada pol-as máquinas. Non cuidedes que a anterga, enxebre e fonda cultura de Galiza — que non é só unha poula ilustre da cultura peninsuar, senon tamén unha radiga das mais principaes — ten mester de facerse «progresiva» metíndose nos moldes do inxenio mecánico e recebindo estímulos, moi arriscados, da cobiza financeira. Si Galiza se compre, será subordiñando a técnica ao seu plan, e non ao revés...

Dicímos todo isto pra os que ao desconfiar de si Galiza está preparada pra determiñare autonómicamente o seu progreso, entenden por preparación non a cultura viva, senon a acomodación do home a certos istromentos e convenios.

¿Está, pois, en sazón a nosa xente pra facer uso de certos istromentos xurídicos, poñamos: un estatuto autonómico? Co ista pergunta houbérase podido saír ao paso de todal-as conquistas políticas. Tense decote respondido â intención sofística dos inquéritos d'ese tipo dicindo que non hai outro xeito d'adeprender a camiñar que camiñando. Ista resposta é fraca, pois tamén pra escomenzar a camiñar fai falla estar preparado, e non sería cousa de xuizo anticipal-o aprendizaxe.

A custión é mais directa. O que pasa é que Galiza, en tantos anos, non consigueu ainda «prepararse» pra usal-o centralismo como istromento axeitado aos seus fins — sean estes internos ou de colaboría. En troques, o autonomismo non leva outra mira que dar valimento xurídico e artellar con máisima flexibilidade e perfeición as formas da vida e convivenza pra as que Galiza está mais *preparada* por natureza, esprito e hábito.

UAB
Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General
CEDOC

# AOS INDIFERENTES

Os galegos que están na América xogan un papel de premeiro orde — inda que algúns d'eles se fagan os xordos — n'esta loita que sostén a Hespaña. Esto xa se dixo moitas veces, pero compre repetilo pra que despóis ninguén se chame a engano. Todo cibdadán hespañol, atópese onde se atope, é belixerante n'esta guerra sanguiñenta. Todo cibdadán hespañol está na obriga de escoller o camiño que máis lle conveña. O que non se ademite, de ningunha das maneiras, é a indiferenza. Pra nós, son igoales os que se poñen da outra banda, e os que din que non se queren meter en líos; os que argumentan de que eles non son partidarios de que as cousas chegaron a esta crueza e, pol-o tanto, considéranse alleos a isto, neutrales (inda máis ben dicimos cómodos). Ista actitude é máis que perigosa, é suicida pra quen-a tome. Na Hespaña non hai máis que un rumbo a seguir: ou co Goberno, ou contra o Goberno. ¿Está craro? Esto dicímolo como hespañois; como galegos temos que aconsellar aos nosos paisanos que se atopan fora da Terra. Son moitos e, por conseguinte, hai algúns que están n'esa actitude que sinalamos máis arriba. Imos a darlles un consello. Un consello enérxico, pero que lles será moi proveitoso. Será cumenente refrescarlles un pouco a memoria.

Si alguén ten dereito a refugar o feixismo son os emigrados galegos. O feixismo en Galiza, galego d'América, é o usureiro que che prestaba cartos a un tanto por cento que tí non podías pagar; o abogado que che metía no pleito e despois de darlle moitas largas presentábache unha minuta que tí tiñas que recurrir ao usureiro pra pagala; os curiales que chegaban â túa porta cos papeis pra facerche o embargo; o político que che ofrecía montes e moreas si lle dabas o voto e despois si o fas a ver, non te podía recibir n'aquel intre — pra vos recibir os políticos sempre estaban n'ise intre—; os cregos, que eran os culpentes da vosa cegueira espiritoal. Todos istes elementos «piadosos» son os que estan ensumindo â nosa Terra na máis negra barbarie. Son os que desencadenron esta guerra.

Vós pra contrarrestarlles istas trébolas que se espallaron pol-a nosa Galiza, déchedes cartos para as escolas ceibes. Non queríades que os vosos fillos viviran a vosa noite. Pois ben; por si algún de vós non-o sabe, esas escolas dende o mesmo intre que eles se apoderaron do noso chan ficaron pechadas a cal e canto. Os mestres foron, despóis d'un martirio salvaxe, asesiñados diante dos rapaces aos que ensiñaban, «para castigo y ejemplo». Todos aqueles cartos que mandáchedes tiveron ise fin. Sóio teñen un froito: a visión macabra que lles fixeron presenciar aos nenos. Mais, cando eses nenos comencen a camiñar pol-a vida, lembraranse d'esta escea e renegarán dos asesiños e dos que estiveron calados perante este feito inhumán. Renegarán de vós...

LONGO

AS PROMESAS GALEGAS:

# A NOSA ESCOLA

POR J. OTERO ESPASANDIN

Cando penso no que pra mín puido sel-a escola e non foi, nas forzas e arelas da miña neñeza que puido guiar e despertar, doume conta do que unha boa escola sinifica pra o adianto dos povos, pra a felicidade dos homes. Cando me poño a lembrar a miña vida de rapaz n'aquela aldeiña da montaña galega por onde brincan as augas cristaíñas do Lérez entre seixos e ameneiros, xurde a escola como o mais probe, cativo, ruín.

Saiamos â mañán cedo da casa nenos e nenas, pol-os carreiros entre ferrans xiadas, c'unha bolsiña de dril na que levábamos un manuscrito de Calleja ou Paluzie, un catecismo Astete, e uns pregos de papel cheos de borrós de tinta, letras ensarilladas que nada decían, e un anaco de broa pra a volta; pasábamos o río fomegante no meio da nébea, cantarín como unha mora madrugadeira camiño do muíño. Ao cabo d'uns tres cartos d'hora, co peito encolleito de medo, chegábamos â porta da escola c'un vago presentimento de que o maestro — ou a súa muller ou os fillos — iamos recibir a palmetadas, pol-a tardanza, por no leval-as ourellas ben lavadas, ou por non sabel-o catecismo. Os que ían no silabario ou no catón, sentábanse nun banco dos que daban a volta âs catro esquinas do local, nun sitio fixo, sen se poder estirar as pernas nas tres horas que duraba a clase. O chan era terrizo, húmedo. Nós tiñamos os pes mollados; había quen ía descalzo, quen levaba uns zocos rotos nos que entraba e saía a auga como nun cribo. A forza de tel-o libro collido pol-o mesmo sitio rompíase e borrábanselle as letras; nin que decir ten que pra pasar d'unha folla a outra eran precisos meses d'escola, cando non anos. Aterecidos, encolleitos de frío e medo n'aquel curruncho frío, escuro, pensábamos minuto a minuto no tempo que ainda quedaba pra brincar fora d'aquel inferno, correr camiño da casa, xogal-os botós da roupa, comel-o pan de mais que levábamos na bolsa entre os libros, as plumas, os palotes.

Fora de xirís de recordos como iste, eu non lle debo â escola nada como non sexa saber cantal-a táboa de multiplicar e faguer despois de moitos anos unhas operaciôns inacabables, sen ningún vencello coa realidade próusima nin lonxana. Oxe non me explico cómo puiden manter un cego amor aos libros, sobre todo aos de matemática, cómo puiden chegar a vivir atenazado pol-a idea de penetral-os mais sotiles segredos do cálculo. De haber tido unha boa escola primaria, unha boa escola Normal e unha boa escola Superior quezáis oxe poidera ser un investigador capaz de ofrecer ao mundo algunha idea orixinal no campo mais puro da Matemática ou da Mecánica.

UAB
Biblioteca de Comunicació
i Hemeroteca General
CEDOC

A escola do meu tempo de neno está case enterrada e quezais no valla a pena recordala. Ao traguela a conto non é que me propoña un fito negativo, senon todo o contrario: quixera deseñar o que a escola pode ser na nosa terra, sobre todo nas pequenas aldeas do interior e da veiramar. Mais ainda así, o tema resulta moi ambicioso e un pouco fora do intre que vivimos. Abonde decir pol-o d'oxe que non se pode dar un meio mais comprido pra o desenrolo das novas ideas sobre educación que o noso.

A partir do galego que falamos desde nenos podemos chegar a descobrir os segreilos de calquera outra lingoa neolatina. Temos un folklore rico; manifestacións artísticas nos mais homildes ofizos; unha economía moi inzel e completa que se ispresa nos mercados e nas feiras. Non hay manifestación esencial da vida que non apareza rexistrada na vida cotián galega con toda craridade. O mar métese agarimoso pol-o leito dos ríos como se quixera leval-os seus dons ao regazo das verdes campiñas do interior ou como se buscase meternos no peito o seu esprito aventureiro e inquedo. Eisi se esprica que en Ourense en Lugo, ou en calquera outra cibdá do interior se vexan os mariscos vivos ainda, mollados coa auga do mar. Nos nosos montes viven os lobos e os osos, o xabalí e a marta. A laranxa, o limón, medran pol-as veiras da ría de Vigo e Pontevedra que é un primor. Os montes chegan â veira do mar co garbo aventureiro das serras que van pra lonxe. O neno ve sementar o liño, ve como o arrincan, como o levan ao río, como o mazan, espadelan, rastrillan, fian e tecen. Ve como a manteiga xurde do leite branco que pule o lombo dos becerros, como as sardiñas saen do mar e son pechadas na lata e saen camiño de Francia e outros paises. Quezais seu pai estivo en Terranova moitas veces pescando bacalao, ou nas costas de Islandia en precura do bonito ou cargando madeiras en calquera porto do fondo do Báltico. Toda a economía do mundo late nas veas galegas por unha ou outra razón. As minas de carbón dos Estados Unidos, os pozos de petróleo de Venezuela, as fibras textiles de México, a carne en conserva das pampas arxentinas, os balnearios de Honolulu, as factorías baleeiras de Alaska, o caucho do Amazonas..., todo treme no sangue dos nosos homes, nas xarcias dos nosos bergantiñs.

Por todo isto e moitas cousas mais que é imposible numerar, pode a escola da aldea mais pequerrecha de Galiza sel-a mais rica do mundo enteiro. De todas istas cousas, rematada a guerra, que emprobeceu Galiza, sobre todo en homes, será hora de falar, e mais que falar, obrar.

## O FEIXISMO EN GALIZA

# RELATO DUN FUXITIVO

Ao sobrevir o levante militar, vivía eu coa miña xente — muller e varios fillos, todos pequenos — nunha cibdade de Castela, e era dono d'unha pequena industria. Militaba no Partido de Esquerda Republicana dende a sua fundación. Aos poucos días da militarada escomencei a ser perseguido. Vendo que todol-os amigos e correlixionarios eran detidos e asesiñados, tomei a iforma de faguer noite fora da casa. Varias vegadas foron en precura miña e non me toparon. A derradeira, unha persoa ben ao tanto do que sucedía cada noite e do perigro que eu corría, veu cedo a me avisar e díxome que os enemigos tiñan decote vixiada a casa e que estaban ao aceso para me botar man cando me visen vir, e darme morte. Eu tiña que dar crêto ao que me dicía aquel amigo, non somente por fe na sua palabra e nos seus informes, senon porque ben vía eu mesmo a sorte que corrían os homes de esquerda e a xenreira con que fun mirado dende o premeiro intre. Así foi que decidín fuxir, xa tan preto do perigro que non tiveu tan siquera tempo de me despedir dos fillos e da muller. (Quince meses estiveron sen saberen de min.) Vindo ao caso: Aquela mesma mañán, sen ir pol-a casa, como digo, e sin tan siquera dar conta do meu acordo â persoa que se curou de min avisándome, e a quen lle debo a vida, conseguín un taxi, e nel fixen un viaxe arreo de seiscentos kilômetros, ate chegar ao Ferrol. Outro camiño d'evasión non vía d'aquela que tornar a Galiza. Pero, ainda alí, xa non me topaba como na miña terra. É moi duro estar como desterrado no propio país.

Estudei o xeito de mellor sortear o receio d'aquela xente que alá manda e asoballa, e funo conseguindo de forma maravillosa, cada día nun povo distinto, non sendo en algunha cibdade e en vilas importantes, nas que demorei deica oito días. N'algures pasaba por viaxante, n'outros sitios por un fabricante catalán surpreendido en viaxe pol-os acontecimientos e, en todas partes, por un ademirador sen tacha do «grorioso movimento». Así chaman aqueles asesiños â sua traición. O movimento era o meu.

UAB Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC



(Deseño de Victor Corral)

Andiven preto d'un ano d'unha banda para outra, ainda que fose con moi pouca groria e tendo que calar diante de mil falcatruadas. Percorrín as catro provinzas galegas e tomei boa nota do que alí pasa.

Máis de sesenta e cinco mil cibdadáns galegos foron asesiñados impuñemente. Boa parte de esa cifra arrepiante, pero certa, era de escolantes e médicos. Nesto demostran aqueles brutos a sua rabia contra o que pensa un pouco pol-a sua conta e ten algún saber. A cultura oféndelles, sobre todo se non-a poden levar eles pol-a corda como si fose unha vaca. En canto a cultura se lles sube aos homes verdadeiramente á cabeza ou lles quenta o sangue fagnéndoos persoas, desegruida o feixista pónse furioso. Non queren homes, e, menos, homes cultos, porque diante d'eles non poden ter autoridade. A autoridade feixista quer ser como esa dos carreiros mal falados que disfrutan mallando ás bestas. Ainda que os seus letrados — uns poucos servos con anteollos que venderon as letras — falan da cultura e din que a defenden, o que fan é esterminala, a grande e a pequena, a dos que teñen por oficio de rumbo servila, e a máis homilde, pero respetabre, dos nosos traballadores. Non fan falla moitas luces para se decatar das suas mentiras e feitos indinos. Eu non son dos máis leidos, pero abonda ter ollos e senso ordinario.

En vilas e cibdades como Redondela, Túy, Cangas de Morrazo, Pontevedra, Vigo, A Cañiza, Lalín e outras da mesma provinza, o esterminio de médicos e mestres, pol-o solo feito de seren liberales, pódese dicir que foi total. En topábame en Vigo cando fusilaron ao doctor Arbones, a Waldo Xil, aos irmans Bilbatúa, un d'eles diputado do Parlamento hespañol, a Seoane, tamén diputado, a Botana — un dos homes máis queridos en Vigo —, Martínez Garrido e outras persoas de mérito. O día que asesiñaron ao noven Fraiz, fillo do mestre do mesmo apelido, aparesceron máis de cen cadáveres espallados en distintos lugares do término de Vigo, vintetrés d'eles ferroviarios.

Topándome outro día do mes de outono do 1936 en Marín, puiden tamén presenciar unha recolleita de cadáveres que encheron dous camións, todos eles da citada vila. A execución fora espantosa. Nenos de catorce anos foron os verdugos. Quizáis querían adestralos no crime, darlles a

pr[illegible]meira leición práctica de feixismo. E pouco afeitos ao manexo das armas, o suplizo dos mártires foi cousa que sobrepuxa as fantasías infernaes. Un falanxista que paraba no mesmo hotel que eu comentaba o feito e dicía que sendo moi acertados os mandos en acordar a morte d'aquela xente, non o estiveran no escoller o procedimento, xa que os rapaces que realizaron as execuciôns case que non rexían co fusil, e houbo víctima que recibeu máis de vinte disparos para poder morrer». N'aquela desventurada vila de Marín pasan de demarentos os asesiñados, e así en todas partes.

Na provinza de Ourens tamén foi brutal a represión. Testigo constante dos crimes é a xente de Rivadavia. Os familiares dos desaparecidos de cada noite xa sabían aonde habían d'ir a buscalos, pois n'esa provinza usábase o procedimento de amarralos e guindalos no río Miño, cujas augas ao se fusionaren en Rivadavia coa corrente d'outro río, fan un remuiño que lanza os cadavres fora. Cincuenta, e máis ainda, cada día, no transcorrer de varios meses, foron recollitos e dóuselles sepultura no Camposanto d'aquela vila.

Como eixempro de perversidade hei de lembrar que en Rivadavia había un falanxista chamado «O Abisinio», que tiña matado máis de mil roxos, como chaman alí aos homes de esquerda. Ese criminal disfrutaba da estima da xente de dereitas, unha estima que non ten nome. Era o ídolo das beatas, dos parvos, dos ricos e dos cregos.

Os frades de Rivadavia exercían a censura en correos, e os cregos das aldeas adicábanse â piedosa obra de baixar ás vilas a delatar aos que non tiñan o neno bautizado ou estaban casados pol-o civil. Os nomes d'esas persoas eran tomados en conta pol-os directivos de Falanxe e, xa se sabía, aquela mesma noite eran asesiñados. Cregos que fan â relixión esas eras de servizos non é raro que estén a punto de poñer no altar a imaxe fachendosa e sinistra do «Abisinio».

Na provinza de Lugo foi onde menos violenza tivo a represión e, nonstante, non baixan de oito mil as persoas sacrificadas.

A Coruña — cidade e provinza —, da frío pensar o que está sofrindo. Durante os días que demorei no Ferrol podo dicir, sen temor a engano, que o promedio de asesiñatos non era alí menor de dous-centos por día. Houbo data, como aquela en que xulgaron ao diputado Rufilanchas, en que os consellos de guerra dictaron máis de cen penas de morte, e hai que contar que somente unha pequena parte dos asesiñados éramo por sentenza oficialmente declarada.

Hai que engadir despóis a fame, a probeza que cunde ata ser unha ameaza para a xente que tiña un bô pasar; o pesadelo constante das delaciôns e das venganzas, todo un cadro de baixeza encarnada que fai maior, coa afrenta, o sufrimento.

Por fin, puiden embarcar para América. E poucas veces — ningunha, non sendo n'estes tempos — puido un galego emigrar con tanta ledicia. Pero a ledicia non durou. Tivo a súa hora no premeiro intre de libertade. Despóis foi pouco a pouco vencida pol-a lembranza dos que quedan alá, pol-o furor da xente ubérase contra a vida e a honra da nosa terra.



# ARTISTAS GALEGOS COA HESPAÑA LEAL

Unha exposición de cadros e estampas de Arturo Souto está aberta en Bruselas. En calquer tempo tería sido ouxeto da mais intelixente e viva atención a obra de Souto n'aquela cidade, non porque denantes d'agora tivera sona alí o seu arte — como non fose nos circos dos artistas e dos críticos —, senon por se tratar d'un público solerte — sexa por natureza ou por educación — que atina decotío a ver a plenitude, a gracia, o mérito, no arte vello ou novo que se lle presenta, sen se fiar somente de carteis ou de sonas elaboradas. Suposto o mesmo fito de maturidade, o mesmo intre do seu vieiro artístico, Souto — dicimos — tería conquerido alí, n'outra sazón, a mesma confianza inmediata, e loubas quizais distintas, mais equivalentes. Pero, sen dúbida, oxe hai que engadir á regalía estética o entusiasmo que os seus cadros despertan como testimoños da nova sensibilidade o de brío civil d'un artista nas presentes circunstanzas. Non é somente a traxedia d'Hespaña o que desacobeixan pra os belgas esas obras de Souto, senon tamén unha san, acesa e flamexante fe nas virtudes inesgotábeles que soergueron ao povo en armas. O lume hímnico d'ises cadros, o limpo arrebato conque algûns d'eles cantan, poden tanto ou mais que os millores discursos. E por isa razón, Souto é oxe sen dúbida — como o está sendo Castelao dende eiquí — un dos mais compridos *embaixadores* con que Hespaña conta.

Que iste artista é galego é cousa ben sabida, mais non quizais pleamente entendida. Certos malfadados tópicos — xuizos d'eses en bruto, como croios, que veñen estorbando o mutuo amor e recoñecimento dos paises hispánicos — presentan a Galiza como o país da queixa, sen distinguir antre a queixa lírica — que é a mais trasparente — e a simpre mimosidade dos que se renden deseguida ao sofrimento. Non. A nosa xente é dura, sofrida, e sabe calar cando así o pide a dinidade. Talvez cala demais, ou topa n'un trasmundo sereo un sosego nostálxico que dinifica e eleva a sua dôr. D'ise mesmo fondo, que non é fatalismo, senon sentimento d'infinitude, saca tamén Galiza a sua forza hímnica — como se mostra en Souto —; o seu rigor tráxico e xustizero, cheo de coraxe, de varonía e d'intelixenza — como se mostra en Castelao —, o seu sentido mitolóxico, no que o mundo revélase a un tempo manso como unha pomba i en ausoluto poderoso com'un ollar de Zeus tranquío — según se vé nas fragas, ceos e viventes fantesías de Colmeiro —; o seu misterio cristaiño, no que concepto e sentimento compenétranse — como no arte de Maside —; e, en fin, a «novidade» primixenia, a un tempo afiada e cuase que enfantil, do seu agreste humor, como s'amostra en fresquísimas cantigas — e nos deseños de Seoane. Adrede non mentamos agora mais que artistas, pra chegar ao remate d'ista pequena glosa — pequena dada a amplitude do asunto — siñalando iste feito : dos cinco artistas nomeados, os catro que por sorte están ceibes traballan oxe c'unha ardenza exemplar, e coa mais indiscutíbele honestidade, a favor da Hespaña leal. No meio de tantas causas de tristura, alédanos comprobar, outra volta mais, que a estética galega é cabaleirosa, e poder tributar aos nosos artistas o mesmo afervoado homaxen que aos nosos combatentes.

**Un pais precapitalista como Galiza non pode acobeixar mais que duas tendenzas : consorcio comercial dos productores prevalecendo o réxime de economía doméstica, ou superación da industria doméstica por varias formas de colaborismo. De outro xeito entrégase en servaxe aos especuladores.**

**A nova cencia experimental e a vella experencia dos labradores hanse de dal-a man pera erguer a prosperidade galega cando sexan barridos os argallantes, e o pobo organice a sua liberdade**

UAB Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC



DESEÑO DE RAMÓN GAYA

# ¡EU TIÑA TRES SOLES!

*(ROMANCE DA NAI DORIDA)*

## 1

*Eu tiña tres fillos,*
*tres soles eu tiña*
*Eran meu orgulo,*
*¡a riqueza miña!*

*Encanto das mozas,*
*dos homes cobiza,*
*mozos tan xariles,*
*outros non habia.*

*Altos coma pinos,*
*ceibos da maliza,*
*dos rexos carballos,*
*a forteza tiñan.*

*Daba xenio velos*
*cand'os tres saian*
*vestidos de festa*
*cara ás romarías.*

*¡E traballadores!*
*Non porqu'eu o diga,*
*mais nunca souberon*
*o qu'era preguiza.*

*Na súa compaña,*
*¡qué garbosa eu ía;*
*Ai, eran tres soles,*
*¡a riqueza miña!*

## 2

*Os ventos trouxeron*
*as novas da vila.*
*Falaban de cousas*
*qu'espanto poñian.*

*Soldados perxuros,*
*con dolo e perfidia,*
*fixéranse donos*
*de bens e de vidas.*

*O pobo, engañado,*
*namentras, morría,*
*os puños erguendo*
*ós reos con ira.*

*O siñor abade*
*predicóu na misa*
*que agora, salvada,*
*Hespaña sería.*

*Ben falóu o crego,*
*¡Unha maravilla!*
*Mais a min quedoume*
*cravada unha espiña.*

*Pra salvarse Hespaña,*
*¿quén s'afogaría?*
*Y eu tiña tres fillos,*
*¡a riqueza miña!*

## 3

*Cal famentos lobos,*
*as hordas faixistas*
*ouveando entraron*
*na aldea tranquila.*

*¡Ai, Sant-Yago Apóstole!*
*¡María santísima!*
*¡O que ven meus ollos!*
*¡Mouros en Galiza!*

*Os homes pr'os montes*
*fuxiron axiña.*
*As mulleres soias*
*ficaron, ¡probiñas!*

*Levaronnos todo:*
*os bois, a vaquiña,*
*o millo, as patacas,*
*o porco, as galiñas...*

*Pero, a pesar d'elo,*
*contábame rica.*
*O maor tesouro*
*quedábame ainda.*

*Chamaron á porta:*
*abrín de seguida.*
*Tres corpos sanguentos*
*¡ai, no chan xacían!*

*¡Perdín os meus soles!*
*¡A riqueza miña!*
*¡Xa non teño nada!*
*¡Pra que quero a vida!*

RAMÓN REY BALTAR

UAB Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

pre decir que o republicanismo dos primeiros tempos — traducido literalmente do francés — tampouco chegou ao cerne da concencia popular, que arelaba tanto ou máis que o dereito dos homes o dereito dos pobos. Pero cando xurdeu a doctrina política do federalismo todol-os hespañoles liberales que moraban nos pobos asoballados simpatizaron ou incorporáronse ao novo ideal republicán. E veu a primeira República, que morreu por non ser federal. Dende entón «monarquía» quer decir «imperialismo», «uniformidade», «centralismo»; «República» quer decir «liberdade», «autonomía», «federación». Non me sería dificultoso demostrar que esta segunda República desaproveitou as esperencias da primeira e que, por non ser federal, estivo a rente de morrer asesiñada pol-os militares.

Aos republicáns hespañoles é preciso convencelos de que — n'unha República unitaria — o lema de «*Liberté, Fraternité, Egalité*» apenas sirve máis que para ser colocado na porta d'un cimeterio.

Disque o noso trunfo siñificará o trunfo da Democracia. Mais eu pergunto: ¿Da democracia anterior ao 18 de xulio ou d'unha nova democracia? Porque antramentras subsista o centralismo asoballador das nacionalidades e somentes se concedan autonomías como derradeiro recurso de conciliación, a democracia hespañola — por moi republicán que se chame — seguirá sendo a tapadeira d'un absolutismo político, cultural i económico, que goberna coas axudas da burocracia e do caciquismo, os dous nemigos do pobo. As autonomías, tal como se conceden, poden trocarse en privilexios, e somentes o federalismo aseguraría un equilibrio práctico antre os diferentes pobos do Estado, para que ningún d'eles pesara con exceso na economía ou na política xeneral.

A fórmula federalista sempre conduce â paz interior dos Estados plurinacionales e abre anchas esperanzas ao ideal pacifista do mundo. Velahí están dúas grandes Federacións que o atestigan: Os Estados Unidos e a Unión Soviética. En ambos Estados — un capitalista e outro comunista — chegouse â solidaridade fraternal dos pobos porque a liberdade suprimeu todo motivo de conflicto. O mesmo Stalin afirma que ainda dentro d'un rexime capitalista pode chegarse a unha paz relativa cando se democratiza o país e dase âs nacións a posibilidade de vivir libremente, como na Suiza e Norteamérica.

Hespaña é un país multiforme que non pode rexirse c'un criterio uniformista, porque na loita de intreses locales a Lei única siñifica un privilexio para os máis fortes ou os máis astutos, e pol-o tanto produz a ruiña das rexións pequenas ou mal apadriñadas.

O federalismo que nós defendemos non se afinca n'ese tan sobado principio da división do traballo, é decir, na descentralización administrativa, para *descongestionar a cabeza*. O noso federalismo tampouco pretende dividir o territorio hespañol en doce, catorce ou dezaseis rexións autónomas, porque a estas outuras faise necesario superar a federación rexionalista de Pi y Margall por unha concepción verdadeira das nacionalidades, como se fai necesaria a federación internacional para salvar a economía e a paz do mundo.

Sen emitir comentarios ao rexime social da Unión Soviética creemos que no orde puramente político cabe en Hespaña unha organización semellante â da U. R. S. S. Creemos que a vontade popular plebiscitada non lle dá a unha rexión a categoría de nacionalidade. As nacións non se crean somentes pol-a vontade dos homes, e por moito que abramos os ollos non vemos en Hespaña máis que catro nacionalidades. Nós concebimos a Hespaña como un solo Estado constituído pol-o libre consentimento de catro pobos: Castela, Catalunya, Euzkadi e Galiza. E dispois todal-as autonomías que poidan concederse dentro de cada nación.

Esta sería — ao noso ver — a única maneira de reconstruir racionalmente a Hespaña dos grandes feitos.»



D I B V X O D E C O L M E I R O

UAB
Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General
CEDOC

Rodrigo Santos Otero, e o seu fillo; o procurador Salvador Blanco, e o fillo chamado Chete; o segredario do xusgado de primeira instancia Augusto Abella, e o seu cuñado Pepe Trillo, xefe éste dos falanxistas do Partido; o alcalde de Corcubión, Francisco Trillo (a) «Cámpio»; os fillos do médico Cándido Ramón, chamados Paco e Antonio, e os fillos de Figueroa. En Cée, o director da fábrica de Carburos de Brens, Eduardo Garrone (que é italiano); o banqueiro Perfecto Castro (a) «Cã de outro»; o abogado Paco Leis, e os fillos d'estes dous. Tamen lle botan moita culpa aos médicos Alexandro Sendón e Cándido Ramón, que din que foron os que prestaron declaración con Paco Leis, Augusto Abella e Salvador Blanco, e sobre todo ao teniente Santos, no proceso contra o diputado Miñones. Algúns destes e os outros que che nomeo, de Cée, son os que levan a culpa de teren contribuido â morte dos obreiros da fábrica, e d'outras persoas mais, así como das tundas e demais barbaridades que uns e outros fan e autorizan.

A fábrica de Brens, traballa día e noite, mais que nunca, en facer carburo e manganeso; e todo o que se fai lévano barcos alemáns e italianos.

Por eiquí din que o vapor Alberto, da mesma fábrica, fondeado no porto, está sempre preparado para en caso de un levantamento, ou si viran as cousas mal paradas, fuxir con toda aquela xente, incluso cos dirixentes da Coruña e Santiago.

Tamen che direi, que teñen chamados os quintos que lles correspondía entrar os anos 38 e 39, e xa se fala de que axiña avisarán pra os do 40.

Estamos pasando un fero inverno. Alimentos ainda hai, e non van caros, pero faltan cartos pra mercalos, pois non se ve diñeiro por parte algunha. O que falla, ou escasea moito, e véndese a prezos que ninguen pode alcalzar, son as roupas, fíos, teas, calcetíns e medias, calzado, agullas, e toda cras de ferretería e maquinaria, o que non se dá no país.

En fin, meu hirman, avisa por ahí, de certa maneira, aos coñecidos, que non veñan a Galica polo d'agora, mentras vecimos ca alma nun paño, pois non temos ningunha garantía, con tantas salvaxadas e crimenes.



DESEÑO d'ARTURO SOUTO

UAB
Biblioteca de Comunicació
i Hemeroteca General
CEDOC

## Un conto de Rafael Dieste:

# O NENO SUICIDA

Cando o taberneiro rematou de ler aquela notiza inquedante — un neno suicidárase pegándose un tiro na témpora dereita — falou o vagamundo descoñecido que acababa de xantar moi probemente nun curruncho da tasca mariñeira e dixo:

— Eu sei a hestoria d'ise neno.

Pronuncióu a palabra neno dun xeito moi particular. Así foi que, os catro bebedores de augardente, os cinco de albariño e o taberneiro calaron e escoitaron con xesto de aglayo inquiridor e atento.

— Eu sei a hestoria d'ise neno — repiteu o vagamundo. E, trás d'unha solerte e ben medida pausa, escomenzou:

— Alá pol-o mil oitocentos trinta, unha beata que despois morreu de medo veu sair do camposanto frolido e recendente da sua aldea ün vello moi vello en coiro. Aquel vello era un recén nado. Denantes de sair do ventre da terra nai escollera él ise xeito de nacencia. — ¡Canto millor ir de vello para mozo que de mozo para vello — pensou sendo espírito puro. Ao Noso Señor chocoulle a ideia. ¿Porqué non faguel-a proba? Así foi que, co seu consentimento, formouse no seo da terra un esqueleto. E despois, con carne de verme, fixose a carne do home. E na carne do home aformigou o calociño do sangue. E como todo estaba listo, a terra-nai pareu. Pareu ün vello en coiro.

De cómo despois o vello topou roupa e mantenza é cousa de moita risa. Chegou ás portas da cidade e como ainda non sabía falar, os ministros, despois de lle botar unha capa enriba, levárono a diante do xuez, dicindo como si houberan sido testigos: «Aquí lle traguemos a iste probe vello que perdeu a fala co-a tunda que lle deron uns ladróns mal entrañados. Nin roupa lle deixaron».

O xuez dou ordes e o vello foi levado ön hospital. Cando saeu, xa ben vestido e mantido, dicianlle as monxiñas: «Vai feito un bo mozo. Ate parés que perdeu anos».

D'aquela xa adeprendera a falar algo e fixose esmoleiro. Así andivo moitas terras. Alá en Lourdes estivo duas veces, da segunda tan remozado que, os que o coñeceran da primeira, coidaron que fora miragre da Virxe.

Cando adequireu esperenza d'abondo pensou que o millor era manter segreda aquela estrana condición que o facía mais mozo cantos mais anos pasaran. Así, nen-o sabendo ninguén — non sendo un ou dous amigos fideles — podería vivir millor a sua verdadeira vida.

Traballou de vello e fixose rico para folgar de mozo. Dos cincoenta aos quince anos a sua vida foi a mais feliz que se pode maxinar. Cada día gustaba mais ás mozas e andivo enliado con moitas e co-as mais bunitas. Ate disque unha princesa... Pero d'iso non estou certo.

Cando chegou a neno escomenzou a vida a se lle ensarillar. Dáballe medo a surpresa con que o vian entrar tan ceibe nas tendas a mercar lambetadas e xoguetes. Algún rateiro de bisera calada teno seguido ao longo de moitas ruas tortas. E algunha vez ten comido as suas lambetadas a tremer de anguria, co-as bagoas nos ollos i-o almibre nos beizos. A derradeira vez que o topei — tiña él oito anos — estaba moi triste. ¡Pesaban, endemais, tanto no seu esprito de neno os recordos da sua vellice!

Logo escomenzou a lle escarabellar día e noite unha obsesión tremenda. Cando pasaran algúns anos recolleríano en calquera calexa estraviada. Quizáis algunha señora rica e sen fillos. Despois... ¡Quén sabe o que pasaría despois! A lactancia, os paseios n'un carriño, c'unha sonalla de axouxeres na manciña tenra. E ó remate... ¡Ouh! O remate daba espanto. Comprir o seu sino de home que vive ao revés e refuxiarse no ventre da señora rica — poida que cando ela durmise — para ir alí devecendo ate se trocar primeiro n'unha sambesuga e despois en arumia e logo en pequenísima semente...

O vagamundo ergueuse moi pensativo, co-as mans nos petos, e deu algúns paseiños todo amargurado. Ao cabo dixo:

— Esprícome, sí, esprícome que se houbera pegado un tiro na sen o probe rapaz.

Os catro bebedores de augardente, crerían. Os cinco de albariño, surrían e dubidaban. O taberneiro negaba. Cando todos desertían mais enfervoadamente, o taberneiro ergueuse de súpito nas puntas dos pes e púxose a mirar todo ao redor cos olos moi abertos. O vagamundo desaparecera sen pagar.



Biblioteca de Comunicació
i Hemeroteca General
CEDOC



(Deseño de Ramón GAYA)

# Alborada de dor

A mañán estaba fría,
fría com'unha navalla
que se metera no corpo
buscando o cerne da i-alma.
Roxo mostrábase'o ceo,
roxa a terra se mostraba,
regos, regatos e fontes
levaban roxas as augas.
Alaios veñen das serras,
dos outeiros e das brañas,
e dos carballos e pinos
cal un orballo de bágoas.
Están os vilgaros mudos,
os reiseñores non cantan,
só se sinten os corvos
que arrevoan en bandadas.
A campana toca, toca,
chamando á misa da i-alba.
Alá van as mulleriñas,
todas elas enloitadas.
Semellan ombras que xurden
da terra, da mesma entraña,
e camiñan pol-os aires
coma meigas ou pantasmas.
Con outras ombras atopan
que a morte levan na cara.
o escapulario no peito
e na cintura unha espada.
Son os que, en nome de Cristo,
asoliñan a mansalva;
son os verdugos da noite,
que fuxen á madrugada.
E cal morcegos cebados
co óleo das lámparas sagras,
van a esconderse nas covas,
fartos de sangue cristiana.
Ciscados nas corredeiras,
coma si foran borralla,
xacen os corpos sangoentos
que frorceron en chagas.
Teñen pechadol-os puños
qu'en vida ergueron con rabia,
i-os ollos fixos no ceo,
sempre abertos á esperanza.
¡Corpos benditos dos mártires
groriosos da nosa raza!
¡Verdadeiros corpos santos
do altar da nosa lembranza!
O sol, namentras, asoma
a súa niña dourada,
mais non tarda en recadarse
detrás d'unhas nubes baixas.
Todo s'escurece ó intre,
fanosos tronos estalan,
os relampos alumean...
¡Santa Bárbara nos valla!
Caen axiña unhas pingueiras,
o vento sul todo arrasa,
unha noite sin estrelas
ven cando o día pintaba...
Dend'entón Galiza sofre,
arrich'os dentes e cala,
e, anque triste, con orgulo
ergue do martirio a palma!

RAMON REY BALTAR

**LEALTADE GALEGA**

**Non se esquenza isto:**

**MOITOS MILES DE GALEGOS LOITAN NO FRENTE DA LEALTADE.**

**E UN GRAN CONTINXENTE DE LOITADORES VEN A COTÍO DA NOSA TERRA DESAFIANDO A VIXILANCIA FEIXISTA.**

UAB Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General GEDOC

**Galiza non sufre en van...**

**Cando lle chegue o intre de se erguer, será o pobo mais erguelto e mais difícil de asoballar de novo.**

**A través da morte e do desespero unha irmandá de ferro estase forxando. ¡Contra a barbarie! ¡Contra a mentira! ¡Contra os parásitos con insinias que tanto levaban vivido a conta d'ela e son agora os que vilmente a desangran!**



UAB Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General CEDOC

# A VOUNTADE GALEGA

## (PASAXES DUN LIBRO INÉDITO)

## Por CASTELAO

Pode perguntárense se a vountade de Galiza, manifestada o 28 de xunio do 1936, foi unha improvisación favorecida pol-a surpresa. Nós responderíamos co relato verídico de varios feitos.

Nas vésperas de proclamarse a República os galeguistas elaboramos un anteproieto de Estatuto. Este documento foi publicado pol-o **Seminario de Estudos Galegos** e saíu á la luz o dia 6 de maio do 1931. O primeiro artigo decia así: «A Galiza é un Estado libre dentro da República Federal Española.» Estábamos tan embebidos de esencias democráticas que para nós o pobo galego non somentes debía exercer a súa soberanía pol-as eleccións, senon tamén pol-o **recall**, o **referéndum** e a **iniciativa**. Ao mesmo tempo publicamos un traballo de Bóveda, complementario do anteproieto de Estatuto, no que s-estudaba, con cifras oficiales, o aspecto económico-fiscal da proposta galeguista, para demostrar que nin comprometía os intreses galegos nin prexudicaba os intreses dos demáis pobos da Hespaña.

O dia 23 de maio do 1931 celebrouse na Coruña unha gran Asambléa popular, convocada pol-a «Federación Republicana Galega», para discutir as bases d'un Estatuto que concretase as aspiracións políticas de Galiza, como «Estado autónomo dentro da República Federal». Os delegados que concurrimos a esta xuntanza enchíamos o melhor teatro da cibdade, e dispois de



discutirmos a ponencia de ORGA—artigo por artigo—ficou aprobado un documento que excedía en aspiracións autonomistas ao que dispois se concedeu na Constitución da República. Abondará decir que no art. 21 reclamábamos o dereito a establecer Consulados propios nos paises de América, onde o contingente de emigrados galegos fose numeroso.

Antrementras, e con data 30 do mesmo mes, publicouse unha «Aportación ao estudo do futuro Estatuto rexional» dirixida ao Pais galego e siñada por letrados de recoñecida competencia. Este documento parecía redactado por notarios ulocentistas que coñecesen a fondo os desastres que a Lei única produce na economía labrega de Galiza. Tratábase d-un traballo interesante confecionado por abogados incapaces de rifar coas supersticións xurídicas do Estado; pero que ao mesmo tempo arelaban para o seu país un réxime francamente autonomista.

Compre decir que se multiplicaron as iniciativas particulares e que os orgaismos de caráiter cultural i económico sofriron a preocupación de estabelecer bases e artigular preceptos para organizar o vivir autónomo de Galiza dentro da unidade do Estado republicán. Esta preocupación invadeu a todol-os sectores de opinión galega, incruso ás minorías dereitistas—xusto é decilo—que por medo á República pedían un contacirenitas en Quereño... Os partidos republicáns—vencedores nas eleccións que derrumbaron a monarquía—sentíanse federales e os seus anceios de liberdade ocupaban unha posición máisimalista, parella coa dos nacionalistas galegos.

En canto foron aprobados os artigos 11 e 12 da Constitución tivemos que pensar en novos proiectos. Entón os parlamentarios que representábamos a Galiza nas Constituintes redactamos unhas bases de Estatuto galego en concordancia cos preceptos constitucionales. Este documento foi levado á Cruña por unha Comisión de diputados e alí morreu con toda solenidade nas maus do presidente da Diputación.

Dispois d-este acto produxose un colapso nas actividades republicáns de Galiza, por causas e axentes que nós coñecemos ben; pero a vountade galeguista seguiu acesa pol-a fe d-un home extraordinario: Alexandre Bóveda.

UAB
Biblioteca de Comunicació
i Hemeroteca General
CEDOC

UAB
Biblioteca de Comunicació
i Hemeroteca General
CEDOC

## CONTIDO XERAL

**Nº 1 (5 de abril de 1937)**

Unha mais
Galiza baixo o feixismo
Novas da nosa terra
Verbas de don Bernardino Machado
Aos patriotas irlandeses
En la diada de a morte de Alexandro Boveda
Resumen quincenal
El facismo expoliación organizada

**Nº 2 (20 abril de 1937)**

"Galiza Martir"
As tres plagas
Democracia galega
Carta a Oliveira Salazar dictador· de Portugal
¡Loito na nosa Terra!
Informes da secretaria gallega en Cataluña
Del campo faccioso

**Nº 3 (5 de maio de 1937)**

A traición antigalega
As tres fontes
A renacencia política galega
"Civiles" e falanxistas
O crime peta nas portas
A fe non mañan
Informe da secretaría Gallega en Cataluña
Los pasos del fascismo
Los militares leales en Galicia
¡Loito na nosa Terra!

**Nº 4 (20 de maio de 1937)**

¡A todos vós, irmáns emigrados!
Romance de loita
A traxeida de Galiza
¡Loito na nosa Terra!
Espello de dictadores
Informes de la secretaría gallega en Cataluña
Un estado-policía y un país humillado: ¡Portugal!
Algo acerca de los fariseos

**Nº 5 (15 de xuño de 1937)**

Ao paso do tempo
Unha morte lanzal
Carteis
¡Adiante!
Fascismo y cultura nacional
Para axudar á renancenza de Galiza
El bárbaro martirio de Guernica
Voces leales
¡Loito na nosa Terra!
Líster (poema)

**Nº 6 (1 de xulio de 1937)**

A paz...e o dereito
No primeiro aniversario do Plevíscito do Estaturo de Galiza
Os novos símbolos da nova Galiza
Estampa de Coruña baixo o terror feixista
¡Que ningen o sepa!... (conto portugués)
¡Loito na nosa Terra!
...del Batallón gallego
Saludo de Galicia
La ayuda de la República española

**Nº 7 (15 de xulio de 1937)**

Os que padecen e os que mandan
Hespaña e Portugal
O mensaxe de Cataluña
En nome de Galiza
Panorama feixista
"Galicia Martir"
Jacinto Santiago

UAB
Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General
CEDOC

## Nº 8 (1 de agosto de 1937)

Ao cabo dun ano
Lembranza
Do que sinte oxe Galiza
Grupo de socilistas galegos
¡Loito na nosa Terra!
Sobre os demócratas
La justa voz de Azaña
La población de Guipúzcoa bajo la grosería facciosa
La gesta de Ribadeo

## Nº 9 (1 de setembro de 1937)

Ao paso do tempo
...os tempos son chegados
¡loito na nosa Terra!
Estampas de monifates
Testimónios
La inquidad facciosa vista por ojos inocentes
Archivo siniestro
Italia
La "Retaguardia" de los países invasores

## Nº 10 (20 de setembro de 1937)

Política do trasno
A traición doutorada
A doble morte
U imperio dos finchados
Desde veiramar
La odisea de un cubano en Galicia
La alevosa complicidad de Portugal con los facciosos
El hombre de España
Artistas gallegos
El moro leal

## Nº 11 (10 de outono de 1937)

O que non se mete en nada
¡As estradas galegas!
Individualismo galego
A nova emigración
Us supervivientes
Exemplos e refrans
Us outros
En tierras Urense
¡Loito na nosa Terra!

## Nº 12 (15 de novembro de 1937)

Pregón
Proposito
¿Que sería Galiza baixo o rexime feixista?
Romance de loita
Glosas de Castelao
Manifesto en tres tempos
As posibilidades do noso Estatuto despois da guerra

## Nº 13 (30 de novembro de 1937)

A libertá hespañola e a autonomía de Galiza
A enteireza da Terra é de cada ún
Rio Miño
Semblanza de Galiza
Documentos (sobre a caida da Coruña)
O que non se esquence
Mariñeiro fusilado
Madrid
Galiza en Asturias
Manifesto de "solidaridade galega"

## Nº 14 (8 de xaneiro de 1938)

Nova Galiza e nova Hespaña
Sacrilegio
Aos indiferentes
A nosa escola
Relato dun fixitivo
La camarilla
Hóspedes de Hotel

UAB
Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General
CEDOC

**Nº 15 (1 de febreiro de 1938)**

Artistas galegos ca Hespaña leal
A fala i o nome
Valle Inclán profanado
Segundo album de Castelao
Enrique Líster
¡Eu tiña tres soles!
Cartas de lá
Aspectos ignorados

**Nº 16 (marzal de 1938)**

"O problema galego"
Teño unha corda muda
Colmeiro
O home da boca cerrada
¡Oxe non eres de antes!
Estampas del Santiago moro
Uno de miles
Republicanismo histórico
O neno suicida

**Nº 17 (maio de 1938)**

Alborada de dor
Cataluña ayer y hoy
Vuestro deber
"La Gloriosa"

**Nº 18 (xuño-xulio de 1938)**

Unas palabras fraternales
Galicia una semblanza histórica
Nouturnio de lembranza
A vonta de Galega
Ultimo poema

(1) Castelao, "Sempre en Galiza"; pxna, 150. Cuarta Edizón de Ediciós Galiza, do Centro Galego de Buenos Aires.

(2) Ricardo Carballo Calero. "Historia da literatura galega contemporanea"; pxnas 710-715. Editorial Galaxia.

(3) "Sempre en Galiza"; pxna 69.

(4) "Sempre en Galiza"; pxna, 195.

(5) "Sempre en Galiza"; pxna, 133.

(6) Ricardo Palmás. "Castelao: prosa do exilio"; pxna, 9. Edicións do Patronato da Cultura Galega, Montevideo.

(7) "Sempre en Galiza"; pxnas, 147-148.

(8) Xosé Lois García. "Castelao i Catalunya (5). El pas del líder gallec per Barcelona"; artigos pubricados no zornal catalán Avui, do 12 ó 17 de autono de 1976.

UAB
Biblioteca de Comunicació i Hemeroteca General
CEDOC

UAB
Biblioteca de Comunicació
i Hemeroteca General
CEDOC

LIMIAR . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . PAG. 2
UNHA MAIS . . . . . . . . . . . . . . . . 5
GALIZA BAIXO O FEIXISMO . . . . . . . . . 5
AOS PATRIOTAS IRLANDESES . . . . . . . . . 6
A MORTE DE ALEXANDRO BOVEDA . . . . . . . . 9
DEMOCRACIA GALEGA . . . . . . . . . . . . . 10
CARTA A OLIVEIRA SALAZAR, DICTADOR DE PORTU
GAL . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . 13
"CIVILES" E FALANXISTAS . . . . . . . . . 14
O CRIME PETA NAS PORTAS . . . . . . . . . 15
A FE NO MAÑAN . . . . . . . . . . . . . . 16
¡ A TODOS VOS, IRMANS EMIGRADOS ! . . . . . 17
ROMANCE DE LOITA . . . . . . . . . . . . 18
A TRAXEDIA DE GALIZA . . . . . . . . . . 18
AO PASO DO TEMPO . . . . . . . . . . . . 19
UNHA MORTE LANZAL . . . . . . . . . . . . 20
¡ ADIANTE ! . . . . . . . . . . . . . . . 20
A PAZ ... EO DEREITO . . . . . . . . . . 21
PARA AXUDAR A RENACENZA DE GALIZA . . . . . . 23
NO PRIMEIRO ANIVERSARIO DO PLEBISCITO DO ES
TATUTO DE GALIZA . . . . . . . . . . . . . 23
OS NOVOS SIMBOLOS DA NOVA GALIZA . . . . . 25
ESTAMPA DA CORUÑA BAIXO O TERROR FEIXISTA . 26
OS QUE PADECEN EOS QUE MANDAN . . . . . . . 27
O MENSAXE DE CATALUÑA . . . . . . . . . . 28
PANORAMA FEIXISTA . . . . . . . . . . . . 30
AO CABO D'UN AÑO . . . . . . . . . . . . 32
LEMBRANZA . . . . . . . . . . . . . . . . 32
DO QUE SINTE OXE GALIZA . . . . . . . . . 33
SOBRE OS DEMOCRATAS . . . . . . . . . . . 34
ESTAMPAS E MONIFATES . . . . . . . . . . . 35
A TRAICION DOUTORADA . . . . . . . . . . . 37
O IMPERIO DOS FINCHADOS . . . . . . . . . 38
DESDE A VEIRAMAR . . . . . . . . . . . . . 38
¡ AS ESTRADAS GALEGAS ! . . . . . . . . . . 40
INDIVIDUALISMO GALEGO . . . . . . . . . . 41
A NOVA EMIGRACION . . . . . . . . . . . . 43
O QUE NON SE METE EN NADA . . . . . . . . 45
OS OUTROS . . . . . . . . . . . . . . . . 47
? QUE SERIA GALIZA BAIXO O REXIME FEIXISTA ? 48
AS POSIBILIDADES DO NOSO ESTATUTO DESPOIS DA
GUERRA . . . . . . . . . . . . . . . . . . 48
A LIBERTADE HESPAÑOLA E AUTONOMIA DE GALIZA 49
A ENTEREIREZA DA TERRA E DE CADA UN . . . . 50
DOCUMENTOS . . . . . . . . . . . . . . . . 50
MARIÑEIRO FUSILADO . . . . . . . . . . . . 52
GALIZA EN ASTURIAS . . . . . . . . . . . . 52
NOVA GALIZA E NOVA HESPAÑA . . . . . . . . 53
AOS INDIFERENTES . . . . . . . . . . . . . 54
A NOSA ESCOLA . . . . . . . . . . . . . . 54
RELATO DUN FUXITIVO . . . . . . . . . . . 55
HOSPEDES D'HOTEL . . . . . . . . . . . . . 58
ARTISTAS GALEGOS COA HESPAÑA LEAL . . . . . 59
A FALA I-O HOME . . . . . . . . . . . . . 60
¡ EU TIÑA TRES SOLES ! . . . . . . . . . . 61
CARTAS D'ALA . . . . . . . . . . . . . . . 62
"O PROBLEMA GALEGO" . . . . . . . . . . . . 63
O NENO SUICIDA . . . . . . . . . . . . . . 66
ALBORADA DE DOR . . . . . . . . . . . . . 67
A VONTADE GALEGA . . . . . . . . . . . . . 69
CONTIDO XERAL . . . . . . . . . . . . . . 72

UAB
Biblioteca de Comunicació
i Hemeroteca General
CEDOC

UAB
Biblioteca de Comunicació
i Hemeroteca General
CEDOC

UAB
Biblioteca de Comunicació
i Hemeroteca General
CEDOC

UAB
Biblioteca de Comunicació
i Hemeroteca General
CEDOC